

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



**FACULTADE DE QUÍMICA**

**Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía**

**SISTEMAS AUTOMÁTICOS DE FLUXO CONTINUO PARA A  
EXTRACCIÓN, PRECONCENTRACIÓN E DETECCIÓN DE METAIS  
TRAZA EN MOSTRAS SÓLIDAS POR ESPECTROMETRÍA DE  
ABSORCIÓN ATÓMICA CON CHAMA**

**SHEILA CANCELA PÉREZ**

**Memoria para optar ó grao de Doutora en Química**

**Santiago de Compostela, Xaneiro de 2007.**







**Alberto Cepeda Sáez, Catedrático de Universidade e Director do Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Santiago de Compostela**

**INFORMA:**

Que a Licenciada Dna. **Sheila Cancela Pérez** realizou neste Departamento, baixo a dirección da Dra. M<sup>a</sup> del Carmen Yebra Biurrun, Profesora Titular de Universidade, o traballo titulado: “**Sistemas automáticos de fluxo continuo para a extracción, preconcentración e detección de metais traza en mostras sólidas por espectrometría de absorción atómica con chama**”, que presenta para optar ó grao de Doutora en Química.

E para que así conste, asino o presente informe en Santiago de Compostela, Xaneiro de 2007.

Alberto Cepeda Sáez



**M<sup>a</sup> del Carmen Yebra Biurrun, Profesora Titular de Universidade do Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Santiago de Compostela**

**AUTORIZA:**

Á licenciada Dna. Sheila Cancela Pérez, a presentación da memoria do traballo titulado: **“Sistemas automáticos de fluxo continuo para a extracción, preconcentración e detección de metais traza en mostras sólidas por espectrometría de absorción atómica con chama”** que realizou baixo a súa dirección no Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Facultade de Química, para optar ó grao de Doutora en Química.

E para que así conste, asino o presente informe en Santiago de Compostela, Xaneiro de 2007.

A Directora

M<sup>a</sup> del Carmen Yebra Biurrun

A Doutoranda

Sheila Cancela Pérez



Quero dar as grazias:

- Á miña directora de Tese, a Dra. M<sup>a</sup> del Carmen Yebra Biurrun, por darme a oportunidade de realizar este traballo de investigación, por todo o que me ensinou durante estes anos e por axudarme nos bos e nos malos momentos.
- A Amada Moreno-Cid, por ser, ademais da miña mestra nos primeiros anos de laboratorio, unha boa amiga.
- A Beatriz Crujeiras, pola súa axuda e compañía.
- A Darío L. Guzmán e a Natalia, a miña segunda familia.
- A Charo e a Monchito, porque son parte da miña vida.
- A Iván, por guiarme nos meus comezos universitarios e por toda unha vida exercendo de irmán maior.
- A Ruth e a Miguel, por abrireme as portas da súa casa e facerme sentir coma na miña propia durante tantos anos. Por todos os bos momentos que compartimos. A Olalla, a miña favorita. Por facerme sempre compañía. Grazias ós tres; sodes magníficos.
- A Darío. Pola túa inagotable paciencia conmigo e por acompañarme durante todo este tempo. Porque estes dez anos contigo foron os mellores da miña vida e por todo o que aínda nos queda por vivir.
- E moi especialmente, a meus pais. Grazias por darme, ademais do voso constante apoio e amor, todo o necesario para que puidera facer o meu camiño. Sen vós non podería estar hoxe aquí.



*Á miña familia.*



# **ÍNDICE**



# ÍNDICE

## INTRODUCCIÓN

<b>1. OS METAIS .....</b>	<b>3</b>
1.1 Os metais no medio ambiente e nos alimentos .....	3
1.2 O papel dos metais nos humanos .....	4
1.3 Función e toxicidade do cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel para o home .....	8
1.3.1 Cadmio .....	8
1.3.2 Chumbo .....	10
1.3.3 Cobalto .....	12
1.3.4 Cromo .....	13
1.3.4 Níquel .....	15
<b>2. PROCEDEMENTOS DE PRECONCENTRACIÓN .....</b>	<b>17</b>
Utilización de reactivos quelantes ou de cambio iónico .....	18
<b>3. MÉTODOS DE PREPARACIÓN DE MOSTRAS SÓLIDAS .....</b>	<b>23</b>
3.1 Tratamento da mostra sólida empregando queamento convencional: dixestión húmida .....	25
3.2 Calcinação .....	26
3.2.1 Combustión nun forno a elevadas temperaturas.....	27
3.2.2 Combustión en presenza de osíxeno .....	28
3.2.3 Combustión con osíxeno activado por un campo de frecuencia magnética de alta frecuencia: plasma frio .....	29
3.3 Tratamento da mostra sólida empregando a enerxía de microondas .....	30

3.4	Tratamento da mostra sólida empregando a enerxía de ultrasóns .....	33
3.5	Tratamento da mostra sólida sen utilizar enerxía .....	36
3.5.1	Extracción con fluidos supercríticos .....	36
<b>4.</b>	<b>DETERMINACIÓN DE METAIS .....</b>	<b>39</b>
<b>5.</b>	<b>INTRODUCCIÓN DIRECTA DA MOSTRA SÓLIDA NAS TÉCNICAS DE ABSORCIÓN ATÓMICA .....</b>	<b>42</b>
<b>6.</b>	<b>ANÁLISE POR INYECCIÓN EN FLUXO .....</b>	<b>44</b>
6.1	Compoñentes dun sistema FIA .....	45
6.2	Técnicas de separación e preconcentración en continuo ...	48
6.2.1	Técnicas de separación e preconcentración en continuo empregando resinas quelantes .....	50
6.2.2	Consideracións prácticas no deseño e operación dos sistemas FIA de preconcentración en columna ...	51
6.2.2.1	Tipos de columnas .....	51
6.2.2.2	Carga da columna .....	51
6.2.2.3	Elución .....	51
6.2.2.4	Materiais de empacquetamento .....	52
6.3	Métodos continuos de preparación de mostras sólidas .....	55
6.3.1	Tratamento da mostra en continuo empregando a enerxía de ultrasóns .....	55
6.4	Acoplamento FIA-AAS .....	60
<b>7.</b>	<b>TÉCNICAS DE OPTIMIZACIÓN DO PROCESO ANALÍTICO: DISEÑOS EXPERIMENTAIS .....</b>	<b>62</b>

7.1	Introducción .....	62
7.2	Métodos de optimización .....	62
7.3	Diseño factorial .....	63
7.3.1	Diseños factoriais de Screening, Diseños de Plackett-Burman .....	64

## **XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS**

<b>XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS .....</b>	<b>69</b>
---	-----------

## **PARTE EXPERIMENTAL**

<b>1. DESCRIPCIÓN DOS SISTEMAS DE FLUXO CONTINUO PARA OS PROCESOS DE PRECONCENTRACIÓN E EXTRACCIÓN DOS METAIS DAS MOSTRAS SÓLIDAS ASISTIDOS POR ENERXÍA DE ULTRASÓNS ....</b>	<b>75</b>
1.1 Instrumentación e reactivos .....	78
1.2 Preparación das mostrás .....	81
1.3 Procedemento .....	81
<b>2. OPTIMIZACIÓN DOS PARÁMETROS QUE AFECTAN Á PRECONCENTRACIÓN DOS METAIS NO SISTEMA FIA .....</b>	<b>87</b>
2.1 Preconcentración do cadmio .....	91
2.1.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	94
2.1.2 Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	96
2.2 Preconcentración do chumbo .....	109
2.2.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	113
2.2.2 Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	114
2.3 Preconcentración do cobalto .....	121
2.3.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	125

2.3.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	126
2.4	Preconcentración do cromo .....	134
2.4.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	138
2.4.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	139
2.5	Preconcentración do níquel .....	147
2.5.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	151
2.5.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	152
2.6	Obtención do pH óptimo en liña .....	160
<b>3.</b>	<b>OPTIMIZACIÓN DOS PARÁMETROS QUE AFECTAN Á EXTRACCIÓN</b>	
	<b>DOS METAIS DAS MOSTRAS SÓLIDAS NOS SISTEMAS FIA .....</b>	<b>162</b>
3.1	Extracción do cadmio .....	167
3.1.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	173
3.1.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	176
3.1.3	Estudio da cantidade de mostra .....	198
3.1.4	Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra .....	198
3.2	Extracción do chumbo .....	200
3.2.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	206
3.2.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	209
3.2.3	Estudio da cantidade de mostra .....	227
3.2.4	Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra .....	228
3.3	Extracción do cobalto .....	230
3.3.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	236
3.3.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	239

---

3.3.3	Estudio da cantidade de mostra .....	255
3.3.4	Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra .....	255
3.4	Extracción do cromo .....	256
3.4.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	263
3.4.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	266
3.4.3	Estudio da cantidade de mostra .....	282
3.4.4	Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra .....	282
3.5	Extracción do níquel .....	284
3.5.1	Análise dos resultados obtidos co deseño factorial ....	290
3.5.2	Experimentos realizados fóra do marco do deseño ....	293
3.5.3	Estudio da cantidade de mostra .....	310
3.5.4	Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra .....	311
<b>4.</b>	<b>OPTIMIZACIÓN DOUTROS PARÁMETROS DO SISTEMA FIA .....</b>	<b>313</b>
4.1	Lonxitude dos reactores de mestura .....	313
4.2	Caudal de aspiración do nebulizador do espectrofotómetro de absorción atómica .....	314
<b>5.</b>	<b>CARACTERÍSTICAS ANALÍTICAS DAS METODOLOXÍAS PROPOSTAS PARA A DETERMINACIÓN DOS METAIS DAS MOSTRAS SÓLIDAS DE NATUREZA ALIMENTICIA .....</b>	<b>315</b>
5.1	Cadmio .....	315
5.1.1	Curvas de calibrado .....	315

5.1.2	Características analíticas das resinas de preconcentración .....	316
5.1.3	Características analíticas das metodoloxías propostas .....	317
5.1.4	Precisión .....	319
5.1.5	Exactitude .....	321
5.1.5.1	Recuperación das metodoloxías propostas .....	321
5.1.5.2	Análise de materiais de referencia .....	324
5.1.6	Frecuencia de mostraxe .....	326
5.2	Chumbo .....	327
5.2.1	Curvas de calibrado .....	327
5.2.2	Características analíticas das resinas de preconcentración .....	328
5.2.3	Características analíticas das metodoloxías propostas .....	328
5.2.4	Precisión .....	329
5.2.5	Exactitude .....	330
5.2.5.1	Recuperación das metodoloxías propostas .....	330
5.2.5.2	Análise de materiais de referencia .....	334
5.2.6	Frecuencia de mostraxe .....	335
5.3	Cobalto .....	336
5.3.1	Curvas de calibrado .....	336
5.3.2	Características analíticas das resinas de preconcentración .....	337

---

5.3.3	Características analíticas das metodoloxías propostas .....	337
5.3.4	Precisión .....	338
5.3.5	Exactitude .....	338
5.3.5.1	Recuperación das metodoloxías propostas .....	339
5.3.6	Frecuencia de mostraxe .....	342
5.4	Cromo .....	342
5.4.1	Curvas de calibrado .....	342
5.4.2	Características analíticas das resinas de preconcentración .....	343
5.4.3	Características analíticas das metodoloxías propostas .....	343
5.4.4	Precisión .....	344
5.4.5	Exactitude .....	345
5.4.5.1	Recuperación das metodoloxías propostas .....	345
5.4.5.2	Análise de materiais de referencia .....	347
5.4.6	Frecuencia de mostraxe .....	348
5.5	Níquel .....	349
5.5.1	Curvas de calibrado .....	349
5.5.2	Características analíticas das resinas de preconcentración .....	350
5.5.3	Características analíticas das metodoloxías propostas .....	350
5.5.4	Precisión .....	351
5.5.5	Exactitude .....	351

5.5.5.1	Recuperación das metodoloxías propostas .....	351
5.5.5.2	Análise de materiais de referencia .....	354
5.5.6	Frecuencia de mostraxe .....	355
<b>6.</b>	<b>APLICACIÓN DAS METODOLOXÍAS PROPOSTAS: Análise de mostras reais dos diferentes tipos de matrices alimenticias estudiadas aplicando os sistemas FIA propostos .....</b>	<b>356</b>
6.1	Determinación do cadmio .....	357
6.2	Determinación do chumbo .....	371
6.3	Determinación do cobalto .....	385
6.4	Determinación do cromo .....	399
6.5	Determinación do níquel .....	413
<b>CONCLUSIÓNS</b>		
	<b>CONCLUSIÓNS .....</b>	<b>429</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA</b>		
	<b>BIBLIOGRAFÍA .....</b>	<b>435</b>
	<b>ANEXO A. LISTADO DE ACRÓNIMOS .....</b>	<b>449</b>
	<b>ANEXO B. PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS .....</b>	<b>453</b>





# **INTRODUCCIÓN**



# 1. OS METAIS

## 1.1 Os metais no medioambiente e nos alimentos

Aproximadamente, uns 80 dos 104 elementos que contén a Táboa Periódica actual son metais. A análise dos tecidos do corpo humano mostra a presenza de moitos elementos metálicos, algúns en concentracións razoables e outros a niveis traza. Isto é debido a que os alimentos que consumimos conteñen a miúdo concentracións similares de ditos metais, reflexando a súa distribución no medioambiente. O chan no cal medran as plantas contén metais procedentes de diferentes fontes, principalmente das rochas a partir das cales se forma, fertilizantes, lixo e outros materiais procedentes das actividades do home (actividades industriais, queima de combustibles fósiles e outras formas de contaminación). Na Táboa 1 recóllense as concentracións dalgúns metais no chan [1].

A concentración na cal se atopan os metais nos alimentos é moi variada e depende de moitos factores, que abarcan dende as condicións medioambientais ata os métodos de produción e procesado. No caso dos alimentos de orixe vexetal, o contido metálico está condicionado pola natureza do chan e polo uso de pesticidas, fertilizantes, etc. Nos alimentos de orixe animal, a concentración de metais presente nos mesmos está relacionada coa alimentación dos animais e co medio que os rodea.

**Táboa 1.** Contido dalgúns metais no chan

<b>Metal</b>	<b>Contido (mg/Kg)</b>
Ferro (Fe)	7000-55000
Manganeso (Mn)	200-5000
Cromo (Cr)	5-3000
Niquel (Ni)	10-800
Cinc (Zn)	10-300
Cobre (Cu)	2-100
Cobalto (Co)	1-5
Cadmio (Cd)	0,06
Chumbo (Pb)	10

Na etapa de procesado dos alimentos, aparte de comprobar que os produtos están libres de metais tóxicos, ou que os metais esenciais non están en concentracións tales que poidan provocar danos por envenenamento, é preciso verificar que os metais que conteñen os alimentos non alteren as características propias dos mesmos. Ademais, hai que eliminar a posibilidade de que os alimentos conteñan metais procedentes de fontes non alimenticias, como poden ser os envases.

## **1.2 O papel dos metais nos humanos**

Non é de extrañar que o corpo humano presente unha extensa variedade de metais en diferentes concentracións, posto que o medioambiente no cal vivimos, o aire que respiramos, a auga que bebemos e os alimentos que inxerimos conteñen unha gran cantidade deses elementos metálicos nun amplo rango de concentración [2]. A maior parte dos elementos metálicos do corpo humano proceden dos alimentos. A concentración de metais que absorbe o corpo no tracto gastrointestinal depende en gran medida do tipo de dieta, así como da nosa saúde e da xenética. A fibra presente nos

alimentos, por exemplo, pode inhibir a absorción de certos elementos metálicos, mentras que o ácido ascórbico, algúns compostos orgánicos, axentes quelantes ou ácidos a facilitan. Certos metais compiten por ser absorbidos, como é o caso do cobre co ferro e co cinc, o selenio co mercurio ou o molibdeno co cobre. A acumulación de metais no corpo humano non é uniforme. O ril, por exemplo, acumula cadmio con máis facilidade que chumbo, o cal se retén preferentemente no sangue. O cromo, non obstante, concéntrase principalmente no tecido muscular, mentras que só unha pequena fracción se almacena no ril. Non obstante, non tódolos metais que inxerimos se reteñen. A pesar de que a maioría se absorben nun primeiro momento, elimínanse posteriormente por medio da súa, urina, excreción biliar, pelo ou pel. A Táboa 2 recolle a concentración dalgúns elementos metálicos nos fluidos e tecidos corporais [1].

A pesar da gran cantidade de metais presentes no corpo humano, só un pequeno número deles teñen interés dende o punto de vista do correcto funcionamento do metabolismo humano. A deficiencia nalgúns deses nutrintes metálicos esenciais pode causar lesións bioquímicas específicas nas células do corpo e o desenvolvemento de síntomas clínicos específicos. A maior parte dos restantes elementos metálicos presentes, non teñen ningunha significancia dende o punto de vista nutricional e poden causar danos nas funcións corporais.

**Táboa 2.** Concentración de elementos traza nos fluidos e tecidos corporais

<b>Metal</b>	<b>Dieta (mg/día)</b>	<b>Urina (mg/día)</b>	<b>Súor (mg/día)</b>	<b>Pelo (µg/g)</b>	<b>Leite (µg/L)</b>
Cromo (Cr)	0,025-0,050	0,008	0,059	0,69-0,96	10-29
Manganeso (Mn)	2,0-9,0	0,225	0,097	1,0	7-120
Zinc (Zn)	13,0-25,0	0,5	5,08	167-172	316-5300
Cobalto (Co)	0,15-0,60	0,26	0,017	0,17-0,28	1-8,6
Niquel (Ni)	0,15-0,2	0,011	0,083	-	20-83
Cadmio (Cd)	0,010-0,080	0,03	-	-	2-19
Chumbo (Pb)	0,070-0,300	0,03	0,256	2,8-4,8	12-30
Mercurio (Hg)	0,002-0,030	0,015	0,0009	18-19	1-6
Arsénico (As)	0,055-0,090	0,195	-	-	36
Aluminio (Al)	9,0-14,0	0,1	6,24	5	< 5-45

Os metais que teñen interés dende o punto de vista nutricional divíndense en dous grupos, dependendo da cantidade dos mesmos que é precisa para o correcto funcionamento do metabolismo humano. Así, denomínanse *macronutrintes* o calcio, potasio, sodio e magnesio e *micronutrintes*, o ferro, cinc, manganeso, cobre, molibdeno, cobalto, cromo, silicio, níquel e selenio. Con respecto ós metais para os cales a esencialidade no metabolismo humano aínda non foi establecida, hai que dicir que existen tamén dous grupos, un dos cales está constituído por aqueles metais involucrados nalgunhas reaccións celulares, como son o cadmio, arsénico, estroncio, vanadio e estaño e un segundo grupo composto por aqueles metais que non teñen ningunha función metabólica coñecida, como son o chumbo, mercurio, antimonio e litio entre outros [3]. A Táboa 3 recolle a clasificación de ditos elementos [1].

**Táboa 3.** Clasificación dos metais no corpo humano

<b>Grupo</b>	<b>Metal</b>	<b>Grupo</b>	<b>Metal</b>
<b>Macronutrintes</b>	Calcio (Ca)	<b>Metais non esenciais que participan en reaccións celulares</b>	Bario (Ba)
	Potasio (K)		Arsénico (As)
	Sodio (Na)		Estroncio (Sr)
	Magnesio (Mg)		Cadmio (Cd)
<b>Micronutrintes</b>	Ferro (Fe)		Estaño (Sn)
	Cinc (Zn)		Vanadio (V)
	Manganeso (Mn)		<b>Metais sen función metabólica coñecida</b>
	Cobre (Cu)	Mercurio (Hg)	
	Molibdeno (Mo)	Bismuto (Bi)	
	Cobalto (Co)	Antimonio (Sb)	
	Cromo (Cr)	Berilio (Be)	
	Niquel (Ni)	Litio (Li)	
Selenio (Se)	Titanio (Ti) e outros		

En canto á toxicidade dos elementos metálicos, non sempre é posible realizar unha distinción entre esenciais e tóxicos, posto que tódolos metais son probablemente tóxicos se son inxeridos en elevadas concentracións. Nalgunha ocasión, a marxe entre toxicidade e deficiencia é lixeira, como no caso do selenio. Ademais, non resulta sinxelo considerar a toxicidade dun elemento metálico ailladamente, posto que en condicións normais tódolos metais interaccionan entre si.

Así é o caso do cadmio, cuxos efectos fisiolóxicos e toxicidade está intrínscamente relacionada coa concentración de cinc presente. A función celular do cinc vese afectada pola presenza de cobre e cobalto, ou incluso do molibdeno e cinc. A pesar disto, é posible diferenciar entre elementos que se coñece con certeza que son esenciais e aqueles que dan lugar a síntomas de toxicidade severa incluso a concentracións moi baixas e que non teñen

ningunha función beneficiosa para o organismo humano. O cadmio, mercurio e chumbo son incluídos a miúdo neste último grupo, a pesar de que o cadmio podería ser incluído algún día dentro do grupo dos metais esenciais. Hoxe en día, son os tres metais tóxicos máis frecuentemente atopados nos alimentos, e foron os responsables de graves episodios de envenenamento [1].

### **1.3 Función e toxicidade do cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel para o home.**

#### **1.3.1 Cadmio**

##### **O cadmio nos alimentos**

A pesar de que o cadmio se atopa na maior parte dos alimentos, a súa concentración é moi baixa, excepto nos casos de contaminación. As concentracións de cadmio presentes nos diferentes tipos de alimentos móstranse na Táboa 4 [1]. O contido máximo de cadmio en produtos alimenticios está regulado pola Unión Europea, e móstrase na Táboa 5 [4].

**Táboa 4.** Concentración de cadmio presente nos diferentes tipos de alimentos

<b>Alimento</b>	<b>[Cd] (µg/g)</b>
Carne	0,002-2,000
Peixe	0,017-0,913
Cereais	0,002-0,043
Vexetais	0,002-0,051

**Táboa 5.** Niveis máximos permitidos de cadmio en productos alimenticios

<b>Producto alimenticio</b>	<b>Contido máximo (µg/g peso fresco)</b>
Carne de vaca, ovellas, porcos e aves de curral	0,05
Carne de cabalo	0,2
Fígado de vaca, ovella, porco e aves de curral	0,5
Riles de vaca, ovella, porco e aves de curral	1,0
Peixe	0,05-0,1
Moluscos bivalvos	1,0
Crustáceos	0,5
Cefalópodos	1,0
Cereais (excluídos o salvado e o xerme)	0,1
Salvado, xerme, trigo e arroz	0,2
Hortalizas (excepto hortalizas de follas)	0,05
Hortalizas de follas, herbas aromáticas e setas	0,2
Hortalizas de raíz e patacas (peladas)	0,1

### **Función e toxicidade do cadmio no ser humano**

Aproximadamente, un 6 % do cadmio ingerido en bebidas e alimentos é absorbido polo corpo en condicións normais. Unha vez no corpo, o cadmio é transportado cara o fígado polo sangue. Alí únese a proteínas, entre elas á metalotionina, unha proteína de baixo peso molecular que está involucrada no transporte e almacenamento selectivo dunha gran variedade de metais. Pequenas cantidades deste complexo proteína-cadmio pasan de xeito continuo do fígado ó torrente sanguíneo, para ser transportado ós riles e filtrado a través dos glomérulos, causando danos no mecanismo de filtración. Posteriormente é reabsorbido e almacenado nas células tubulares dos riles [5].

Unha pequena fracción é expulsado a través dos riles ou en forma de feces, pero a maioría permanece no corpo. Polo tanto, a vida media biolóxica do cadmio é longa, en torno a uns 40 anos. A inxesta de cadmio por medio

dos alimentos provoca náuseas, vómitos, calambres abdominais, dor de cabeza e diarrea. Unha inxesta prolongada deste metal causa danos no sistema renal e enfermidades óseas que poden derivar en debilidade ou derrumbamento do esqueleto. A pesar de que aínda non hai evidencia de que unha inxesta de niveis elevados de cadmio poida derivar en cancro, unha exposición prolongada, como o caso de traballadore expostos a vapores de óxido de cadmio, pode ter este efecto. A toxicidade do cadmio pode ser reducida mediante a inxesta simultánea doutros metais, como cinc, ferro, mercurio, cobalto, cobre e selenio, debido á competencia entre eles por enlazarse á metalotionina [6].

### 1.3.2 Chumbo

#### Chumbo en alimentos

O chumbo é un ingrediente normal da nosa dieta. Está presente en tódolos alimentos e bebidas, nalgún dos casos como un compoñente natural e noutros como un aditivo añadido durante o procesado dos alimentos. As concentracións de chumbo presentes nos diferentes tipos de alimentos refléxanse na Táboa 6 [1]. Na Táboa 7 recóllense os niveis máximos de chumbo permitidos en alimentos según a Unión Europea [4].

**Táboa 6.** Concentración de chumbo presente nos diferentes tipos de alimentos

Alimento	[Pb] (µg/g)
Leite	0,01-0,08
Carne	0,01-0,70
Peixe	0,01-0,70
Cereais	0,01-0,81
Vexetais	0,01-1,5

**Táboa 7.** Niveis máximos permitidos de chumbo en productos alimenticios

<b>Producto alimenticio</b>	<b>Contido máximo (µg/g peso fresco)</b>
Carne de vaca, ovellas, porcos e aves de curral	0,1
Desfeitos comestibles de vaca, ovellas, porcos e aves	0,5
Peixe	0,2-0,4
Moluscos bivalvos	1,5
Crustáceos (excepto a carne oscura de cangrexo)	0,5
Cefalópodos (sen vísceras)	1,0
Cereais, verduras e legumes secas	0,2
Hortalizas (excepto herbas frescas e setas) e patacas	0,1
Hortalizas e setas cultivadas	0,3
Froitas (excepto baías e froitas pequenas)	0,1
Froitas pequenas e baías	0,2

### **Función e toxicidade do chumbo no ser humano**

Só arredor do 10 % do chumbo ingerido é absorbido polos adultos, mentras que os nenos ata 8 anos poden absorber ata un 25-53 %. Entre os factores que inflúen na absorción poden citarse a forma química na cal se atopa o chumbo nos alimentos, a presenza doutros metais ou o contido en graxa da dieta. Así, unha deficiencia de calcio ou ferro, incrementa a absorción do chumbo, do mesmo xeito que o fai unha dieta rica en carbohidratos e pobre en proteínas.

Os efectos do chumbo no corpo humano están relacionados con catro sistemas de órganos: hemohepático, nervioso, gastrointestinal e renal. O envenenamento agudo por este metal maniféstase principalmente con efectos gastrointestinais como anorexia, dispepsia e estreñimento seguidos de ataques cólicos cunha intensa dor abdominal. Con respecto ó sistema nervioso, pode provocar deterioro mental ou conducta agresiva. Non

obstante, resulta de gran dificultade establecer unha relación directa entre os niveis de chumbo no sangue e os efectos neurofisiolóxicos [1,5].

### 1.3.3 Cobalto

#### O cobalto nos alimentos

Os niveis de cobalto en alimentos son moi baixos. Niveis maiores atópanse en bebidas como a cervexa, onde se utilizan as súas sales como aditivos para mellorar as propiedades espumosas da mesma. Na Táboa 8 recóllense as concentracións de cobalto atopadas nos diferentes tipos de alimentos [1].

**Táboa 8.** Concentración de cobalto presente nos diferentes tipos de alimentos

Alimento	[Co] ( $\mu\text{g/g}$ )
Carne	$7,8 \times 10^{-3}$
Peixe	0,032
Cereais	0,025
Vexetais	0,046

#### Función e toxicidade do cobalto no ser humano

O cobalto forma parte da cobalamina ou vitamina B<sub>12</sub>, que ten gran importancia na formación dos tecidos da médula ósea. O corpo humano contén aproximadamente uns 5 mg desta vitamina e unha deficiencia da mesma pode provocar anemia ou incluso afectar ó sistema nervioso [3]. En tales casos, a inxesta do metal non é suficiente, posto que só os microorganismos son capaces de incorporar o metal á vitamina. A presenza do metal no organismo en cantidades elevadas resulta tóxica.

### 1.3.4 Cromo

#### O cromo nos alimentos

Actualmente non se dispón de moitos datos fiables en relación ó contido en cromo de alimentos e bebidas, debido á dificultade que presenta a determinación deste elemento en tales matrices. Contaminación durante a etapa de preparación da mostra, corrección de fondo inadecuada durante a medida de absorción atómica ou o uso de materiais de referencia certificados non adecuados foron a causa do descarte de resultados publicados sobre a determinación de cromo en mostras de alimentos. Na Táboa 9 recóllense as concentracións de cromo nalgúns tipos de alimentos [1].

**Táboa 9.** Concentración de cromo presente nos diferentes tipos de alimentos

Alimento	[Cr] ( $\mu\text{g/g}$ )
Leite	<0,02
Carne	0,05-0,95
Peixe	0,05-0,15
Cereais	0,02-0,30
Vexetais	0,05-0,20

Aínda que non existen cantidades dietéticas específicas recomendadas para o consumo do cromo, a inxesta diaria do cromo adecuada e segura mostrase na Táboa 10 [1].

**Táboa 10.** Inxesta diaria de cromo adecuada e segura para a saúde

<b>Idade (anos)</b>	<b>Cantidade de cromo (µg/día)</b>
0-1	0,1-0,5
1-13	11-25
14-18	24-35
19-50	25-35
> 50	20-30

### **Función e toxicidade do cromo no ser humano**

O mecanismo mediante o cal o cromo que conteñen os alimentos é absorbido polo intestino non se coñece con total certeza. Só arredor dun 0,5-1,0 % do cromo trivalente e aproximadamente un 2 % dos cromatos se incorporan ó fluxo sanguíneo. A cantidade de metal absorbida depende da forma química na cal se atope presente e a presenza doutros metais, entre os cales se poden citar o ferro, manganeso, vanadio ou incluso o cinc, inhibe a absorción do mesmo. O cromo acumúlase principalmente nos riles, bazo, ósos e outros órganos, e é expulsado por medio da urina ou incluso da bilis ou feces. O contido en cromo dos tecidos diminúe coa idade, salvo no caso dos pulmóns en zonas onde a contaminación ambiental por cromo é elevada [1].

O cromo é un nutriente traza esencial no home. A súa esencialidade non se descubriu ata 1960 e aínda hoxe se coñece relativamente pouco acerca das súas funcións biolóxicas. O cromo intervéen no metabolismo da glucosa, posto que forma parte do factor de tolerancia á glucosa, o cal potencia a acción da insulina, encargada de posibilitar a entrada dos hidratos de carbono sinxelos nas células para poder ser utilizados e transformados en enerxía. Se a insulina é escasa ou non funciona de xeito adecuado, a glucosa acumúlase no sangue, producindo o que se denomina hiperglucemia (niveis por enriba

do normal da glucosa no sangue) [3]. Tamén participa no metabolismo dos lípidos e atribúeselle a propiedade de poder controlar os niveis de colesterol no sangue e impedir a formación de placas nas paredes das arterias. Contémplase a posibilidade de que o cromo sexa capaz de inhibir a acción da enzima encargada de regular a velocidade de formación do colesterol. Algúns estudos afirman que dependendo da concentración do cromo éste sexa capaz de inhibir ou estimular a acción de dita enzima. Polo tanto, unha deficiencia do mesmo pode causar danos cardíacos. O cromo (III) é capaz de enlazarse ós ácidos nucleicos, de maneira que pode provocar a síntese de material xenético anormal nas células.

### 1.3.5 Níquel

#### O níquel nos alimentos

As concentracións de níquel presentes nos diferentes tipos de alimentos, refléxanse na Táboa 11 [1].

**Táboa 11.** Concentración de níquel presente nos diferentes tipos de alimentos

Alimento	[Ni] (µg/g)
Leite	<0,02
Carne	0,05-1,1
Peixe	0,05-1,1
Cereais	0,10-0,30
Vexetais	0,05-0,30

#### Función e toxicidade do níquel no ser humano

O níquel é un metal que apenas se absorbe a través dos alimentos e só entre o 3 e o 6 % do metal inxerido se retén no corpo. A excreción do mesmo prodúcese principalmente a través das feces, e unha pequena parte por

medio da urina. Non se acumula en ningún órgano en particular, senon que se distribúe do mesmo xeito por tódolos tecidos do corpo. É un metal dos que se consideran esenciais para o home, posto que forma parte e activa diferentes enzimas, como é o caso da ureasa, carboxilasa ou acetil coenzima A [3]. A pesar de que aparentemente non é un metal tóxico para o home, a aparición de casos de cancro no tracto respiratorio e dermatites en traballadores das refinerías de níquel, fixo que cobrara gran importancia o estudio dos posibles efectos tóxicos deste metal [1,2].

## 2. PROCEDIMENTOS DE PRECONCENTRACIÓN

O nivel de concentración no cal moitos analitos de interés se atopan nas mostras (orde de  $\mu\text{g/g}$  ou menor) fai imposible a determinación directa dos mesmos polas técnicas máis habituais. Este feito obriga a introducir unha etapa previa de preparación da mostra na cal o analito se concentra con respecto á concentración que presenta na mostra orixinal. Esta etapa xeralmente implica unha separación do analito do resto da matriz .

A inclusión da etapa de preconcentración no método de análise permite o emprego de técnicas sinxelas e asequibles a tódolos laboratorios.

Os procedementos máis frecuentemente empregados para a preconcentración de analitos inorgánicos, clasifícanse distinguindo entre aqueles métodos nos cales a matriz se transfere a outra fase e aqueles nos cales o que se transfere a outra fase son os elementos traza a determinar [7].

- Transferencia da matriz a outra fase
  - Evaporación do disolvente
  - Diálise
- Transferencia dos analitos a outra fase
  - Destilación
  - Extracción líquido-líquido
  - Precipitación
  - Utilización de reactivos quelantes ou de cambio iónico
  - Atrapamento en adsorbentes
  - Atrapamento crioxénico
  - Deposición electroquímica

Neste traballo de investigación, o procedemento de preconcentración que se vai empregar é a utilización dunha resina quelante.

## 2.1 Utilización de reactivos quelantes ou de cambio iónico

O emprego de intercambiadores aniónicos ou catiónicos é un procedemento que permite a preconcentración dos compostos inorgánicos cargados [8-10]. Existen diferentes tipos de resinas de intercambio iónico, según o grupo funcional:

- **Resinas catiónicas de ácido forte:** xenéranse por sulfonación do polímero con ácido sulfúrico. O grupo funcional é o ácido sulfónico.
- **Resinas catiónicas de ácido débil:** o grupo funcional é un ácido carboxílico, presente nun dos compoñentes do copolímero, principalmente o ácido acrílico ou metacrílico.
- **Resinas aniónicas de base forte:** obtéñense a partir da reacción de copolímeros de estireno-divinilbenceno (DVB) clorometilados con aminas terciarias. O grupo funcional é unha sal de amonio cuaternaria.
- **Resinas aniónicas de base débil:** son resinas funcionalizadas con grupos de amina primaria, secundaria ou terciaria.

As resinas quelantes poden considerarse un tipo de resina de intercambio iónico na cal o grupo funcional ten as propiedades dun reactivo específico. Estas resinas diferéncianse das resinas de intercambio iónico convencionais pola súa gran selectividade e pola fortaleza coa cal forman quelatos cos diferentes ions metálicos. Os átomos máis frecuentes a través dos cales forman enlaces de coordinación cos metais son xofre, nitróxeno, osíxeno e fósforo. As

propiedades selectivas das resinas quelantes baséanse fundamentalmente na natureza do grupo quelante e na disposición dos mesmos na matriz da resina, así como no tamaño, carga e outras propiedades físicas dos ions. O proceso de retención nunha resina quelante é máis lento que nunha resina de intercambio iónico, posto que a velocidade á cal se reteñen os ions depende non só da difusión, senon tamén da cinética das reaccións de formación de complexos. As mellores características cinéticas son as que mostran os adsorbentes basados en polímeros con estruturas macroporosas ou macrorreticulares (MR) [11].

As resinas quelantes prepáranse a partir da inmovilización do ligando na matriz polimérica da resina e é preciso que o axente complexante a incorporar na matriz polimérica forme un sistema estable con dita matriz, que dita estabilidade se manteña nun amplo rango de pH e que o soporte sólido sexa químicamente estable e posúa unha estrutura compacta, ó igual que o grupo quelante, de xeito que a formación do quelato metálico cos diferentes ions non esté impedida pola matriz polimérica.

O procedemento de preconcentración conleva unha etapa de retención do analito ou analitos sobre o material intercambiador ou quelante a través de mecanismos de cambio iónico ou de formación de quelatos, seguida dunha segunda etapa de elución do analito da columna mediante disolucións ácidas ou complexantes adecuadas.

Este procedemento de preconcentración, en principio, proporciona factores de preconcentración elevados. A relación entre os volumes de retención e elución, permite o cálculo do factor de preconcentración teórico, pero existen dous factores que impiden que se acadese dito valor: a capacidade da columna e o efecto lavado. *A capacidade da columna*

defínese como a cantidade máxima de analito ou analitos que é capaz de reter a fase reactiva. Esta capacidade depende da cantidade de grupos activos da fase intercambiadora ou quelante e da relación estequiométrica grupo activo-analito, no equilibrio que ten lugar sobre o sólido. O efecto lavado, por outra parte, provoca que a eficiencia do sistema preconcentrador diminúa a medida que aumenta o volume de disolución que pasa ó seu través. Isto débese a unha debilitación das forzas de unión entre os sitios activos do soporte e os analitos, pola solvatación co disolvente. Este factor ten unha maior influencia sobre o factor de preconcentración que a capacidade da columna, posto que o baixo nivel de concentración dos analitos fai moi difícil chegar a saturala [7].

Existen unha gran variedade de resinas quelantes comerciais, aínda que a síntese das mesmas no laboratorio por modificación doutras resinas ou adsorbentes tamén foi moi empregada [12-18]. As resinas quelantes de maior aplicabilidade analítica son as que posúen os grupos quelantes iminodiacetato, ditiocarbamato, 8-quinolinol e grupos poliéter cíclicos.

- **Grupos iminociacetato**

As resinas que conteñen o grupo ácido iminodiacético como grupo funcional son as máis empregadas á hora de separar os metais de transición doutros elementos [19-24]. Existen comercialmente baixo diferentes nomes, entre eles: Chelex 100, Dowex A-1, IRC-718(XE-318), Amberlita IRC748, Serdolit Chelite Che, Duolite ES-466, Diaion CR-11, Ligandex 1, Lewatit TP-207, Permutit S-1005, Muromac A-1, etc.

- **Grupos ditiocarbamato**

O amplo emprego desta resina débese a que é capaz de reter selectivamente por formación de complexos ata un total de 52 elementos [25]. Algunhas resinas comerciais que posúen este grupo funcional son Sumichelate Q-10 ou ALM-125.

- **Grupos 8-Quinolinol**

Entre as resinas quelantes que conteñen o grupo 8-quinolinol (oxina), a máis coñecida comercialmente é a Spheron Oxine-1000 [26]. Esta resina fundaméntase nunha matriz polimérica de hidroximetacrilato e etilendimetilacrilato, e o grupo funcional enlázase a dita matriz a través dos grupos azo.

- **Grupos poliéter cíclicos**

Este tipo de resinas quelantes prepáranse a partir da incorporación de éteres coroa, críptatos e poliéteres non cíclicos en matrices poliméricas, como o estireno-divinilbenceno, sílica ou formaldehído policondensado. O enlace entre o metal e a resina ten lugar a través do dipolo C-O e coñécense comercialmente as resinas Kryptofix 221B e 222B.

Na Táboa 12 móstranse as propiedades dalgunhas resinas quelantes.

**Táboa 12.** Propiedades dalgunhas resinas quelantes

Grupo funcional	Matriz	Selectividade
Ácido iminodiacético	Poliestireno-DVB	Cu(II)>Pb(II)>Fe(III)>Al(III)> >Cr(III)>Ni(II)>Zn(II)>Ag(I)> >Co(II)>Cd(II)>Fe(II)>Mn(II)> >Ba(II)>Ca(II)>>Na(I)
Ditiocarbamato	Poliestireno- DVB	Cu(II)>Ni(II)>Co(II)>Zn(II) Fe(III), Cu(II), U(VI) a pH 2,8; Hg(II), Ni(II), Co(II) a pH 4,0;
8-Quinolínol	Poliestireno- DVB	Al(III), Zn(II) a pH 4,8; Cd a pH 6,1; Mg(II) a pH 10,0
Poliéter cíclico (dibenzo-24-coroa-8)	Poliestireno- DVB	Cs <sup>+</sup> >Rb <sup>+</sup> >K <sup>+</sup> >Na <sup>+</sup> >>Li <sup>+</sup> >I <sup>-</sup> >Br <sup>-</sup>
Ácido aminofosfórico	Poliestireno- DVB	Pb(II)>Cu(II)>Zn(II)>Ca(II)> >Cd(II)>Ni(II)>Co(II)
Poliditiocarbamato	Poliamina-poliurea	Ag(I)>Hg(II)>Cu(II)>Sb(III)> >Pb(II)>Cd(II)>Ni(II)>Zn(II)>Co(II)
Tíol	Poli(glicidilmetacrilato)	Hg(II)>Sb(III)>Ag(I)>Cu(II)>Pt(IV)
Cisteína	Poliacrilonitrilo	Au(III)>Ag(I)>Hg(II)>Pt(IV)>Mo
Aminometilfosfónico	Poliestireno- DVB	Pb(II)>Cu(II)>Zn(II)>Mg(II)>Ca(II)> >Cd(II)>Ni(II)>Co(II)>Sr(II)>Ba(II)

---

### 3. MÉTODOS DE PREPARACIÓN DE MOSTRAS SÓLIDAS


O proceso analítico está constituido por diferentes etapas. Mentras que algunhas delas, como a medida e transducción do sinal instrumental ou a recollida e procesado dos datos, son comúns a tódolos procesos analíticos, as que preceden á inserción da mostra no instrumento de medida, como a disolución, preconcentración, separación ou derivatización, varían de proceso a proceso.

A maior parte das técnicas analíticas para a determinación de metais en produtos de natureza alimenticia requiren a preparación da mostra antes da súa inserción no instrumento de medida. Certas bebidas, entre elas a auga, constitúen unha excepción, posto que se pode determinar o contido dalgúns elementos metálicos nas mesmas aplicando directamente colorimetría ou outras técnicas analíticas, sen tratamento previo. A etapa de tratamento ou preparación da mostra, é a etapa que máis dificultade e erros acarrea ó proceso global. A maioría destes procesos lévanse a cabo de xeito manual e son tratamentos complexos, tediosos e difíciles de controlar sistemáticamente, resultando así a fonte de erros e problemas de contaminación máis frecuente no proceso analítico.

A preparación das mostras para a determinación do contido metálico presente nas mesmas pode levarse a cabo de diferentes maneiras en función do tipo de mostra e do tipo de análise que se queira realizar. Os principais procedementos a seguir na preparación das mostras para a análise de metais nas mesmas son os seguintes [27]:


- Degradar e disolver a matriz da mostra, liberando os metais da mesma para a súa posterior determinación (disolución).
- Destrucción da matriz da mostra (dixestión).
- Separar o analito ou analitos doutras especies que poidan interferir na análise (separación)
- Enriquecer a mostra con respecto ós analitos que se atopan en moi baixa concentración, para obter así a concentración adecuada dos mesmos para a análise (preconcentración).

Na preparación da mostra para a análise non sempre é preciso levar a cabo todos estes procedementos, senon que habitualmente só se precisan un ou dous. Na Figura 1 móstrase un esquema do procedemento a seguir na preparación da mostra sólida para a determinación do contido metálico da mesma.



**Figura 1.** Esquema da preparación da mostra sólida para a determinación de metais

Os diferentes métodos para levar a cabo a preparación da mostra sólida poden clasificarse en función da enerxía utilizada, e recóllense na Figura 2.




**Figura 2.** Métodos para a preparación da mostra sólida, en función da enerxía empregada

### 3.1 Tratamento da mostra sólida empregando quentamento convencional:

#### **dixestión húmida**

O proceso de transformación dunha mostra sólida en fase líquida pode realizarse con ou sen cambio químico. Dado o escaso número de sustancias que se poden poñer en disolución sen ter que recurrir á reacción química, o máis habitual é empregar ácidos en orde crecente de complexidade: ácidos diluídos (en frío ou en quente), ácidos concentrados (en frío ou en quente) e mesturas dos mesmos entre sí ou con outros compoñentes de características oxidantes, complexantes, etc. A figura 3 ilustra a sistemática a seguir no tratamento da mostra con ácidos. O ácido elixido para levar a cabo a dixestión húmida depende da natureza da mostra, do analito a determinar e do método de determinación proposto. O ácido nítrico é o reactivo case universal empregado nas dixestións [28], posto que non dá lugar a interferencias na maioría das determinacións e atópase dispoñible comercialmente nun elevado grao de pureza. Nos casos nos que este ácido non é suficiente, adoita empregarse combinado con peróxido de hidróxeno

e/ou ácido clorhídrico ou perclórico [29-32] para mellorar a calidade da dixestión.



**Figura 3.** Tipos de ácidos en orde crecente de reactividade que se empregan no tratamento da mostra

### 3.2 Calcinación

A vía seca constitúe un dos métodos máis importantes para a eliminación da materia orgánica e posterior posta en disolución do residuo por tratamento con ácidos diluídos inorgánicos ou orgánicos. Os procedementos de calcinación máis empregados son os que se indican a continuación [7]:

- Combustión nun forno a elevadas temperaturas
- Combustión en presenza de osíxeno
- Combustión con osíxeno activado por un campo de frecuencia magnética de alta frecuencia: plasma frío

Se se comparan as vantaxes e desvantaxes que proporcionan a vía seca e a vía húmida, cabe destacar que, polo xeral, a vía húmida require unha maior adicación por parte do operador, mentras que o tempo requerido para o proceso global é menor. Na vía húmida utilízanse pequenas cantidades de mostra e relativamente grandes volumes de reactivos mineralizantes, o que implica que se estes conteñen impurezas, a contaminación da mostra pode ser un dos problemas máis graves. No caso da vía seca, o tempo que o operador adica ó proceso adoita ser mínimo, mentras que as cantidades de mostra utilizadas acostuman ser relativamente elevadas. A perda de analitos volátiles, a posible interacción das cinzas formadas coas paredes do recipiente empregado e a contaminación da mostra por partículas suspendidas no aire orixinadas polos compoñentes do forno son os riscos de erro máis habituais no tocante á mineralización por vía seca [33-35].

### **3.2.1 Combustión nun forno a elevadas temperaturas**

A forma máis convencional de levar a cabo este tipo de tratamento consiste en someter a mostra, debidamente pesada e situada nun recipiente adecuado, a temperatura elevada controlada coa axuda dun forno ou mufla [36-39]. As temperaturas que se aplican xeralmente oscilan entre os 500-550 °C. Os analitos de maior risco de perda por volatilidade neste proceso son S, Se, P, As, Sb, Ge, Te, Hg, Cd, Pb e Zn. En moitos casos o risco de perda por volatilidade non depende unicamente das características do analito, senon tamén dos compoñentes da matriz [7]. Un exemplo disto constitúeo o chumbo, cuxa perda en ausencia de cloruros non se produce se non se aplican temperaturas de mineralización superiores a 700-750 °C, mentras que se a

matriz e rica en cloruros (alimentos salados, etc) os riscos de perda por formación de  $PbCl_2$  teñen lugar a partir de 450-500 °C.

O recipiente que se emprega para levar a cabo a calcinación é o crisol de porcelana, platino, cuarzo, etc. Recoméndase tapar o crisol para evitar que as cinzas voen. A forma máis habitual de comprobar se a mineralización foi cuantitativa consiste en avaliar a variación do peso da mostra co tempo. Cando o peso da mostra permanece constante, considérase que o proceso rematou. O osíxeno da atmósfera actúa como axente oxidante e as cinzas residuais están constituídas xeralmente por óxidos de metais, sulfatos, fosfatos, silicatos e outras sales pouco volátiles.

### **3.2.2 Combustión en presenza de osíxeno**

A combustión en presenza de osíxeno é un procedemento de descomposición que elimina moitos dos problemas potenciais en canto á contaminación da mostra, posto que o único reactivo que se emprega é o osíxeno gaseoso, que está dispoñible comercialmente nun elevado grao de pureza. Este tipo de combustión pode levarse a cabo a presión atmosférica (en recipientes abertos) ou a elevada presión (nun recipiente pechado). A combustión a presión atmosférica é relativamente sinxela de levar a cabo, pero ten a desvantaxe de que se pode producir a perda de elementos volátiles. Este risco de perda por volatilización elimínase no caso da combustión a elevada presión, posto que neste caso, a combustión ten lugar nun recipiente pechado no cal se introduce o osíxeno ata unha determinada presión. A mostra é sometida a combustion coa axuda dun dispositivo de detonación (alambre de ignición) [27].

### **3.2.3 Combustión con osíxeno activado por un campo de frecuencia magnética de alta frecuencia: plasma frío**

Moitos dos problemas de perdas inherentes ó emprego da mineralización a temperatura elevada poden evitarse facendo uso do osíxeno activado. O osíxeno activado consiste nunha mestura de átomos, ions e moléculas nun estado electrónico fundamental e/ou excitado. Posúe un tempo de vida da orde de un segundo, a partir do cal se convirte en osíxeno molecular. O aspecto de maior importancia é a súa alta reactividade, que provoca unha reacción de oxidación máis uniforme que o osíxeno normal, permitindo a eliminación da materia orgánica a temperaturas da orde de 120 °C, en contraste coa temperatura de 500 °C requirida cando se emprega osíxeno non activado.

As vantaxes desta técnica son a diminución drástica dos riscos de perda por volatilización e por interacción mostra-recipiente, que tamén son menores debido á baixa temperatura do proceso. Unha limitación importante deste tipo de mineralización é o tratamento de pequenas cantidades de mostra, posto que do contrario, o osíxeno activado non ten tempo de penetrar no interior da mostra, sendo difícil a oxidación cuantitativa da materia orgánica da mesma. Outras desvantaxes importantes son o elevado tempo de mineralización requirido e o número limitado de mostras que se poden mineralizar simultaneamente, que unidas ó elevado custo do equipo, provocan a dificultade da implementación desta técnica na análise de rutina [7].

### **3.3 Tratamento da mostra sólida empregando a enerxía de microondas**

A utilización dos microondas é de gran utilidade tanto nos fogares como nos laboratorios analíticos, ben para o queentamento da comida nos primeiros ou ben para a preparación dunha mostra para a súa análise, nos segundos.

A radiación de microondas está situada no espectro electromagnético entre a luz infrarroxa e as radiofrecuencias, e o seu intervalo de frecuencias oscila entre 300 MHz e 300 GHz, que corresponde a lonxitudes de onda entre 1 m e 1 cm. Neste intervalo a radiación interacciona coa materia provocando o desprazamento dos ions e tránsitos nos niveis enerxéticos de rotación das moléculas. Caracterízase por unha elevada penetrabilidade nos materiais, así como pola súa rapidez, doada manipulación e rápida transferencia á totalidade da mostra sen sobrequeentamento da superficie [40].


O uso do microondas revolucionou a etapa de preparación da mostra para a posterior determinación mediante absorción atómica, ICP ou outras técnicas, logrando maior velocidade e permitindo traballar en condicións máis limpas.

Os procesos máis importantes levados a cabo utilizando a enerxía de microondas son a extracción (extracción asistida por microondas, MAE) e a dixestión. No primeiro caso, faise uso de disolventes orgánicos para extraer os compoñentes orgánicos da mostra, mentras que na dixestión se empregan ácidos para disolver a mostra, destruindo a parte orgánica para a análise instrumental [41].

O sistema para a dixestión da mostra empregando a enerxía de microondas consta dos seguintes compoñentes [7]:

- Xenerador de microondas (magnetron), que produce a radiación de microondas que se canaliza a través da guía de microondas
- Cavidade de microondas, onde se distribúe a radiación
- Axitador da radiación, cuxa misión é distribuir a enerxía de microondas que recibe en tódalas direccións, de maneira que teña unha distribución homoxénea.

Co fin de evitar os problemas derivados da falta de homoxeneidade na distribución da radiación ó longo da cavidade, os recipientes sitúanse nun plato xiratorio (Figura 4).



**Figura 4.** Cavidade de microondas, coas 12 bombas de dixestión en liña e as sondas de presión e temperatura.

Existen dous sistemas sustancialmente diferentes: un deles fai uso de recipientes abertos de vidro ou de cuarzo (ocasionalmente de PTFE) e o outro

emprega recipientes pechados de PTFE, polietileno ou outros materiais e realiza as dixestións a alta presión. Neste caso, cada bomba ten unha válvula de presión que dá saída ós fumes ácidos a través dun tubo que debe conectarse a unha cambota extractora. A gran vantaxe que presentan os sistemas pechados é que, ó traballar a alta presión, incrementase en gran medida a temperatura de ebulición e o poder de oxidación dos ácidos, o que permite dixerir a maior parte das mostras empregando tan só  $\text{HNO}_3$  ou  $\text{HNO}_3+\text{H}_2\text{O}_2$  (evitando a utilización de  $\text{HClO}_4$  ou  $\text{H}_2\text{SO}_4$ ) e a moi alta velocidade. Ademais, evítase totalmente a contaminación externa e recupéranse o 100 % dos volátiles [42]. As desvantaxes principais fronte ós sistemas abertos son que non se pode dixerir, en xeral, máis de 1 gramo de mostra e o control dos diferentes vasos non é independente.

Os fornos de microondas deben estar deseñados tendo moi en conta as medidas de seguridade. Así, a cavidade do microondas debe ser capaz de eliminar os vapores que se xeneran para evitar danos na electrónica do dispositivo. As portas deben ser resistentes a explosións. Os reactores deben ser transparentes á radiación de microondas e levar incorporada unha válvula de seguridade para eliminar o exceso de presión que se poida xerar no seu interior [7].

A dixestión asistida por microondas foi moi empregada como método de preparación da mostra nos últimos anos [43-49], debido ás vantaxes que presenta sobre a dixestión ácida convencional [50-54]:

- O tempo da dixestión redúcese de xeito significativo (de 2 a 5 veces menos)
- Redúcese a contaminación da mostra
- Redúcese a cantidade de mostra e reactivos a empregar

- Redúcese significativamente a perda de volátiles (totalmente nos sistemas pechados)
- Maior seguridade para o analista.

### **3.4 Tratamento da mostra sólida utilizando a enerxía de ultrasóns**

A Química Analítica é unha das áreas químicas onde a radiación ultrasónica apenas foi usada.


Os ultrasóns son ondas sonoras que posúen unha frecuencia maior que o intervalo de frecuencias audible polos homes (dende 1 Hz a 16 KHz). De feito, a menor frecuencia ultrasónica é de 20 KHz (20000 ciclos por segundo). Mentras que as ondas electromagnéticas (ondas de radio, luz ultravioleta, raios X, etc.) se propagan no baleiro, as ondas sonoras precisan dun medio para propagarse, provocando ciclos de compresión e expansión a través dese medio [55]. A enerxía de ultrasóns é de gran axuda no pretratamento das mostras sólidas, posto que acelera e facilita procesos como a extracción de compostos orgánicos e inorgánicos, dispersión en suspensións, homoxeneización e outras operacións como a nebulización, lavado e a derivatización [56].

Os métodos expostos ata agora para o tratamento das mostras baséanse na disolución completa das mesmas. Non obstante, existen numerosos casos nos cales a información requerida (por exemplo, o contido en metais unidos á matriz) non xustifica a necesidade de disolver totalmente a mostra.

A lixiviación asistida por ultrasóns é un procedemento adecuado para extraer analitos de diferentes tipos de mostras. A influencia de elevadas temperaturas (que melloran a solubilidade e a difusividade) e presións (que favorecen a penetración e o transporte) incrementan o poder de extracción

do extractante empregado. En moitas ocasións, a lixiviación asistida por ultrasóns é unha alternativa rápida, barata e eficiente ás técnicas de extracción convencionais, ou incluso á extracción asistida por microondas ou con fluidos supercríticos [41].

Os ultrasóns poden aplicarse a sistemas químicos mediante baños ou sondas (Figura 5). Ambos sistemas están basados nun transductor electromagnético como fonte da enerxía de ultrasóns, normalmente operando á frecuencia fixa de 20 KHz. Un factor importante que condiciona a eficacia da extracción é a posición do recipiente onde ten lugar a extracción dentro do baño de ultrasóns. Así, no caso de que o baño teña un único transductor situado na súa base, a máxima eficacia da extracción terá lugar cando o recipiente se coloque xusto enriba do transductor, é dicir, os efectos da radiación son maiores canto máis preto se sitúe o recipiente de extracción do transductor de enerxía.



**Figura 5.** Esquema dun baño e dunha sonda de ultrasóns.

A pesar de que os baños de ultrasóns son máis empregados, as sondas proporcionan mellores resultados debido á uniformidade na transmisión dos ultrasóns, posto que a enerxía se aplica directamente no recipiente onde ten lugar a extracción (non se propaga do medio ó recipiente) e a que non sufren fenómenos de “agotamento” da enerxía. Aínda así, en moitos casos, o pretratamento da mostra para a extracción de metais sigue levándose a cabo empregando baños de ultrasóns, posto que ofrecen resultados satisfactorios, son menos custosos e máis simples [57].

A determinación de metais en mostras alimenticias é unha parte moi importante da Química Analítica, posto que moitos deles teñen efectos tóxicos. É preciso establecer un intervalo de concentración de seguridade para ditos metais e aclarar o seu papel como parte da cadea alimenticia [1]. Os metais poden ser encapsulados polas paredes celulares, e éstas poden romperse pola acción combinada de ácidos diluídos e enerxía de ultrasóns, transportando os metais en cuestión ó líquido extractante. Moitos autores empregaron os ultrasóns para levar a cabo a extracción de metais en mostras biolóxicas [58,59], medioambientais [60-66] ou alimenticias [67-74]. Neste tipo de mostras, a eficiencia da extracción depende fundamentalmente de catro variables: a concentración do ácido ou ácidos empregados, o tamaño de partícula da mostra, o tempo de sonicación e a amplitude. Nalgúns casos, a temperatura de extracción é unha variable importante a ter en conta [41].

### 3.5 Tratamento da mostra sólida sen utilizar enerxía

#### 3.5.1 Extracción con fluidos supercríticos

A extracción con fluidos supercríticos é unha técnica de separación continua non cromatográfica que se basa no establecemento dun equilibrio entre a mostra e o propio fluido supercrítico.

Dise que un fluido está en estado supercrítico cando se atopa a temperatura e presión por enriba dos seus valores críticos. Na figura 6 obsérvase que a curva que representa o equilibrio líquido-gas se interrompe de forma brusca nun punto chamado *punto crítico*, definido por unha temperatura  $T_c$  e unha presión  $P_c$ , denominadas temperatura e presión críticas. A partir de dito punto, non ten lugar a licuefacción aínda que aumente a presión, nin se forma un gas aínda que aumente a temperatura.




Figura 6. Curva do equilibrio líquido-gas do CO<sub>2</sub>

Un fluido en condicións supercríticas ten unhas características intermedias entre un gas e un líquido [75]. A densidade dun fluido supercrítico aproxímase á dos líquidos, sendo entre 100 e 1000 veces máis alta que a dos gases, o que lle confire un poder de solvatación similar á dos líquidos. Nun fluido supercrítico, a densidade está moi influída polos valores da presión e temperatura, de maneira que pequenos incrementos na presión ocasionan grandes incrementos na densidade, sobre todo nas proximidades do punto crítico. O poder de disolución que ten un fluido está moi relacionado coa súa densidade. Por iso, nun fluido supercrítico resulta máis doado modificar o seu poder disolvente variando a presión que nun líquido, onde a variación de presión apenas ten influencia. A gran facilidade para modificar a densidade na zona supercrítica fai que esta propiedade físico-química resulte clave. Ademais, inflúe directamente sobre a viscosidade e a constante dieléctrica do fluido, e á súa vez todas estas propiedades afectan ó poder de disolución e ós fenómenos de transporte de materia a través do mesmo [7].

O fluido supercrítico máis utilizado é o CO<sub>2</sub>, posto que é químicamente inerte, inocuo, non é inflamable e o seu punto crítico é doadamente accesible (31,1 °C e 71,8 atm). A súa principal limitación é o seu marcado carácter apolar, polo cal o seu emprego está limitado á extracción de analitos de baixa polaridade unidos débilmente á mostra. Este problema pode resolverse mediante a adición dunha pequena cantidade de disolvente orgánico polar (metanol, acetonitrilo, etc) coñecido como *modificador*. O modificador varía as propiedades solubilizantes do fluido supercrítico ó variar a súa polaridade, evita reabsorcións do analito na matriz ó ocupar espazos na mesma, modifica a matriz permitindo que o fluido supercrítico teña unha maior accesibilidade á mesma e interacciona co sistema analito-matriz provocando que a enerxía de

activación de desorción sexa menor. Así, o emprego adecuado de modificadores mesturados en pequena proporción co fluido supercrítico abre un amplo abanico de posibilidades de mellora na extracción e amplía o seu campo de aplicación [76].

## 4. DETERMINACIÓN DE METAIS

Hai unha gran variedade de técnicas que permiten levar a cabo a determinación de metais, pero a máis empregada é, con diferencia, a Espectrometría de Absorción Atómica.

A Espectrometría de Absorción Atómica (AAS) é unha técnica de determinación moi sensible, rápida, segura e versátil. A AAS permite a detección do elemento de interese en concentracións de parte por millón (atomización con chama) ou de partes por billón (atomización electrotérmica), independentemente da forma na cal se atope o metal na mostra.

Normalmente, a análise pode levarse a cabo en presenza doutros elementos sen ter que separar o analito de interese, o que supón unha gran vantaxe no tocante á simplicidade do método, tempo de análise e erros no proceso analítico global [77]. A precisión que se acada con estas metodoloxías para absorbancias maiores de 0,1 ou 0,2 é de 0,3-10% con atomización con chama e de 1-5% con atomización electrotérmica. A exactitude atópase entre un 0,5-5%, posto que ven limitada polo erro aleatorio e o ruído [78].

Na AAS existen dous tipos de interferencias [79]:

- Espectrais. Este tipo de interferencias poden ser debidas a:
  - A absorción doutro elemento diferente ó elemento de interese á lonxitude de onda empregada na determinación. Este tipo de interferencia é moi pouco habitual, posto que as liñas de emisión das lámpadas de cátodo oco son tan estreitas que só absorbe radiación o elemento de interese.

- Absorción de fondo. Este tipo de interferencia ten lugar cando se produce unha atomización incompleta da mostra e se teñen partículas que disipan parte da enerxía procedente da lámpada de cátodo oco que debería de chegar ó detector. Este tipo de interferencia pode eliminarse aumentando a temperatura da chama, asegurando así unha completa atomización da mostra. Non obstante, a tendencia máis actual consiste na incorporación na instrumentación de diferentes correctores de fondo.
- Químicas. Este tipo de interferencias poden clasificarse en tres grupos:
  - Interferencias de transporte. Este tipo de interferencia ten lugar cando se ven afectados os caudais de aspiración, nebulización ou de transporte na chama. Non adoitan ter lugar en instrumentos con cámara de grafito, ó contrario que no caso dos instrumentos que incorporan unha chama, onde este tipo de interferencia pode causar erros de gran importancia. Factores como a viscosidade, a tensión superficial, a presión de vapor e a densidade da disolución da mostra poden influir na velocidade de transporte da mostra na chama. A concentración de ácidos, os disolventes orgánicos ou os sólidos disoltos poden afectar á absorbancia do analito. Para eliminar este tipo de interferencia, lévase a cabo o método da adición.
  - Interferencias por formación de compostos térmicamente moi estables. Estas interferencias son debidas á presenza de reactivos que se combinan co elemento de interés formando un composto térmicamente moi estable. Isto dá lugar a un resultado erróneo, xa que parte do elemento de interés se atopa formando parte deste

compuesto. Así, a poboación atómica existente na chama é menor, posto que parte do analito de interés non se atomizou, dando lugar a unha absorbancia errónea máis baixa que a correcta.

- Interferencias por ionización. A ionización dos átomos do analito de interés na chama pode causar unha interferencia moi significativa, posto que hai que ter en conta que as liñas de absorción e emisión dos átomos e dos ions do mesmo elemento son diferentes. A ionización aumenta a medida que aumenta a temperatura da chama. Normalmente este tipo de interferencias non teñen lugar en chamas aire-acetileno, posto que a temperatura deste tipo de chamas non é moi elevada. Non obstante, adoitan ser problemáticas en chamas óxido nitroso-acetileno con elementos cuxos potenciais de ionización son menores ou iguais a 7,5 eV. A ionización do elemento de interés elimínase añadiendo á mostra elementos doadamente ionizables, como é o caso do potasio, chamados *supresores da ionización*. Así, cando estes elementos se ionizan, aumenta a concentración de electróns na chama desplazando o equilibrio de ionización dos demais elementos cara a forma atómica.

En xeral, estas interferencias son máis importantes no caso da atomización electrotérmica que no caso da atomización con chama. Por iso, a pesar de que os límites de detección obtidos coa atomización electrotérmica son 10-1000 veces menores que los obtidos coa atomización con chama, se prefiere a utilización desta última para la determinación dos metais [78].

## 5. INTRODUCCIÓN DIRECTA DA MOSTRA SÓLIDA NAS TÉCNICAS DE ABSORCIÓN ATÓMICA

Un dos principais obxectivos da Química Analítica é mellorar as operacións previas á análise minimizando a participación humana e a manipulación da mostra nas mesmas. Así, están cobrando gran interese aqueles procesos analíticos nos cales se evita a dixestión da mostra, e no seu lugar considéranse principalmente dúas formas de mostraxe:

- Mostraxe directa do sólido
- Mostraxe en forma de suspensión

Na mostraxe directa do sólido, a mostra é directamente introducida no atomizador e atomizada no seu estado sólido. As principais vantaxes que presenta esta forma de mostraxe son a pouca cantidade e manipulación da mostra (evita riscos de contaminación da mesma e perda de analitos), o pouco tempo requerido para a obtención de resultados e a non utilización de reactivos perigosos como son os ácidos fortes, o que supón un beneficio tanto económico como medioambiental. Como resultado, o proceso analítico é máis sinxelo e os límites de detección son baixos [80,81]. Non obstante, esta técnica leva asociadas algunhas limitacións como a incapacidade de lograr calibracións cos patróns, a presenza de interferencias de matriz, a non homoxeneidade da mostra ou do tamaño de partícula, a pobre precisión dos resultados e a necesidade de deseñar atomizadores especiais [82-85].

A mostraxe en forma de suspensión consiste en introducir a mostra como unha alícuota dunha suspensión estable no atomizador. Este método non

presenta ningún risco no tocante a perdas da mostra durante a preparación da mesma, posto que se trata dun método moi sinxelo, non se precisan reactivos agresivos e permite facer calibracións con simples disolucións acuosas ás cales se lles pode añadir modificadores en estado líquido [86]. A principal desvantaxe que presenta este tipo de mostraxe é conservar a homoxeneidade da suspensión mentras a mostra se introduce no atomizador do detector analítico [87]. Para que unha suspensión sexa homoxénea hai que estudar o diluente, o tamaño de partícula da mostra e, no seu caso, o axente estabilizante axeitado [88,89]. Para solucionar o problema da homoxeneidade da suspensión empregáronse diferentes dispositivos, dende axitadores magnéticos e ultrasónicos [87,90-92] ata a adición de axentes estabilizadores [93].

## 6. ANÁLISE POR INXECCIÓN EN FLUXO

A Análise por Inxección en Fluxo (FIA) foi unha importante innovación metodolóxica na automatización de procesos analíticos [94]. Os métodos de inxección en fluxo, na súa forma actual, foron descritos por primeira vez a mediados dos anos setenta por Ruzicka e Hansen [95-97].

A metodoloxía FIA caracterízase porque o fluxo non está segmentado por burbullas de aire, a diferenza dos métodos clásicos de análise de fluxo continuo. A mostra líquida é inxectada ou insertada directamente nunha corrente de fluxo portador, e realízase un transporte da "porción" inxectada a través do sistema. Ademais do transporte, tamén poden ter lugar diferentes procesos físico-químicos (reacción química, diálise, extracción líquido-líquido, etc). A dispersión ou dilución parcial do analito no transporte pode ser perfectamente manipulada mediante un control das características xeométricas e hidrodinámicas do sistema. Prodúcese unha mestura incompleta pero reproducible, que dá lugar a un gradiente de concentración variable co tempo ó longo do sistema [95].

O sistema FIA pode acoplarse a un sistema de detección continuo que proporciona un sinal transitorio que é convintemente rexistrado. No momento da detección do sinal non se acadou o equilibrio físico (homoxeneización dunha porción do fluxo) nin o equilibrio químico (reacción incompleta). Debido a isto, o tempo de operación debe ser moi reproducible, posto que as medidas se realizan en condicións de non estabilidade, de maneira que, pequenas variacións do mesmo poden producir graves alteracións dos resultados.

Esta metodoloxía ten un fundamento simple, un dispositivo barato, unha sinxela maneira de operar e unha gran capacidade para lograr resultados exactos e precisos. A súa extremada versatilidade distingue este tipo de metodoloxía da maior parte das novas metodoloxías analíticas, xa que por unha parte pode adaptarse a numerosos métodos de detección e tratamentos de mostras sen cambios técnicamente complexos, e por outra, resulta enormemente sinxelo para un investigador analítico intervir directamente no seu funcionamento, lográndose así unha optimización do sistema técnico [94]. Ademais, a FIA presenta como vantaxes un gran incremento no número de mostras analizadas debido á diminución no tempo de análise, o emprego de volumes pequenos (da orde de  $\mu\text{L}$ ) e a eliminación de moitas interferencias.

### **6.1 Compoñentes dun sistema FIA**

Un sistema FIA componse principalmente dun sistema de bombeo, un sistema de inxección, un sistema de transporte/reacción, e un detector (Figura 7)[98,99].

- **Sistema de bombeo.** Establece o caudal o máis constante posible dunha ou varias disolucións de reactivos ou que actúan como simples portadores, ausente de impulsos e perfectamente reproducible. O máis habitual é traballar con bombas peristálticas, aínda que tamén se pode empregar un sistema de presión por gas ou simplemente a forza da gravidade.





Figura 7. Esquema básico dun sistema FIA

- **Sistema de inxección.** Ten como misión situar unha cantidade perfectamente definida de mostra na corrente continua de fluxo. É importante que o volume introducido sexa exacto, reproducibile e variable dentro dunha ampla marxe. A entrada da mostra no fluxo portador ha de ser de xeito que non se creen perturbacións no mesmo. O manexo do sistema de inxección ha de ser doado, cómodo e rápido, de modo que permita unha elevada frecuencia de mostraxe. O sistema de inxección máis comúnmente empregado é a válvula hexagonal, que ten seis orificios, tres de entrada e tres de saída. Este sistema ten dúas posicións (Figura 8): a posición de carga e a posición de inxección. Na posición de carga, o bucle atópase comunicado coa entrada do fluxo que leva a mostra. A válvula debe manterse nesta posición ata asegurar que todo o bucle se enche, sen que existan no seu interior burbullas de aire. Mentras, o portador pasa pola válvula sen entrar en contacto coa mostra. Cando se cambia a posición da válvula a inxección, o portador queda conectado co bucle de xeito que arrastra o contido do mesmo, introducíndoo no sistema de fluxo onde se levarán a cabo as distintas etapas de tratamento da mostra de forma

automática. Nesta posición, a mostra pasa pola válvula sen entrar en contacto co bucle.



**Figura 8.** Esquema básico dunha válvula hexagonal nas súas posicións de carga e inyección

- **Sistema de transporte/reacción.** É unha zona de tubo onde ten lugar o transporte, con ou sen proceso adicional. Pode ser un tubo recto, en forma de serpentín, empacotado con materiais químicamente activos que transforman a mostra, ou ben incluír mesturadores ou módulos de separación nos que se produce un transporte de masa a través de interfases de tipo gas-líquido, líquido-líquido ou sólido-líquido. Constrúense con tubos flexibles, de materiais de alta inercia química e inalterables a cambios de temperatura nun amplo rango, de diámetro interno entre 0,3-0,8 mm.
- **Sistema de detección.** O detector adquire o sinal e transdúceo cando o analito pasa a través del. Poden ser detectores non destructivos (fluorímetros, fotómetros, potenciómetros, etc.) ou destructivos

(espectroscopía atómica). Un detector, para poder acoplarse a un sistema FIA, debe ter pequeno volume, baixo nivel de ruído, resposta rápida e lineal nunha ampla marxe de concentración e elevada sensibilidade.

Este sistema básico pode incluír outras configuracións con modificacións ou añadir outros elementos para conseguir obxectivos concretos.

## **6.2 Técnicas de separación e preconcentración en continuo**

Un dos obxectivos da Química Analítica é o desenvolvemento de procedementos en liña de separación e preconcentración, xa que a maioría destes procesos se realizan de forma manual, constituíndo unha importante fonte de erro no proceso analítico global. Pouco despois do desenvolvemento da análise por inxección en fluxo, os procesos de separación foron incorporados nos sistemas FIA. As primeiras técnicas de separación empregadas na análise por inxección en fluxo foron a diálise e a extracción con disolventes, seguidas da difusión gaseosa, o intercambio iónico e a electrodeposición. O emprego da inxección en fluxo para a preconcentración, concretamente, a precipitación en liña, foi introducido moito máis tarde. As técnicas FIA de separación e preconcentración resultaron ser un campo de gran interese, renovando a práctica tradicional nos laboratorios analíticos, posto que os procesos tradicionais de separación son tediosos e requiren moito tempo, implican numerosas etapas de operación coidadosa, con trasvases de disolucións duns recipientes a outros e a consecuente exposición da mostra á contaminación, especialmente na análise de trazas. A secuencia de separación constitúe habitualmente o

principal obstáculo do proceso analítico, e polo tanto, é o que máis urxentemente require a renovación.

Os métodos FIA de separación e preconcentración presentan un gran número de vantaxes con respecto ós seus análogos manuais [100]:

- Unha elevada frecuencia de mostraxe, entre 1 e 2 ordes de magnitude maior, con tempos de operación entre 10-200 segundos por determinación (incluíndo separacións).
- Un elevado factor de preconcentración, de 5 a 50 veces maior que os obtidos mediante os procedementos de preconcentración manuais.
- Baixo consumo de mostra, entre 1 e 2 ordes de magnitude menor, o que resulta de gran interés no caso de mostras valiosas, como o sangue, ou no caso de mostras que se recollen lonxe do laboratorio, e polo tanto han de ser transportadas ata o mesmo.
- Baixo consumo de reactivos, entre 1 e 2 ordes de magnitude menor. Esta característica é especialmente importante no caso da utilización de reactivos custosos.
- Reproducibilidade elevada, normalmente no rango 1-3 % (desviación estándar relativa).
- Baixo risco de contaminación, debido ó emprego de sistemas pechados e inertes na separación, o que resulta de gran interés no caso da análise de trazas.
- Non se precisa dun gran espacio no laboratorio nin se require o emprego de moitos utensilios. Excluíndo o detector, en moitos casos os sistemas FIA de separación e preconcentración apenas ocupan máis espacio que unha máquina de escribir.

### **6.2.1 Técnicas de separación e preconcentración en continuo empregando resinas quelantes**

As técnicas FIA de concentración basadas na adsorción, intercambio iónico ou formación de quelatos constituen un campo de gran interese e foron extensamente empregadas para aumentar a sensibilidade dos métodos analíticos. Na análise por inxección en fluxo, estas técnicas estiveron sempre ligadas ó emprego de minicolumnas. En 1980, publicouse o primeiro traballo no cal se insertaba unha minicolumna de intercambio iónico nun sistema FIA para a preconcentración e determinación de ions amonio [101]. A partir dese momento, abriuse un novo campo de investigación e desenvolvemento de técnicas FIA en columna.

Ademais de tódalas vantaxes descritas anteriormente para as técnicas FIA de separación e preconcentración, as técnicas FIA de retención en columna presentan unha gran versatilidade, debido á ampla gama de axentes quelantes e eluentes. Non obstante, tamén mostran unha serie de limitacións, entre as cales se poden citar as seguintes:

- Xeneración de diferentes graos de impedancia nas columnas, debido ás súas dimensións xeométricas, ó material que se introduza nas mesmas e á velocidade dos líquidos a través da columna.
- Necesidade de acondicionar o material de recheo da columna despois de cada elución.
- Cambios na composición do fluxo entre a etapa de retención e elución dos analitos, que pode causar problemas nalgúns detectores.

## **6.2.2 Consideracións prácticas no deseño e operación dos sistemas FIA de preconcentración en columna.**

### **6.2.2.1 Tipos de columnas**

O deseño da minicolumna inflúe no funcionamento e rendemento dos sistemas de preconcentración. O volume das minicolumnas empregadas na preconcentración en liña varía entre 15 e 400  $\mu\text{L}$ , mentras que o diámetro das mesmas oscila dende 1 a 7,5 mm. Para acadar gran eficiencia e baixos índices de consumo, o deseño óptimo da minicolumna depende de factores como o volume e caudal de paso de mostra, a capacidade do adsorbente para reter o analito, a especificidade e o tamaño de partícula do material de recheo e as posibles interferencias.

### **6.2.2.2 Carga da columna**

A velocidade de paso de mostra a través da minicolumna está limitada polas características cinéticas do material quelante e pola capacidade do sistema de manter estable o fluxo de disolución da mostra baixo presións elevadas. A pesar destas limitacións, a velocidade de paso de mostra a través da minicolumna nun sistema continuo é moito maior que nun sistema manual, onde as mostras pasan a través da minicolumna pola acción da gravidade. Unha excesiva velocidade de paso de mostra pode provocar unha retención incompleta dos analitos, debido ó tempo de contacto insuficiente entre os mesmos e o material quelante.

### **6.2.2.3 Elución**

A velocidade de elución é un factor crucial nalgúns sistemas de preconcentración, onde o fluxo de eluente se conecta directamente co

detector. Nestes casos, dita velocidade axústase xeralmente para obter a máxima sensibilidade. Ignorando os posibles requerimentos do detector con respecto ó fluxo de eluente, a velocidade óptima de elución dependerá da fortaleza coa que os analitos estean retidos no axente quelante, e da capacidade do eluente para arrastrar os analitos retidos. Outro factor importante na etapa de elución é a dirección do fluxo de eluente.

Os eluentes empregados na elución en continuo deben cumprir unha serie de requisitos: [100]

- Os eluentes débiles, que requiren un período longo de equilibrio, non poden ser empregados na elución en liña, posto que as elucións lentas provocan un decrecemento na sensibilidade.
- O eluente elexido non debe reaccionar nin degradar o material quelante ó menos durante 100 elucións.
- Os ácidos e bases concentrados, a pesar de que poden ser eluentes efectivos e non danar o material quelante, poden crear problemas nalgúns partes dos detectores. O sistema de nebulización dos equipos de absorción atómica, por exemplo, é sensible á corrosión, de xeito que a utilización de tales eluentes non é recomendada. Podería ser factible a dilución ou modificación en continuo do eluato, pero a expensas dunha perda na sensibilidade.

#### **6.2.2.4 Materiais de empaquetamento**

Os materiais de empaquetamento das columnas empregados satisfactoriamente nos procedementos de preconcentración convencionais non sempre se poden adaptar ós sistemas FIA de preconcentración en

columna. Ditos materiais, cando se queren aplicar á preconcentración en continuo, deben cumprir unha serie de requerimentos [100]:

- O inchamiento e encollemento do material de recheo cando cambia dunha forma a outra debe ser pequeno.
- As propiedades mecánicas do material deben ser axeitadas para resistir velocidades de fluxo lineais elevadas a través da columna, e para que a vida da columna sexa o mais longa posible. Os materiais fibrosos, por exemplo, son mecánicamente insatisfactorios.
- As propiedades cinéticas deben permitir tanto a doada retención do analito como a súa elución, cando se emprega o eluente axeitado. Os materiais que reteñen o analito tan fortemente que é preciso a destrucción de dito material para poder recuperalo non son axeitados para os sistemas de preconcentración FIA.

A aplicación da preconcentración en liña facendo uso de resinas quelantes está suficientemente demostrada. A Táboa 13 recolle unha revisión bibliográfica a partir do ano 2000 (para a cal se empregou a base de datos Chemical Abstract), da aplicación da preconcentración en continuo facendo uso de resinas quelantes.

**Táboa 13.** Técnicas de preconcentración de metais empregando resinas quelatantes

Ref.	Metal	Muestra	Técnica instrumental <sup>a</sup>	Resina	Eluente	Límite de detección (ng/l)	Factor de preconcentración	Frecuencia de mostraxe (mostras/h)
102	Cd, Cu, Pb	Auga de mar	ICP-AES	Chelex-100 <sup>a</sup>	2 M HNO <sub>3</sub>	-	5	-
103	Cr	Auga de mar	ICP-MS	Muromac Al <sup>a</sup>	0,7 M HNO <sub>3</sub>	20	11,5	12
104	Mn, Ni, Cu, Cd, Pb	Auga	ICP-MS	Toyopearl AF Chelate 650M <sup>b</sup>	1 M HNO <sub>3</sub>	0,06-1,1	-	-
105	Co, Ni, Cd, Pb, etc	Auga de mar	ICP-MS	Muromac Al <sup>a</sup>	0,7 M HNO <sub>3</sub>	10-29	3,2-6,7	7
106	Cd	Auga	GFAAS	Muromac Al <sup>a</sup>	2 M HNO <sub>3</sub>	0,2	-	7
107	Cd	Auga	GFAAS	Silica xel <sup>b</sup>	2 M HNO <sub>3</sub>	60	2	33
108	Cd, Cu, Ni, Zn, Mn	Auga	ICP-MS	Toyopearl AF Chelate 650M <sup>b</sup>	1,5 M HNO <sub>3</sub>	1,4-86	-	6
109	V	Auga de mar	ICP-AES	Chelex 100 <sup>a</sup> Chelamina <sup>c</sup>	HNO <sub>3</sub> -HCl (2 M-0,5 M)	-	20 (Chelex-100) 50 (Chelamina)	-
110	Cd	Mexillón, leite	FAAS	Pelita de vidro <sup>d</sup>	2 M HNO <sub>3</sub>	7 x 10 <sup>5</sup>	27	63
111	Cd	Auga	ICP-AES	DPTH-xel <sup>b</sup> TS-xel <sup>b</sup>	1% HNO <sub>3</sub> , 1% HCl 2,5 % tiourea	1100 4300	86 62	40 24
112	Bi, Cd, Pb	Oirina	GFAAS	Muromac Al <sup>a</sup>	HNO <sub>3</sub> , 20% (v/v)	2-13	-	10
113	Cd, Pb, Mn, Cu, Fe	Auga	ICP-OES GFAAS	IC-Chelate <sup>e</sup>	1 M HNO <sub>3</sub>	3,4-122 1-53	-	50-60
114	Co	Auga, vitamina B12	FAAS	Alúmina <sup>f</sup>	Etolol	20	125	-
115	Co	Auga	FAAS	XAD-2 <sup>g</sup>	1 M HCl	1250-390	79-223	51-18
116	Pt	Auga, chan, plantas	GFAAS	Dowex 1x8-200 <sup>h</sup>	2 M HNO <sub>3</sub>	1000	14	29
117	Fe	Auga, peixe	UV-VIS	3M Empore <sup>e</sup>	2 M HCl	-	-	9
118	Cu	Auga	FAAS	Estireno-divinilbenceno	2 M HCl	1100	21	25

Ver anexo A

<sup>a</sup> Grupos iminodiacetato

<sup>b</sup> sílica xel funcionalizada con 1,5-bis (di-2-piril) imetilien tiocarbhidrazida

<sup>c</sup> inmovilización do ligando pentaamina nun polímero orgánico

<sup>d</sup> inmovilización de 8-hidroxiquinolina sobre pente de vidro

<sup>e</sup> sílica xel funcionalizada con metilfosfocelato

<sup>f</sup> alúmina funcionalizada con 2-nitroso-1-naftol

<sup>g</sup> XAD-2 funcionalizada con sal 8-Nitroso

<sup>h</sup> funcionalización con 1,5-bis(2-pirilil)-3 sulfonilmetilien tiocarbhidrazida

<sup>i</sup> polímero estireno-divinilbenceno funcionalizado

### **6.3 Métodos continuos de preparación de muestras sólidas**

A pesar de todo o progreso no cal se viu inmersa a Química Analítica nas últimas décadas, a etapa de preparación da mostra segue a ser un dos maiores obstáculos do proceso analítico. A maior parte dos procedementos de tratamento da mostra lévanse a cabo de forma manual, resultando laboriosos, complexos, difíciles de controlar sistemáticamente e susceptibles á contaminación, particularmente cando o número de mostras implicado é elevado. Constitúen, polo tanto, unha importante fonte de erro no proceso analítico global. Os sistemas de fluxo continuo, e en concreto, a análise por inxección en fluxo, demostraron resultar de gran utilidade na automatización e aceleración do tratamento previo da mostra [119].


#### **6.3.1 Tratamento da mostra en continuo empregando a enerxía de ultrasóns**

O emprego dos ultrasóns como enerxía auxiliar para a lixiviación foi extensamente aplicado á extracción dun gran número de analitos de diferentes matrices sólidas. A pesar de que este tipo de enerxía se empregou satisfactoriamente fronte a outros métodos para acelerar a lixiviación manual das mostras sólidas, apenas se utilizou para dito pretratamento en sistemas continuos, a pesar de acelerar o proceso de tratamento da mostra de xeito considerable.

O recipiente da mostra empregado na lixiviación continua asistida por enerxía de ultrasóns debe permitir o paso da disolución lixivante e evitar fugas da mesma, que se ven favorecidas pola acción dos ultrasóns. Existen fundamentalmente dous tipos de recipientes para a mostra. Un deles consiste nunha cela pequena dunha soa peza, con orificios de entrada e saída equipados con conectores para permitir a inserción de dito recipiente no

sistema de inxección en fluxo. A introducción da mostra sólida neste tipo de cela é lenta e laboriosa, debido ó pequeno tamaño da mesma. O outro tipo de recipiente consiste nunha cela desmontable, similar á primeira, pero en dúas partes. Unha destas partes emprégase para pesar a mostra, e únese despois á outra por medio duns parafusos que actúan como conectores. O material que se emprega habitualmente para a fabricación destas celas adoita ser aceiro inoxidable ou metacrilato [41].


O deseño do sistema FIA para a lixiviación en continuo da mostra sólida facendo uso da enerxía de ultrasóns depende da cinética da extracción. Poden plantexarse tres tipos de configuración [120]. Cando a cinética de extracción é rápida pode empregarse un sistema aberto, posto que non se precisa de tanto tempo para levar a cabo a extracción do analito. A disolución lixivante pasa a través da cela da mostra a un caudal baixo, o analito extraído é insertado no fluxo de portador da disolución extractante e transportado cara o detector (Figura 9).



**Figura 9.** Sistema FIA de extracción continua empregando enerxía de ultrasóns para extraccións de cinética rápida.


Cando a cinética da extracción é lenta, a disolución lixivante debe pasar a través da cela que contén a mostra sólida repetidas veces, co cal o caudal debe ser elevado. O paso repetido da disolución lixivante a través da mostra pode levarse a cabo de dúas maneiras diferentes:

- Empregando un circuito pechado e unha bomba peristáltica para propulsar a mesma porción de lixivante a través da cela. Despois do tempo requerido para a extracción, a válvula de selección permite a inserción do extracto que contén o analito no sistema de fluxo que o vai conducir ó detector (Figura 10).



**Figura 10.** Sistema FIA pechado de extracción continua empregando enerxía de ultrasóns para extraccións de cinética lenta.

- Empregando unha bomba peristáltica programable que permita o cambio da dirección do fluxo cada certo tempo, de xeito que se poida empregar un pequeno volume de disolución extractante, que circulará en ambos sentidos (Figura 11). Con esta configuración acádase unha maior eficacia na extracción, posto que o cambio na dirección do fluxo evita a compactación da mostra dentro da cela.



**Figura 11.** Sistema FIA de flujo bidireccional para a extracción continua empregando enerxía de ultrasóns para reaccións de cinética lenta.

A pesar de tódalas vantaxes que proporciona a enerxía de ultrasóns no tratamento da mostra sólida, hai que ter en conta unha serie de limitacións, como a necesidade de empregar mostras en pó ou a aparición de sinais do branco elevadas, debido á extracción total ou parcial doutros analitos presentes na mostra. Non obstante, os dous inconvintes máis importantes da extracción con ultrasóns son [120]:

- Resultados non reproducibles en mostras do mesmo tipo, debido a diferencias no tamaño de partícula ou na composición da superficie.
- Escasez de materiais de referencia con diferentes concentracións de analito, o que dificulta o traballo nos laboratorios de control rutinario.

A aplicación dos sistemas continuos de extracción asistidos por enerxía de ultrasóns foi demostrada con estudos realizados en diferentes mostras sólidas, como mostra a revisión bibliográfica dos últimos 5 anos que recolle a Táboa 14 (base de datos Chemical Abstract). Pode concluirse que os sistemas FIA de extracción continua asistida por ultrasóns resultaron ser de gran axuda no tratamento de mostras sólidas, proporcionando uns excelentes resultados.

**Táboa 14.** Aplicación dos sistemas continuos de extracción asistidos por enerxía de ultrasóns

Referencia	Análito	Mostra	Técnica Instrumental*	Extractante	Tempo de sonicación (min)
121	Fe	Mexillón	FAAS	HNO <sub>3</sub> -HCl (3M-3M)	5
122	Cu	Mexillón	FAAS	HNO <sub>3</sub> -HCl (3M-3M)	5
123	Cr	Chan	Espectrofotometría	0,04 M NH <sub>3</sub> /NH <sub>4</sub>	10
124	N-metilcarbamatos	Chan e alimentos	Fluorescencia	H <sub>2</sub> O	2
125	NPAH <sup>a</sup>	Chan	CG-MS-MS	Diclorometano	10
126	Herbicidas	Chan e sedimentos	CG (detección UV)	H <sub>2</sub> O	13
127	Fe	Carne	FAAS	HNO <sub>3</sub> -HCl (3M-3M)	5
128	Cd, Pb	Plantas	GFAAS	8 % HNO <sub>3</sub>	5
129	Mn	Moluscos e peixes	FAAS	1,5 M HNO <sub>3</sub>	0,5
130	Ca, Mg, Fe, Cu, Zn	Alimento de animais	FAAS	10 % HNO <sub>3</sub>	18
131	Ca	Moluscos e peixes	FAAS	3 M HNO <sub>3</sub>	0,5
132	Fe	Leite en pó	FAAS	H <sub>2</sub> O	0,5
133	Colistín	Alimentos	HPLC (detección flourimétrica)	H <sub>2</sub> O	7
134	Zn	Carne	FAAS	0,75 M (HNO <sub>3</sub> ou HCl)	0,5
135	NH <sub>3</sub>	Cigarillos	Espectrofotometría	1 M NaOH	7

\* Ver anexo A.

<sup>a</sup> Hidrocarburos aromáticos nitropolíedicos

#### 6.4 Acoplamento FIA-AAS

En principio, calquera sistema de detección podería adaptarse para unha detección en continuo, e polo tanto, podería empregarse como un detector en FIA. Non obstante, algúns detectores son inherentemente máis axeitados que outros, sendo, polo tanto, máis frecuentemente empregados.

O acoplamento entre os sistemas de inxección en fluxo coas técnicas de absorción atómica foi moi utilizado. O esquema básico dun sistema deste tipo é moi sinxelo. O portador, bombeado de maneira continua, é aspirado ata o nebulizador. A inserción da mostra no portador dá lugar ó seu transporte cara o nebulizador. Non se require dunha cela de fluxo, característica doutros sistemas de detección.

Entre as vantaxes que proporciona o acoplamento da inxección en fluxo coas técnicas de absorción atómica poden citarse as seguintes [136]:

- A dispersión á hora da introducción da mostra nun espectrofotómetro de absorción atómica é menor cando se acopla ó mesmo un sistema de inxección en fluxo.
- Empréganse pequenos volumes de mostra. En xeral, o volume de mostra inxectado oscila entre 10 e 200  $\mu\text{L}$ . Isto confirelle ás técnicas FIA-absorción atómica unha maior sensibilidade.
- O problema da viscosidade das mostras no nebulizador redúcese considerablemente. Poden introducirse na corrente de portador mostras con elevado contido salino, sen ningún tipo de problemas.
- Durante a aspiración, o sistema lávase continuamente.
- Poden minimizarse as interferencias modificando as características físicas e hidrodinámicas do sistema.

- Pode empregarse calquera tipo de reactivo, debido á facilidade coa cal se introducen os mesmos no sistema. A inserción de reactivos pode levarse a cabo de tres maneiras diferentes: por disolución do mesmo na corrente de portador; a través dunha canle, anterior ou posterior á inxección da mostra; ou a través de zonas de unión en calquera punto do sistema.
- O sistema FIA permite a mostraxe repetitiva a unha velocidade considerable.

O caudal de portador determina o tempo de resposta, sensibilidade, precisión e contaminación entre mostras no nebulizador. Os estudos realizados ata o momento demostraron que a velocidade do caudal a través do sistema FIA non pode ser maior que o caudal de aspiración do nebulizador, posto que pode conducir a resultados erróneos.

O primeiro traballo que introduciu no título as palabras “inxección en fluxo” e que empregou a absorción atómica apareceu en 1979 [137]. A partir dese momento, apareceron moitos outros traballos nos cales se empregaba esta técnica de detección incorporando a metodoloxía FIA. Vidal e col. [138] empregaron esta metodoloxía na determinación de cobre, calcio e ferro en alimentos de animais. A aplicación das técnicas de inxección en fluxo acopladas á absorción atómica tamén foi empregada na determinación de cromo, cobre, níquel e cobalto en auga [139], cadmio e chumbo en mostras biolóxicas e ambientais [140], cobalto e níquel en mostras de chan e pelo [141], cobre e níquel en mostras biolóxicas e ambientais [142], cadmio en alimentos [143] e cromo en auga [144].

## 7. TÉCNICAS DE OPTIMIZACIÓN DO PROCESO ANALÍTICO: DESEÑOS EXPERIMENTAIS

### 7.1 Introducción

O proceso de deseño e optimización experimental consta de tres etapas fundamentais [145]:

1. Selección das variables que van influir de forma significativa sobre o sistema.
2. Selección da función de resposta ou función obxectivo para a avaliación da superficie de resposta.
3. Optimización experimental, que pode ser de dous tipos:
  - **Tipo Analítico** (Tipo Simultáneo): están representados principalmente polo deseño factorial e permiten avaliar a localización do óptimo pola derivación da ecuación "superficie de resposta".
  - **Tipo Caixa Negra** (Tipo Secuencial): están representados principalmente polo Método Simplex Xeométrico e permiten un descoñecemento total do sistema a estudar, xa que cada experimento se establece a partir da avaliación dos resultados dos experimentos anteriores.

### 7.2 Métodos de optimización

A optimización con deseños experimentais presenta unha vantaxe con respecto á optimización variable a variable [146]. Este último método consiste en manter fixas tódalas variables que afectan ó sistema, excepto unha, nuns valores de partida elexidos en base ó noso coñecemento do sistema, ou no caso de non ter ese coñecemento, en base á intuición. Unha vez establecidos

os valores de partida das variables, realízanse unha serie de experimentos cambiando o valor da variable que non se fixou, e elíxese para esa variable o valor que proporciona o mellor resultado. A continuación repítase a operación para cada unha das outras variables, ata que o proceso de búsqueda nos conduza a un resultado óptimo.

Os inconvenientes da optimización variable a variable foron a causa do plantexamento doutras técnicas de optimización, como é o caso dos deseños experimentais, que proporcionan un resultado excelente evitando tódalas desvantaxes.

### **7.3 Deseño factorial**

O deseño factorial é un tipo de deseño experimental moi coñecido que se adoita empregar na investigación das superficies de resposta multifactor.

Para realizar un deseño factorial completo, o investigador selecciona un número fixo de niveis para cada unha das variables do sistema (factores), para realizar a continuación os experimentos tendo en conta tódalas combinacións posibles de ditas variables.

Para coñecer un sistema é preciso establecer as características da superficie de resposta representadas fronte a un ou máis factores. Estes deseños, ademais de permitir variar simultaneamente de forma sistemática varios factores en cada experimento, revelan a existencia de interacción entre eles cando están presentes nun sistema.

Históricamente, os deseños factoriais foron introducidos por R.A. Fisher, que demostrou que tódolos factores de interés podían ser variados simultaneamente, ademais de poder ser estimados os efectos dos factores individuais e as súas interaccións, por tratamentos matemáticos.

Os parámetros que describen un deseño son o número de factores involucrados ( $k$ ) e o número de niveis de cada factor ( $m$ ), sendo  $m^k$  o número de combinacións de factores xerado para un deseño factorial completo. Os deseños máis empregados son os deseños factoriais completos a dous niveis, nos cales se lles dá a cada variable dous valores a ambos lados dun valor central ou básico. A maior limitación dos deseños factoriais completos é o elevado número de experimentos que é preciso realizar. Por exemplo, para un deseño de 10 factores a dous niveis, sería preciso levar a cabo  $2^{10}$  experimentos, é dicir, 1024 experimentos, o que converte este deseño en impracticable. Non obstante, existen diferentes maneiras de reducir o número de experimentos considerablemente [146].

### **7.3.1 Deseños factoriais de Screening. Deseños de Plackett-Burman**

Cando un sistema é pouco coñecido resulta moi difícil decidir cales son as variables que se deben considerar á hora de optimizalo. Algunhas destas variables poden resultar indiscutibles, aínda que tampouco se poden descartar outras que aparentemente sexan menos evidentes, posto que non se coñece a súa influencia na resposta do sistema. A solución máis obvia sería consideralas todas, pero deste xeito, o número de experimentos a realizar faría inviable a aplicación dun deseño factorial completo. Os deseños factoriais de Screening teñen como obxectivo distinguir entre un número de factores aqueles que son influíntes no sistema [147].

Dentro dos deseños factoriais de Screening os máis empregados son os deseños de Plackett-Burman. Estes deseños permiten reducir considerablemente o número de experimentos a realizar e proporcionan datos

de gran utilidade, como o coñecemento das variables que afectan significativamente ó sistema.

A matriz de deseño constrúese a partir dunha primeira fila dada no traballo orixinal de Plackett-Burman [148,149] no cal están dispoñibles os experimentos para 8,12,16... variables en bloques de 4 ata 100, é dicir, combinacións de factores que son múltiplos de 4. Esta fila vaise desplazando cíclicamente nunha posición,  $N-2$  veces, ata completar a matriz cuxa última fila está formada polos niveis inferiores de tódolas variables.

Para manter a ortogonalidade é preciso que o número de veces que aparecen os niveis altos sexa igual ó número de veces que aparecen os niveis baixos. Dispoñendo da primeira fila, a construción da matriz é sinxela, aínda que non é aplicable a calquera número de variables, por cuestións de ortogonalidade. Cando o número de variables é inferior a 7 e se quere aplicar un deseño de Plackett-Burman (o número de variables mínimo nestes deseños é 7) é preciso considerar que as variables sobrantes son "falsas" ou "postizas". Estas variables darán uns coeficientes na ecuación do modelo moi pequenos ou nulos. Como se reduce o número de experimentos, en relación ó deseño factorial completo, tamén se perden graos de liberdade, feito que provoca un efecto de confusión para cada variable respecto dos termos de interacción. Isto mesmo ocorre para as variables "falsas", e polo tanto, os seus coeficientes inclúen efectos de interacción dos demais. Estes efectos van proporcionar información de dous tipos:

- Saber ata que punto as interaccións son despreziables
- Se non existen interaccións, é unha maneira de avaliar os erros puramente experimentais

Polo tanto, a partir das variables "falsas" vaise obter información sobre os efectos de confusión das variables verdadeiras. Se se incluiu máis dunha variable "falsa", terase coñecemento acerca da existencia ou non de interaccións [150].

Neste traballo de investigación, o paquete estatístico Statgraphics Plus versión 5.1 é quen proporciona a matriz do deseño[151].

Unha vez coñecidas as variables que afectan ó sistema pode definirse o deseño factorial. Este deseño aforrará tempo e cartos, xa que gracias a el se reduce considerablemente o número de experimentos a realizar para a resolución do sistema.

# **XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS**



## XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

O interese da determinación dos metais en mostras de alimentos ten importancia dende o punto de vista nutricional e tóxico. Para poder diferenciar entre o carácter nutricional ou tóxico dun metal é preciso coñecer a concentración na cal se atopa o mesmo nos alimentos, posto que, probablemente todos os metais son tóxicos se se inxiren en concentracións elevadas. Nalgúns casos, ademais, é posible obter información de carácter medioambiental a través do coñecemento da concentración de metais en alimentos, como é o caso dos moluscos e peixes e vexetais, coñecidos como bioindicadores ambientais. Estas razóns xustifican a necesidade dun control riguroso do contido de metais en alimentos.

A maior parte das técnicas analíticas para a determinación de metais en mostras sólidas requiren a obtención dunha disolución adecuada das mesmas antes da súa inserción no instrumento de medida. A maioría destes procesos lévanse a cabo de xeito manual e son tratamentos complexos, tediosos e difíciles de controlar sistemáticamente, resultando así a fonte de erros e problemas de contaminación máis frecuente no proceso analítico. Por outra parte, o nivel de concentración no cal moitos analitos de interese se atopan nas mostras (orde de  $\mu\text{g/g}$  ou menor) fai imposible a determinación directa dos mesmos polas técnicas máis habituais. Este feito obriga a introducir unha etapa de preparación da mostra na cal o analito se concentra con respecto á concentración que presenta na mostra orixinal.

A análise por inxección en fluxo demostrou ser unha ferramenta moi útil na automatización e miniaturización dos procesos incluídos na primeira etapa do

proceso analítico. A metodoloxía FIA caracterízase por ter un fundamento simple e un dispositivo económico e doado de manexar, que proporciona resultados exactos e precisos, posto que a manipulación da mostra é mínima. Trátase dunha técnica rápida na cal o consumo de mostra e reactivos é moito menor que nas metodoloxías discontinuas.

Neste traballo de investigación preténdese optimizar, desenvolver e propoñer metodoloxías analíticas automáticas basadas na análise por inxección en fluxo (FIA), que permitan realizar o tratamento de diferentes tipos de mostras sólidas de natureza alimenticia empregando a enerxía de ultrasóns, preconcentrar o extracto ácido facendo uso de resinas quelantes e determinar os metais (cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel) mediante espectrometría de absorción atómica con chama (FAAS). A principal innovación que aportan estes sistemas é a automatización do tratamento previo da mostra e da preconcentración. A automatización do tratamento previo da mostra permite evitar gran cantidade de inconvenientes derivados dos procesos de dixestión e extracción ácida levados a cabo de forma manual, como son o elevado tempo que require o proceso e o emprego de ácidos concentrados. Con respecto á automatización da preconcentración, a metodoloxía FIA permite obter factores de preconcentración de 5 a 50 veces maiores que os obtidos mediante os procedementos manuais. A mostra sólida introdúcese nunha columna de vidro comercial, que se conecta ó sistema continuo e se sumerxe no baño de ultrasóns. A disolución extractante circula a través da columna que contén a mostra, impulsada por unha bomba peristáltica. Unha vez extraído o metal, o extracto ácido mestúrase cunha disolución tampón que permite regular o seu pH e faise pasar a través dunha minicolumna de vitón, fabricada no laboratorio e empaquetada cunha resina

quelante, onde se vai reter o metal. Finalmente, o metal retido elúese cun determinado volume de ácido clorhídrico que é transportado cara o detector (FAAS) onde se monitoriza de forma continua.

Os **obxectivos** plantexados para a realización deste traballo de investigación foron os seguintes:

- Diseñar e optimizar dispositivos en continuo que permitan extraer cuantitativamente o cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel das mostras sólidas empregando a enerxía de ultrasóns. Os tipos de matrices sólidas nas que se estudia a extracción destes metais son:
  - Moluscos e peixes
  - Vexetais
  - Carnes
  - Froitos secos
  - Legumes
  - Cereais e derivados
  - Queixos e derivados
  
- Diseñar e optimizar dispositivos en continuo que permitan levar a cabo a preconcentración dos metais contidos no extracto ácido da mostra, empregando resinas quelantes. As resinas quelantes comerciais nas que se estudia a preconcentración dos metais son:
  - Chelite P, con grupos aminometilfosfónico
  - Serdolif Che, con grupos iminodiacetato
  - Duolite GT-73, con grupos tiol

- Diseñar e optimizar sistemas FIA que incorporen os dispositivos de extracción e preconcentración e que permitan a detección por FAAS de maneira continua de cada metal extraído das mostras anteriormente citadas.
- Establecer e propoñer novas metodoloxías analíticas automáticas que permitan a determinación rutinaria do cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel en mostras sólidas de natureza alimenticia.
- Aplicar os métodos propostos á determinación de cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel en mostras sólidas reais de natureza alimenticia.

## **PARTE EXPERIMENTAL**



---

# 1. DESCRIPCIÓN DOS SISTEMAS DE FLUXO CONTINUO PARA OS PROCESOS DE PRECONCENTRACIÓN E EXTRACCIÓN DOS METAIS DAS MOSTRAS SÓLIDAS ASISTIDOS POR ENERXÍA DE ULTRASÓNS.


Este traballo de investigación está enfocado no estudio da extracción do cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel de mostras sólidas de natureza alimenticia e preconcentración de ditos metais empregando para tal fin resinas quelantes comerciais, para a posterior determinación por Espectrometría de Absorción Atómica con Chama. Para isto, deseñáronse dispositivos FIA nos que se poden distinguir tres etapas fundamentais:

- Extracción continua dos metais da mostra sólida asistida por enerxía de ultrasóns.
- Preconcentración dos metais contidos no extracto mediante o emprego dunha resina quelante.
- Elución dos metais retidos na resina e conducción dos mesmos ó sistema de detección (FAAS) mediante un líquido portador.


Deseñáronse dous tipos de dispositivos FIA que se diferencian na incorporación de unha ou dúas minicolumnas conectadas en serie no baño de ultrasóns. O sistema FIA máis sinxelo, é dicir, aquel que contén unha única minicolumna, empregouse na determinación de cadmio, cobalto, cromo e níquel nas diferentes matrices sólidas, e na determinación de chumbo en mostras de peixes e moluscos (Figura 12). A necesidade de incorporar outra

minicolumna de extracción conectada en serie débese á baixa concentración do chumbo no resto das mostras obxecto de estudo, excepto moluscos e peixes (Figura 13).


Para levar a cabo a optimización da etapa de preconcentración deseñouse o sistema FIA que se describe na Figura 14.



**Figura 12.** Sistema FIA empregado para a determinación de cadmio, cobalto, cromo e níquel en mostras sólidas de natureza alimenticia e chumbo en peixes e moluscos. DE, disolución extractante; B1 e B2, bombas peristálticas; VS1-VS5, válvulas de selección; BU, baño de ultrasóns; M, minicolumna que contén a mostra sólida; RM1 e RM2, reactores de mestura; D, desfeito; VI, válvula de inxección; MN, minicolumna que contén a resina quelante e FAAS, espectrofotómetro de absorción atómica con chama.



**Figura 13.** Sistema FIA empleado para la determinación de chumbo nas diferentes mostrás de naturaleza alimenticia, agás na matriz de peixes e moluscos. DE, disolución extractante; DE, disolución extractante; B1 e B2, bombas peristálticas; VS1-VS5, válvulas de selección; BU, baño de ultrasóns; M1 e M2, minicolumnas que conteñen a mostra sólida; RM1 e RM2, reactores de mestura; D, desfeito; VI, válvula de inyección; MN, minicolumna que contén a resina quelante e FAAS, espectrofotómetro de absorción atómica con chapa.



**Figura 14.** Sistema FIA empleado para la preconcentración en continuo dos diferentes metais. B, bomba peristáltica; VS1 e VS2, válvulas de selección; VI, válvula de inyección; RM, reactor de mestura; MN, minicolumna que contén a resina quelante; D, desfeito e FAAS, espectrofotómetro de absorción atómica con chapa.

## 1.1 Instrumentación e reactivos

### Extracción continua dos metais da mostra sólida

#### Aparatos

- Bomba peristáltica GILSON MINIPULS-3, con oito canles e selector de velocidade.
- Válvulas de baixa presión Rheodyne modelo 5041.
- Tubos para bomba peristáltica de vitón de 43,5 cm x 1,422 mm d.i.
- Tubo de politetrafluoroetileno (PTFE) de 0,8 mm d.i. para o circuito FIA.
- Minicolumna de vidro OMNIFIT de 100 mm x 3 mm d.i., con dous terminais fixos e 700  $\mu$ L de volume de leito.
- Baño de ultrasóns SELECTA de 550 W de potencia, con temperatura e tempo programable e unha frecuencia de 40 KHz.

#### Reactivos

- Auga ultrapura de 18,2  $M\Omega \cdot \text{cm}$  de resistividade específica, obtida polo sistema Milli-Q (Millipore Corp.).
- $\text{HNO}_3$  (Scharlau Chemie, Barcelona): 70%,  $d=1,40 \text{ g/mL}$ ,  $P_m=63,01 \text{ g/mol}$ .
- $\text{HCl}$  (Scharlau Chemie, Barcelona): 37%,  $d=1,19 \text{ g/mL}$ ;  $P_m=36,46 \text{ g/mol}$ .

### Preconcentración dos metais contidos no extracto

#### Aparatos

- Bomba peristáltica GILSON MINIPULS-3, con oito canles e selector de velocidade.
- Válvulas de baixa presión Rheodyne modelos 5041
- Tubos para bomba peristáltica de vitón, de 43,5 cm x 1,422 mm i.d.

- Tubo de politetrafluoroetileno (PTFE) de 0,8 mm d.i., para o reactor de mestura e as conexións do sistema.
- Minicolumna que contén a resina quelante, construída de tubos de vitón, de 43,5 cm x 1,016 mm i.d., 43,5 cm x 1,524 mm i.d. e 43,5 cm x 2,057 mm i.d.

### **Reactivos**

- Resina quelante CHELITE P, con grupos aminometilfosfónicos (Serva Electrophoresis GmbH, Alemania).
- Resina quelante SERDOLIT CHE, con grupos iminodiacético (Serva Electrophoresis GmbH, Alemania).
- Resina quelante DUOLITE GT-73, con grupos tiol (Supelco, Madrid).
- Acetato amónico (Merck, Alemania):  $M_r=77,08$  g/mol.
- Cloruro amónico (Merck, Alemania): 53,49 g/mol.

### **Elución dos metais contidos no extracto e condución do eluato ó sistema de detección**

#### **Aparatos e instrumentación analítica**

- Bomba peristáltica GILSON MINIPULS-3, con oito canles e selección de velocidade.
- Tubos para bomba peristáltica de vitón, de 43,5 cm x 1,422 mm i.d.
- Tubo de politetrafluoroetileno (PTFE) de 0,8 mm de d.i. para o circuito FIA.
- Válvulas de baixa presión Rheodyne modelos 5041 e 5020 (válvulas de selección e inxección, respectivamente).

- Espectrofotómetro de Absorción Atómica Perkin Elmer, modelo 5000, con chama aire-acetileno, sistema de nebulización de bola de impacto, isqueiro de 10 cm e unha lámpada de deuterio como corrector de fondo. O espectrofotómetro está conectado a un rexistrador de sinal cun rango de 50 mV.
- Lámpadas de cátodo oco para cada metal.

As condicións de medida no espectrofotómetro de absorción atómica Perkin Elmer modelo 5000, recóllense na Táboa 15.

**Táboa 15.** Condicións de medida no espectrofotómetro de absorción atómica Perkin Elmer, modelo 5000, para cada metal.

Elemento	$\lambda$ (nm)	Rendixa (nm)	Tipo de chama aire-acetileno	Tipo de lámpada	Intensidade (mA)
Cd	228,8	0,7	Oxidante	Cátodo oco	8
Pb	283,3	0,7	Oxidante	Cátodo oco	15
Co	240,7	0,2	Oxidante	Cátodo oco	30
Cr	357,9	0,7	Reductora	Cátodo oco	30
Ni	232,0	0,2	Oxidante	Cátodo oco	30

### Reactivos

- Auga ultrapura de 18,2 M $\Omega$ ·cm de resistividade específica, obtida polo sistema Milli-Q (Millipore Corp.).
- HCl (Scharlau Chemie, Barcelona): 37%, d=1,19 g/mL; Pm=36,46 g/mol.
- Disolución patrón de cadmio 1 mg/mL (0,5 N HNO<sub>3</sub>). Acros Organics, New Jersey, USA.
- Disolución patrón de chumbo 1 mg/mL (2 % HNO<sub>3</sub>). Acros Organics, New Jersey, USA.

- Disolución patrón de cobalto 1 mg/mL (2 % HNO<sub>3</sub>). Acros Organics, New Jersey, USA.
- Disolución patrón de cromo 1 mg/mL (2 % HCl). Acros Organics, New Jersey, USA.
- Disolución patrón de níquel 1 mg/mL (2 % HNO<sub>3</sub>). Acros Organics, New Jersey, USA.

### **1.2 Preparación das mostrás**


Para poder levar a cabo a análise, as mostrás foron trituradas e homoxeneizadas, e secáronse nunha estufa a  $60 \pm 5$  °C, ata peso constante. Unha vez eliminada a humidade das mostrás, tamizáronse e separáronse as fraccións con tamaño de partícula menor a 30 µm e entre 30 e 100 µm.

### **1.3 Procedemento**

O esquema de traballo do método para levar a cabo a determinación de cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel baséase en tres etapas.

Na primeira etapa realízase a extracción continua dos metais contidos nas mostrás sólidas. Para levar a cabo esta etapa, o sistema FIA consta dun circuito que contén unha columna de pequenas dimensións na cal se vai introducir a mostra sólida (da orde de mg). A preparación desta minicolumna é un factor de gran importancia no proceso de extracción, posto que a compactación da mostra dentro da mesma pode xerar grandes presións no sistema FIA, ocasionando perdas do analito. Antes de introducir a mostra na minicolumna vaise crear un "leito" de la de vidro, para facilitar o paso da disolución extractante a través da mesma. Ademais, para evitar calquera obturación do sistema pola saída da mostra sólida da minicolumna durante o proceso,


colócanse nos extremos da mesma filtros de papel (Whatman 541). Na Figura 15 pode verse unha das minicolumnas empregadas para levar a cabo a extracción continua asistida por ultrasóns.




**Figura 15.** Fotografía da minicolumna na cal se introduce a mostra sólida no sistema continuo de extracción.

Unha vez preparada a minicolumna insértase no sistema FIA. A bomba peristáltica impulsa a disolución extractante cara o circuito que unha vez cheo, se pecha, xirando a válvula de selección VS1 (Ver Figura 16A).

A disolución extractante mantense en contacto coa mostra durante un certo tempo e a unha certa temperatura baixo a acción da enerxía dos ultrasóns (Figura 17). O bombeo altermase en ambos sentidos, para evitar as obstrucións no sistema por compactación da mostra. Durante a extracción, na outra parte do sistema, a disolución do branco é medida no detector (Figura 16B).



**Figura 16A.** O circuito de extracción éncchese coa disolución extractante.



**Figura 16B.** Proceso de extracción continua e medida da disolución do branco.

**Figura 16 (A, B).** Sistema FIA simple empregado indicando as etapas do proceso. 16A, O circuito de extracción éncchese coa disolución extractante; 16B, Proceso de extracción continua e medida da disolución do branco. DE, disolución extractante; VS1-VS5, válvulas de selección; B1 e B2, bombas peristálticas; BU, baño de ultrasonidos; M, minicolumna que contén a mostra sólida; RM1 e RM2, reactores de mestura; D, deshecho; VI, válvula de inxección; MN, minicolumna que contén a resina quelante; FAAS, espectrofotómetro de absorción atómica.


Unha vez transcorrido o tempo de extracción, xírase a válvula de selección VS2 e o extracto ácido pasa á parte do sistema FIA onde vai ter lugar a preconcentración.



**Figura 17.** Fotografía da minicolumna que contén a mostra, sometida á acción da enerxía dos ultrasóns.


Na segunda etapa o extracto ácido mestúrase cunha disolución de acetato amónico de concentración axeitada, para axustar o valor do pH no intervalo de retención óptimo. Esta mestura atravesa un reactor, cuxa función é homoxeneizala. A continuación a mestura homoxeneizada é conducida a través dunha minicolumna empacitada cunha resina quelante, que retén o metal de interese mediante a formación dun quelato estable. Mentras tanto, ó detector chega auga ultrapura a través da válvula de selección VS5. Para

preparar as minicolumnas de preconcentración córtanse tubos de vitón para bomba peristáltica de 12 cm de lonxitude e diferentes diámetros internos (1,016 mm, 1,524 mm e 2,057 mm). A continuación, pésanse 50 mg de cada unha das resinas e introdúcense nas minicolumnas coa axuda dunha xeringa, fixándose nas mesmas con lá de vidro. A Figura 18 recolle unha fotografía dunha das minicolumnas empregadas para a preconcentración. Para que a retención dos metais teña lugar de maneira efectiva na resina Chelite P, é preciso acondionala facendo pasar a través da mesma unha disolución de cloruro amónico de 3  $\mu\text{g}/\text{mL}$  (a un caudal de 0,5 mL/min, durante 5 minutos), posto que nesta resina o cambio amonio-metal funciona mellor que o cambio protón-metal.



**Figura 18.** Fotografía da minicolumna empacotada coa resina quelante, empregada para levar a cabo a preconcentración.

Na última etapa, o metal retido elúese cun determinado volume de ácido clorhídrico (bucle da válvula de inxección), detectándose no espectrofotómetro de absorción atómica (Figura 16C).



**Figura 16C (continuación A, B).** Sistema FIA simple empregado indicando as etapas do proceso: determinación do metal contido no eluente. DE, disolución extractante; VS1-VS5, válvulas de selección; B1 e B2, bombas peristálticas; BU, baño de ultrasóns; M, minicolumna que contén a mostra sólida; RM1 e RM2, reactores de mestura; D, desfeito; VI, válvula de inxección; MN, minicolumna que contén a resina quelante; FAAS, espectrofotómetro de absorción atómica.

Co obxectivo de poder estudar os resultados obtidos ó aplicar o procedemento descrito para o sistema FIA proposto, levouse a cabo paralelamente a análise das mostras seguindo un método de referencia, baseado na dixestión convencional das mesmas con  $\text{HNO}_3$  concentrado baixo a acción calorífica e posterior preconcentración na resina quelante, axustando previamente o pH con acetato amónico. A determinación de cada metal realizouse por FAAS.

---

## 2. OPTIMIZACIÓN DOS PARÁMETROS QUE AFECTAN Á PRECONCENTRACIÓN DOS METAIS NO SISTEMA FIA

Estudouse a preconcentración dos metais empregando para tal fin tres resinas quelantes comerciais diferentes:

- Chelite P, con grupos aminometilfosfónicos
- Serdolit Che, con grupos iminodiacético
- Duolite GT-73, con grupos tiol

Para realizar a optimización dos parámetros que afectan á preconcentración dos metais empregouse un deseño factorial debido a que o número de variables potencialmente implicado é elevado (6 variables). Foi preciso aplicar un deseño factorial de Screening, para reducir de maneira significativa o número de experimentos a realizar na optimización. Un dos deseños de Screening máis empregados é o deseño de Plackett-Burman. Este deseño permite fraccionar un deseño factorial completo proporcionando números de combinacións de factores que son múltiplos de catro. Así, se se aplicara un deseño factorial completo para seis variables a dous niveis ( $2^6$ ) o número de experimentos a realizar sería de 64. Non obstante, a aplicación do deseño de Plackett-Burman cun punto central, como o que se aplica neste traballo, implica a realización de tan só 13 experimentos.

As variables a optimizar no proceso de preconcentración dos metais son as seguintes:

- pH da mostra
- Caudal de mostra
- Concentración de eluente (HCl)
- Volume de eluente
- Caudal de elución
- Diámetro da minicolumna

Para poder aplicar este deseño factorial foi preciso fixar previamente os valores máximos e mínimos que pode tomar cada unha destas variables. Estes valores foron seleccionados en función de experimentos realizados en estudos previos, en tódolos casos.

O deseño factorial aplicado é o deseño de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III e con VI graos de liberdade, cun punto central (Statgraphic Plus v.5.1), que implica a realización de 13 experimentos non randomizados. Neste deseño considerouse un punto central, no cal as variables toman un valor intermedio entre os límites superior e inferior. A Táboa 16 mostra a matriz correspondente a este deseño factorial cos 13 experimentos que foi preciso realizar para a optimización do proceso. Nesta matriz indícase como +1 cando a variable toma o valor máximo, -1 cando o valor que toma é o mínimo e 0 cando toma o valor medio. Como pode observarse, a última fila da matriz está constituída polos valores mínimos de cada unha das variables. Ademais, mantense a ortogonalidade, posto que o número de veces que aparecen os niveis altos (+1) é igual ó número de veces que aparecen os niveis baixos (-1).

**Táboa 16.** Matriz de Plackett-Burman  $2^{6*3}/16$ , no cal se obteñen 13 experimentos para as 6 variables citadas.

Experimento	A	B	C	D	E	F
1	+1	-1	+1	-1	-1	-1
2	+1	+1	-1	+1	-1	-1
3	-1	+1	+1	-1	+1	-1
4	+1	-1	+1	+1	-1	+1
5	+1	+1	-1	+1	+1	-1
6	+1	+1	+1	-1	+1	+1
7	0	0	0	0	0	0
8	-1	1	+1	+1	-1	+1
9	-1	-1	+1	+1	+1	-1
10	-1	-1	-1	+1	+1	+1
11	+1	-1	-1	-1	+1	+1
12	-1	+1	-1	-1	-1	+1
13	-1	-1	-1	-1	-1	-1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Unha vez obtida a matriz en función das variables implicadas e dos seus valores máximos e mínimos, realizáronse os experimentos fixados pola mesma empregando o dispositivo FIA indicado na Figura 14. Para realizar ditos experimentos, empregáronse disolucións patrón de cada un dos metais. A concentración das disolucións patrón fixouse en función do contido habitual do metal atopado na bibliografía en referencia ás diferentes mostras sólidas.

A variable resposta é o % Recuperación do metal en cada experimento proposto polo deseño, como se indica na seguinte ecuación:

$$(\%) \text{Recuperación} = \frac{A}{B} \times 100$$

A: concentración do metal na disolución patrón obtida utilizando o sistema FIA proposto

B: concentración coñecida do metal, contido na disolución patrón

Os experimentos da matriz de Plackett-Burman realizáronse por duplicado, de maneira que o % Recuperación indicado é a media dos dous experimentos.

Unha vez obtidos os datos experimentais, procédese, en cada caso, á análise correspondente do deseño.

## 2.1 Preconcentración do cadmio

A optimización deste proceso de preconcentración levouse a cabo empregando o dispositivo FIA indicado na Figura 14.

O deseño factorial de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III con 6 graos de liberdade e un punto central foi o utilizado para a optimización, tal e como se indicou anteriormente. As variables que afectan ó proceso de preconcentración, así como os valores máximos e mínimos fixados para as mesmas, dacordo con experimentos realizados previamente, recóllense na Táboa 17.

**Táboa 17.** Valores máximos e mínimos establecidos para cada unha das variables no deseño de Plackett-Burman.

VARIABLE	NOTACIÓN	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
<b>pH da mostra</b>	<b>A</b>	1	7
<b>Caudal de mostra</b>	<b>B</b>	0,5 mL/min	4,0 mL/min
<b>[HCl] (eluyente)</b>	<b>C</b>	0,1 M	3,0 M
<b>Volume de eluyente</b>	<b>D</b>	70,4 $\mu$ L	190,0 $\mu$ L
<b>Caudal de eluyente</b>	<b>E</b>	3 mL/min	5 mL/min
<b>Díámetro da minicolumna</b>	<b>F</b>	1 mm	2 mm

Unha vez obtida a matriz do deseño realizáronse os 13 experimentos indicados na mesma, utilizando o dispositivo FIA indicado na Figura 14. Este deseño aplicouse a unha disolución patrón cadmio de 0,04  $\mu$ g/mL, facéndose pasar a través de cada minicolumna de preconcentración 2 mL da mesma. A matriz de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada un dos experimentos, xunto co % Recuperación obtido en cada un deles para cada unha das resinas, recóllese na Táboa 18. Os experimentos




realizáronse por duplicado, polo cal o % Recuperación é a media dos dous resultados obtidos.

**Táboa 18.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e % Recuperación obtido en cada experimento para cada resina.

NE	A	B	C	D	E	F	% Recuperación		
							Chelite P	Serdolit Che	Duolite GT73
1	7	0,5	3	70,4	3	1	22,1	19,7	7,8
2	7	4	0,1	190	3	1	39,4	62,1	2,0
3	1	4	3	70,4	5	1	0,0	8,5	0,0
4	7	0,5	3	190	3	2	90,1	104,5	27,9
5	7	4	0,1	190	5	1	9,2	52,0	1,0
6	7	4	3	70,4	5	2	13,9	23,0	1,2
7	4	2,25	1,55	130,2	4	1,5	26,8	54,5	1,5
8	1	4	3	190	3	2	0,0	40,7	0,0
9	1	0,5	3	190	5	1	0,0	45,5	0,0
10	1	0,5	0,1	190	5	2	0,0	34,9	0,0
11	7	0,5	0,1	70,4	5	2	6,0	15,0	2,1
12	1	4	0,1	70,4	3	2	0,0	6,8	0,0
13	1	0,5	0,1	70,4	3	1	0,0	12,0	0,0

NE, número de experimento; A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Unha vez obtidos os datos experimentais, procedeuse á análise do deseño. En primeiro lugar é preciso coñecer aquelas variables que son significativas para o cal se recorre ás **Cartas Pareto Estandarizadas** (Figura 19). Nestes gráficos represéntase o valor absoluto do efecto estimado de cada variable no proceso mediante barras, o cal nos permite visualizar a importancia relativa das mesmas.



**Figura 19.** Carta pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial. A liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.1.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño factorial de Screening á preconcentración do cadmio, obsérvase que o pH da mostra e o volume de eluente son, respectivamente, as variables estatisticamente significativas para as resinas Chelite P e Serdolit Che, mentras que para a resina Duolite GT73 non hai ninguna variable que supere o nivel de significación estatístico establecido (95 % de confianza, representado pola liña vertical).

Os dous factores presentan un efecto estimado positivo e elevado, é dicir, unha gran influencia positiva no proceso. Así, un incremento nestas variables implica unha maior eficacia no proceso de preconcentración.

As demais variables presentan unha maior ou menor influencia no proceso, pero sen superar o nivel de significación estatística establecido. O diámetro da minicolumna, a concentración de eluente e o volume de eluente (para a resina Chelite P) e o diámetro da minicolumna, a concentración de eluente e o pH da mostra (para a resina Serdolit Che) son variables estatisticamente non significativas que presentan un efecto estimado positivo. O efecto positivo da concentración de eluente explícase tendo en conta que o eluente debe romper o quelato formado polo metal e os grupos activos da resina, e polo tanto, canto maior sexa a súa concentración, máis doado será romper dito enlace. No caso do pH da mostra hai que ter en conta que canto maior é a concentración de protóns, máis difícil é o cambio protón-metal necesario para a retención deste último. O volume de eluente tamén ten un efecto estimado positivo, posto que un volume pequeno do mesmo non sería capaz de arrastrar todo o metal retido na resina. No que respecta ó diámetro da minicolumna, obsérvase que ten un efecto positivo na preconcentración, pero este efecto non é de gran valor analítico. Isto débese a que a

preconcentración é cuantitativa no intervalo de diámetros de minicolumna estudiado, afectando apenas ó proceso.

Por outra parte, obsérvase que os efectos estimados dos caudais de mostra e elución son negativos, o que indica que a eficacia da preconcentración é inversamente proporcional a ditos factores no intervalo estudiado; é dicir, canto menor sexan os valores destas variables, máis favorecido se verá o proceso de preconcentración. Isto pode xustificarse tendo en conta que os caudais de mostra e elución están limitados polas características cinéticas do material quelante e pola capacidade do sistema de manter o fluxo constante baixo grandes presións. Un excesivo caudal de mostra pode provocar a retención incompleta do metal debido ó tempo de contacto insuficiente entre a mostra e o material de empaquetamento. A velocidade óptima de elución depende da fortaleza coa que os analitos estean retidos no axente quelante, e da capacidade do eluente para arrastralos ata o detector.

No caso da resina Duolite GT73 non hai ningunha variable estatisticamente significativa, e aínda que se manteñen as mesmas tendencias das variables que nas outras dúas resinas, os efectos estimados dos factores son moi baixos.

Unha vez analizados os resultados obtidos tras aplicar o deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos según o deseño de Screening para cada unha das variables son os indicados na Táboa 19.

**Táboa 19.** Valores óptimos dacordo co deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cadmio nas diferentes resinas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN		
	Chelite p	Serdolit che	Duolite GT73
	<b>A</b>	7	7
<b>B (mL/min)</b>	0,5	0,5	0,5
<b>C (M)</b>	3	3	3
<b>D (µL)</b>	190,0	190,0	190,0
<b>E (mL/min)</b>	3	3	3
<b>F (mm)</b>	2	2	2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Dado que o deseño de Plackett-Burman nos proporciona as tendencias das variables cara o óptimo, e non o valor óptimo das variables en sí, leváronse a cabo unha serie de experimentos fóra do marco do deseño, dacordo cos resultados obtidos no mesmo, para obter os valores máis adecuados das variables que nos proporcionen unha boa recuperación; é dicir, o valor óptimo das mesmas.

### 2.1.2 Experimentos realizados fóra do marco do deseño

A realización destes experimentos ten como obxectivo obter o valor óptimo das variables, posto que, como xa se comentou anteriormente, o deseño de Plackett-Burman tan só nos proporciona as tendencias das variables cara o valor óptimo dentro do intervalo de valores establecido previamente para cada variable. Non se aplicou outro deseño factorial para afinar estes valores posto que un deseño que proporcione o valor óptimo preciso implica a realización dun elevado número de experimentos. Ademais, neste momento,

xa se posúe bastante información sobre o comportamento de cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración como para poder axustar o valor óptimo das variables realizando un número pequeno de experimentos.

Esta optimización levouse a cabo mediante unha serie de experimentos que se realizaron por triplicado, mediante un estudio variable a variable, partindo dos valores óptimos proporcionados polo deseño.

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cadmio empregando a resina quelante Chelite P**

En primeiro lugar estudiáronse as variables con menor peso ou importancia no proceso de preconcentración. Dentro das variables non significativas con efecto estimado positivo están o diámetro da minicolumna (efecto estimado=6,5), a concentración de eluente (efecto estimado=11,9) e o volume de eluente (efecto estimado=16,1). O **diámetro da minicolumna** estúdiouse entre 1 e 2 mm. Según os resultados proporcionados polo deseño, o valor óptimo sería 2 mm, pero estúdiouse a posibilidade de traballar con minicolumnas de 1 mm de diámetro, para evitar a necesidade de facer axustes nas conexións entre a minicolumna e o sistema FIA. Na Táboa 20 móstrase o resultado deste experimento: o emprego de minicolumnas con diámetro interno de 1 mm proporciona resultados cuantitativos.

**Táboa 20.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	3	190	3	1	99,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Con respecto á **concentración de eluente** e según os resultados proporcionados polo deseño, o valor óptimo desta variable sería 3 M. A posibilidade de empregar concentracións maiores a 3 M non se estudiou, posto que se poderían ver afectadas partes do nebulizador do equipo de absorción atómica. Estudouse, non obstante, a posibilidade de diminuír este valor. Tal e como se pode ver na Táboa 21, dita diminución non foi posible.

**Táboa 21.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	2	190	3	1	74,9

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **volume de eluente** é a variable non significativa co efecto estimado positivo máis elevado. Según o deseño de Plackett-Burman, o valor óptimo desta variable sería 190  $\mu$ L. O estudo da diminución deste valor resulta de gran interese, posto que implica a obtención dun maior factor de preconcentración. Como se pode observar na Táboa 22, comprobouse que o menor volume de eluente capaz de proporcionar unha recuperación cuantitativa foi de 92  $\mu$ L. Este bucle é o de menor tamaño que se pode construír, debido ás

características xeométricas da válvula de inxección. Diminuír aínda máis o volume de eluente implicaría o emprego solamente do bucle interno da válvula (70,4  $\mu\text{L}$ ), que según o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 18) non proporciona un resultado cuantitativo.

**Táboa 22.** Experimento realizado para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu\text{L}$ )	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	3	92	3	1	99,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **caudal de mostra** e o **caudal de elución** son as variables non significativas con efecto estimado negativo. Según o deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos destas variables serían 0,5 e 3 mL/min, respectivamente. Estudiouse a posibilidade de aumentar ditos valores co obxectivo de conseguir así unha maior frecuencia de mostraxe e unha maior sensibilidade (posto que a velocidade de aspiración do nebulizador e o caudal de elución han de ser similares). O caudal de mostra aumentouse ata 2 mL/min, mentras que valores do caudal de elución maiores a 3 mL/min non proporcionaron recuperacións cuantitativas, tal e como se recolle na Táboa 23.

**Táboa 23.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	2	3	92	3	1	96,1
7	3	3	92	3	1	56,0
7	2	3	92	4	1	44,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **pH da mostra** é a única variable significativa e ten un efecto estimado positivo. Levouse a cabo un estudio para coñecer o intervalo de pH no cal a retención do cadmio na resina é efectiva. Os resultados deste estudio poden observarse na Táboa 24.

**Táboa 24.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cadmio na resina é efectivo.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
2	2	3	92	3	1	72,0
3	2	3	92	3	1	99,7
8	2	3	92	3	1	106,1
9	2	3	92	3	1	46,2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como pode observarse na Táboa 24, a retención do cadmio na resina Chelite P é efectiva no intervalo de pH 3-8. A pH 2 a concentración de protóns é demasiado elevada para que teña lugar de forma efectiva o cambio protón-metal. A pH 9 ten lugar a precipitación parcial do cadmio como hidróxido, diminuindo así a súa retención.

Unha vez optimizadas tódalas variables, tendo en conta os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na preconcentración do cadmio na resina Chelite P son os que se recollen na Táboa 25.

**Táboa 25.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cadmio na resina Chelite P.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	3-8
Caudal de mostra	2 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	92 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cadmio empregando a resina quelante Serdolit Che**

No caso da preconcentración do cadmio na resina Serdolit Che, a única variable estatisticamente significativa resultou ser o volume de eluente.

A optimización fóra do marco do deseño comezouse por aquelas variables non significativas. Entre estas variables están, con efecto estimado positivo o diámetro da minicolumna (efecto estimado=4,2), a concentración de eluente (efecto estimado=9,8) e o pH (efecto estimado=21,3), e con efecto negativo os caudais de mostra e elución (efectos estimados de -6,4 e -11,1, respectivamente).

O **diámetro da minicolumna** é a variable que ten a menor influencia no proceso de preconcentración. Estudouse a posibilidade de traballar con minicolumnas de diámetro 1 mm, para evitar así a necesidade de realizar

axustes nas conexións entre a minicolumna e o sistema FIA, precisas cando o diámetro da minicolumna é maior. Na Táboa 26 móstrase o resultado deste experimento.

**Táboa 26.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	3	190	3	1	103,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

A **concentración de eluente** é outra variable non significativa con efecto estimado positivo, e polo tanto, o seu valor según o deseño de Plackett-Burman sería 3 M. A utilización de ácido clorhídrico menos concentrado non proporciona resultados cuantitativos, de xeito que esta diminución non se puido levar a cabo, tal e como se mostra na Táboa 27.

**Táboa 27.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	2	190	3	1	90,0

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **pH da mostra** resultou ser a variable non significativa con maior efecto estimado, próximo á liña que sinala a significación estatística ó 95 %. Non obstante, estúdiouse a posibilidade de diminuír o valor dado polo deseño de Plackett-Burman (pH=7), que proporciona resultados cuantitativos según o

experimento 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 18) e estableceuse o intervalo de pH efectivo para a retención do cadmio na resina Serdolit Che. Os resultados deste estudio móstranse ná Táboa 28.

**Táboa 28.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cadmio na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
2	0,5	3	190	3	1	62,2
3	0,5	3	190	3	1	100,2
8	0,5	3	190	3	1	84,2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Á vista destes resultados pode concluirse que a retención do cadmio na resina Serdolit Che é efectiva no intervalo de pH 3-7.

No que respecta ó **caudal de mostra** e ó **caudal de elución**, estudiouse a posibilidade de aumentar os valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman (0,5 e 3 mL/min), co obxectivo de diminuír o tempo da preconcentración e polo tanto, de aumentar a frecuencia de mostraxe, e aumentar a sensibilidade, posto que a velocidade de aspiración do nebulizador ha de ser similar ó caudal de elución. Os resultados obtidos móstranse na Táboa 29. O caudal de mostra pode aumentarse ata 3 mL/min, posto que este valor proporciona recuperacións cuantitativas, mentras que o caudal de elución debe manterse no nivel mínimo estudiado: 3 mL/min.

**Táboa 29.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	3	3	190	3	1	103,5
7	4	3	190	3	1	54,7
7	3	3	190	4	1	59,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **volume de eluente** é a variable estatisticamente significativa no proceso de preconcentración do cadmio na resina Serdolit Che e ten un efecto estimado positivo (42,4). Non obstante, estúdiouse a posibilidade de diminuír o valor óptimo proporcionado polo deseño de Plackett-Burman, 190  $\mu$ L, co obxectivo de aumentar o factor de preconcentración. A Táboa 30 mostra o resultado deste estudo. O menor valor de volume de eluente que proporcionou unha recuperación do metal cuantitativa foi o de 150,8  $\mu$ L.

**Táboa 30.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	3	3	140,8	3	1	88,4
7	3	3	150,8	3	1	96,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos das variables implicadas na preconcentración do cadmio na resina Serdolit Che, unha vez estudadas cada unha delas fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 31.

**Táboa 31.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cadmio na resina Serdolit Che.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	3-7
Caudal de mostra	3 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	150,8 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cadmio empregando a resina quelante Duolite GT73**

Neste caso, ninguna das variables é estatisticamente significativa e os efectos estimados das mesmas, a pesar de manter as mesmas tendencias que nas outras resinas, son moi baixos. A matriz de Plackett-Burman (Táboa 18) permite observar que en ningún dos experimentos se obteñen recuperacións cuantitativas, é máis, nin sequera se supera o 30 % de recuperación do metal.

Mantendo os valores das variables nos óptimos según o deseño de Plackett-Burman, modificáronse os valores dos caudais de mostra e elución, que despois do pH son as variables con maior peso estatístico no proceso. Neste caso, non se estudiou a posibilidade de aumentalos para obter unha maior rapidez na análise, senon que se estudiou a posibilidade de diminuílos, para intentar obter recuperacións cuantitativas. Os resultados deste estudio recóllense na Táboa 32.

**Táboa 32.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

<b>A</b>	<b>B (mL/min)</b>	<b>C (M)</b>	<b>D (<math>\mu</math>L)</b>	<b>E (mL/min)</b>	<b>F (mm)</b>	<b>Recuperación (%)</b>
7	0,30	3	190	3	2	28,5
7	0,20	3	190	3	2	27,9
7	05	3	190	2	2	61,8
7	0,5	3	190	1,5	2	77,2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Á vista dos resultados obtidos, pode concluírse que diminuíndo o caudal de elución por debaixo dos valores iniciais considerados no deseño se consegue aumentar o % Recuperación ata un 77,2 %. Con valores desta variable inferiores a 1,5 mL/min, seguramente se obterían valores maiores de recuperación, ou incluso recuperacións cuantitativas. Non obstante, esta diminución é totalmente inviable, posto que a minicolumna de preconcentración se conecta directamente ó nebulizador do espectrofotómetro de absorción atómica, o que implicaría unha velocidade de aspiración inferior ou igual a 1,5 mL/min, o que provocaría unha diminución considerable na sensibilidade. A diminución do caudal de mostra por debaixo do valor mínimo considerado no deseño, non provoca un aumento significativo no % Recuperación. Realizouse un último experimento aumentando o volume de eluente por enriba do límite superior do deseño, a pesar de ser esta a variable con menor efecto estimado. O resultado obtido recóllese na Táboa 33.

**Táboa 33.** Experimento realizado para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,3	3	242,8	1,5	1	78,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O aumento no volume de eluente, a pesar de ser considerable, non supón un aumento significativo no % Recuperación.

Tendo en conta os resultados obtidos e facendo unha pequena revisión bibliográfica, pode concluirse que o caudal de elución é unha variable importante na elución dos metais retidos na resina Duolite GT73, sendo preciso empregar valores moi baixos desta variable para obter recuperacións cuantitativas dos metais, como 0,36 mL/min [152] ou 0,5 mL/min [153,154]. Como xa se comentou anteriormente, a utilización dun caudal de elución tan baixo en técnicas de preconcentración acopladas en continuo á Espectroscopía de Absorción Atómica con Chama é inviable, de maneira que se descarta a preconcentración dos metais facendo uso da resina Duolite GT73.

- **Elección da resina para levar a cabo a preconcentración do cadmio**

Na Táboa 34, recóllense os valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cadmio en cada resina. Nos resultados obtidos obsérvase que o diámetro da minicolumna, o caudal de elución e a concentración de eluente toman o mesmo valor óptimo nas dúas resinas, mentras que o intervalo de pH, o caudal de mostra e o volume de eluente son diferentes para cada unha delas. A elección da resina máis

axeitada para a preconcentración do cadmio farase, polo tanto, en función destas últimas variables.

**Táboa 34.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cadmio en cada resina.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA PRECONCENTRACIÓN DO CADMIO EN CADA RESINA	
	CHELITE P	SERDOLIT CHE
<b>A</b>	2-8	3-7
<b>B (mL/min)</b>	2	3
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	92	150,8
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	1	1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna

O intervalo de pH efectivo para a retención do metal é amplo en calquera das dúas resinas. Ademais, se se ten en conta que o pH do extracto ácido a preconcentrar vai ser moi baixo, esta variable non resulta determinante na elección da resina. Con respecto ó caudal de mostra, hai que dicir que a diferenza entre unha e outra resina é de 1 mL/min, que resultaría de gran importancia no caso de preconcentrar un volume de mostra elevado (da orde de 50 mL ou maior). O volume do extracto ácido vaise estudar entre 2 e 5 mL, de maneira que esta variable tampouco resulta determinante na elección da resina. O volume de eluente vai determinar o factor de preconcentración da resina. A diferenza entre unha ou outra resina implica a obtención de factores de preconcentración 1,6 veces maiores, empregando a

resina Chelite P. Tendo en conta que a concentración de cadmio nas mostras de natureza alimenticia é moi baixa, aumentar o factor de preconcentración resultará enormemente vantaxoso. Polo tanto, a resina que se vai empregar para levar a cabo a preconcentración do cadmio é a **Chelite P**.

## 2.2 Preconcentración do chumbo

A optimización da preconcentración do chumbo realizouse aplicando o deseño de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III e con 6 graos de liberdade e un punto central, cuxa matriz de experimentos se recolle na Táboa 16. As variables que afectan á extracción do chumbo, así como os seus valores máximos e mínimos, seleccionados en base a experimentos previos, recóllense na Táboa 35.

Unha vez obtida a matriz de Plackett-Burman leváronse a cabo os experimentos obtidos na mesma, empregando dispositivo FIA indicado na Figura 14. Este deseño aplicouse a unha disolución patrón de chumbo de 0,2  $\mu\text{g/mL}$ , facéndose pasar a través de cada minicolumna de preconcentración 2 mL da mesma.

**Táboa 35.** Valores máximos e mínimos establecidos para cada unha das variables no deseño de Plackett-Burman.

VARIABLE	NOTACIÓN	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
pH	A	1	7
Caudal de mostra	B	0,5 mL/min	4,0 mL/min
[HCl] (eluyente)	C	0,1 M	3,0 M
Volume de eluyente	D	70,4 $\mu\text{L}$	190,0 $\mu\text{L}$
Caudal de eluyente	E	3 mL/min	5 mL/min
Díámetro da minicolumna	F	1 mm	2 mm



A matriz de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada un dos experimentos, xunto co % Recuperación obtido en cada un deles para cada unha das resinas, recóllese na Táboa 36. Os experimentos realizáronse por duplicado, polo cal o % Recuperación é a media dos dous resultados obtidos.

Unha vez realizados os experimentos, procedeuse á análise dos datos. Para coñecer que variables son estatisticamente significativas, recórrese ás **Cartas Pareto Estandarizadas** que se recollen na Figura 20.

**Táboa 36.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e % Recuperación obtido en cada experimento para cada resina.

NE	A	B	C	D	E	F	% Recuperación	
							Chelite P	Serdolit Che
1	7	0,5	3	70,4	3	1	59,3	20,2
2	7	4	0,1	190	3	1	55,0	61,3
3	1	4	3	70,4	5	1	29,0	6,1
4	7	0,5	3	190	3	2	98,7	103,2
5	7	4	0,1	190	5	1	70,0	38,1
6	7	4	3	70,4	5	2	39,7	18,9
7	4	2,25	1,55	130,2	4	1,5	64,5	51,0
8	1	4	3	190	3	2	38,7	9,1
9	1	0,5	3	190	5	1	44,6	10,8
10	1	0,5	0,1	190	5	2	34,4	6,9
11	7	0,5	0,1	70,4	5	2	51,0	11,1
12	1	4	0,1	70,4	3	2	18,2	5,2
13	1	0,5	0,1	70,4	3	1	24,1	7,2

NE, número de experimento; A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.



**Figura 20.** Carta pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial. A liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.2.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman á preconcentración do chumbo coas dúas resinas, obsérvase que o pH da mostra e o volume de eluente son as variables estatisticamente significativas para a resina Chelite P, mentras que o pH da mostra é a única variable estatisticamente significativa para a resina Serdolit Che.

As demais variables teñen unha maior ou menor importancia no proceso de preconcentración, pero sen superar o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza (representado pola liña vertical). O comportamento das variables nas dúas resinas é similar. En ambos casos, o pH da mostra e o volume de eluente son as variables de máis peso no proceso de preconcentración, e ademais, a influencia das mesmas é positiva. Os caudais de mostra e elución teñen en ambos casos un efecto estimado negativo, e o diámetro da minicolumna é a variable menos importante no proceso de preconcentración.

Unha vez analizados os resultados proporcionados polo deseño, os valores óptimos para cada unha das variables según o mesmo son as que se recollen na Táboa 37.

Como o deseño de Plackett-Burman só nos proporciona as tendencias das variables cara o óptimo, e non o valor óptimo das mesmas, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño, dacordo cos valores obtidos no mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha destas variables que afectan á preconcentración do chumbo nas diferentes resinas quelantes.

**Táboa 37.** Valores óptimos dacordo co deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do chumbo nas diferentes resinas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN	
	Chelite P	Serdolit Che
<b>A</b>	7	7
<b>B (mL/min)</b>	0,5	0,5
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	190	190
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	1	2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.2.2 Experimentos realizados fóra do marco do deseño

#### ▪ Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do chumbo empregando a resina quelante Chelite P

En primeiro lugar estudiáronse as variables estatisticamente non significativas. Dentro das variables non significativas, teñen efecto estimado positivo a concentración de eluente (efecto estimado=9,5) e efecto estimado negativo o diámetro da minicolumna (efecto estimado=-0,2) e os caudais de mostra (efecto estimado=-10,2) e elución (efecto estimado=-4,2).

No que respecta ó **diámetro da minicolumna**, estúdiouse a posibilidade de traballar con diámetros de 1 mm, para evitar facer axustes nas conexións das minicolumnas co sistema FIA. O resultado deste estudio mostrase na Táboa 38.

**Táboa 38.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	3	190	3	1	98,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

A **concentración de eluente** é unha variable que afecta positivamente ó proceso de preconcentración. Non obstante, estúdiouse a posibilidade de utilizar ácido clorhídrico máis diluído. Como recolle a Táboa 39, o emprego de ácido clorhídrico 2 M non proporcionou resultados cuantitativos. Polo tanto, o valor óptimo desta variable é 3 M.

**Táboa 39.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	2	190	3	1	84,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **caudal de mostra** e o **caudal de elución** son variables con efecto estimado negativo, é dicir, canto menor sexa o valor destas variables, dentro do intervalo estudiado, maior será o % Recuperación obtido. Non obstante, e co obxectivo de lograr un menor tempo de análise e aumentar a sensibilidade, posto que a velocidade de aspiración do nebulizador ha de ser similar ó caudal de elución, estúdiouse a posibilidade de aumentar o valor destas variables. O resultado deste estudio recóllese na Táboa 40.

**Táboa 40.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	3	3	190	3	1	97,9
7	4	3	190	3	1	75,5
7	3	3	190	4	1	56,2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Con respecto ás variables estatisticamente significativas, **pH da mostra** (efecto estimado=30,8) e **volume de eluente** (efecto estimado=20,0), estableceuse o intervalo de pH efectivo de retención e estúdiouse a posibilidade de diminuír o volume de eluente, co obxectivo de aumentar o factor de preconcentración. As Táboas 41 e 42 mostran os resultados destes estudos.

**Táboa 41.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cadmio na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
8	3	3	190	3	1	35,3
2	3	3	190	3	1	100,2
1	3	3	190	3	1	34,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como pode observarse, a retención do chumbo na resina Chelite P é efectiva no intervalo de pH 2-7 (A pH 7, a recuperación obtida é cuantitativa, como demostra o experimento 4 da matriz de Plackett-Burman).

**Táboa 42.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	3	3	150,8	3	1	64,4
7	3	3	160,9	3	1	101,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos das variables implicadas na preconcentración do chumbo na resina Chelite P, unha vez estudias cada unha delas fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 43.

**Táboa 43.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do chumbo na resina Chelite P.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	2-7
Caudal de mostra	3 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	160,9 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do chumbo empregando a resina quelante Serdolit Che**

No caso da preconcentración do chumbo empregando a resina quelante Serdolit Che, a única variable estatisticamente significativa é o pH da mostra.

Os experimentos fóra do marco do deseño comezáronse polas variables non significativas. O **diámetro da minicolumna** é a variable que ten o menor efecto estimado (efecto estimado=1,8). Estudouse a posibilidade de diminuír

este valor, e, tal e como se mostra na Táboa 44, o diámetro da minicolumna fixouse en 1 mm.

**Táboa 44.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	3	190	3	1	103,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Con respecto á **concentración de eluente**, estudiouse a posibilidade de empregar unha concentración menor ó valor optimizado polo deseño. Tal e como mostra a Táboa 45 esta diminución non foi posible, co cal o valor óptimo para esta variable é 3 M.

**Táboa 45.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	2	190	3	1	90,1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

A variable estatisticamente non significativa con maior efecto estimado é o **volume de eluente** (efecto estimado=26,8). Estudiouse a posibilidade de diminuír este valor, para aumentar así o factor de preconcentración. O menor volume de eluente capaz de proporcionar unha recuperación cuantitativa foi 160,9  $\mu$ L. A Táboa 46 mostra o resultado desta análise.

**Táboa 46.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	0,5	3	160,9	3	1	100,3
7	0,5	3	150,8	3	1	88,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **caudal de mostra** e o **caudal de elución** teñen efecto estimado negativo, de maneira que os valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman para estas variables son 0,5 e 3 mL/min, respectivamente. Estudiouse a posibilidade de aumentar estes valores. O resultado deste estudio recóllese na Táboa 47.

**Táboa 47.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
7	3	3	160,9	3	1	96,7
7	4	3	160,9	3	1	69,7
7	3	3	160,9	4	1	54,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

No que respecta á variable estatisticamente significativa, o **pH da mostra**, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño co obxectivo de establecer o intervalo de retención efectivo. No experimento 4 da matriz de Plackett-Burman pode observarse que a pH 7 a retención do chumbo é efectiva. Na Táboa 48 recóllese o resultado desta análise.

**Táboa 48.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do chumbo na resina é efectiva.

<b>A</b>	<b>B</b> (mL/min)	<b>C</b> (M)	<b>D</b> ( $\mu$ L)	<b>E</b> (mL/min)	<b>F</b> (mm)	<b>Recuperación</b> (%)
4	3	3	160,9	3	1	92,1
4,5	3	3	160,9	3	1	101,2
8	3	3	160,9	3	1	38,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como pode observarse, a retención do chumbo na resina é efectiva no intervalo de pH 4,5-7.

Os valores óptimos para cada unha das variables implicadas na preconcentración do chumbo na resina Serdolit Che móstranse na Táboa 49.

**Táboa 49.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do chumbo na resina Serdolit Che.

<b>VARIABLE</b>	<b>VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE</b>
<b>pH da mostra</b>	4,5-7
<b>Caudal de mostra</b>	3 mL/min
<b>Concentración de eluente (HCl)</b>	3 M
<b>Volume de eluente</b>	160,9 $\mu$ L
<b>Caudal de eluente</b>	3 mL/min
<b>Diámetro da minicolumna</b>	1 mm

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

#### ▪ Elección da resina para levar a cabo a preconcentración do chumbo

Na Táboa 50, recóllense os valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do chumbo en cada resina. Nos resultados obtidos obsérvase que tódalas variables teñen o mesmo valor,

excepto o intervalo de pH. Posto que o intervalo de pH efectivo de retención é máis amplo no caso da resina Chelite P, e tendo en conta que o pH do extracto ácido a preconcentrar cando se leve a cabo a extracción deste metal nas mostras sólidas de natureza alimenticia será moi baixo, a resina **Chelite P** será a empregada na preconcentración do chumbo.

**Táboa 50.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do chumbo en cada resina.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA PRECONCENTRACIÓN DO CHUMBO EN CADA RESINA	
	CHELITE P	SERDOLIT CHE
<b>A</b>	2-7	4,5-7
<b>B (mL/min)</b>	3	3
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	160,9	160,9
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	1	1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.3 Preconcentración do cobalto

A optimización deste proceso realizouse aplicando o deseño de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III e con 6 graos de liberdade e un punto central, cuxa matriz de experimentos se recolle na Táboa 16. As variables que afectan á extracción do cobalto, así como os seus valores máximos e mínimos, seleccionados en base a experimentos previos, refléxanse na Táboa 51.

**Táboa 51.** Valores máximos e mínimos establecidos para cada unha das variables no deseño de Plackett-Burman.

VARIABLE	NOTACIÓN	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
<b>pH</b>	<b>A</b>	1	7
<b>Caudal de mostra</b>	<b>B</b>	0,5 mL/min	4,0 mL/min
<b>[HCl] (eluyente)</b>	<b>C</b>	0,1 M	3,0 M
<b>Volume de eluyente</b>	<b>D</b>	70,4 $\mu$ L	190,0 $\mu$ L
<b>Caudal de eluyente</b>	<b>E</b>	3 mL/min	5 mL/min
<b>Diámetro da minicolumna</b>	<b>F</b>	1 mm	2 mm



Unha vez obtida a matriz de Plackett-Burman leváronse a cabo os experimentos obtidos na mesma, empregando dispositivo FIA indicado na Figura 14. Este deseño aplicouse a unha disolución patrón de cobalto de 0,04  $\mu$ g/mL, facéndose pasar a través de cada minicolumna de preconcentración 2 mL da mesma. A matriz de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada un dos experimentos, xunto co % Recuperación obtido en cada un deles para cada unha das resinas, recóllese na Táboa 52. Os experimentos realizáronse por duplicado, polo cal o % Recuperación é a media dos dous resultados obtidos.

**Táboa 52.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e % Recuperación obtido en cada experimento para cada resina.

NE	A	B	C	D	E	F	% Recuperación	
							Chelite P	Serdolit Che
1	7	0,5	3	70,4	3	1	45,1	41,2
2	7	4	0,1	190	3	1	24,3	30,7
3	1	4	3	70,4	5	1	9,3	0,0
4	7	0,5	3	190	3	2	84,6	67,2
5	7	4	0,1	190	5	1	18,5	12,4
6	7	4	3	70,4	5	2	22,1	23,8
7	4	2,25	1,55	130,2	4	1,5	45,8	70,7
8	1	4	3	190	3	2	20,0	0,0
9	1	0,5	3	190	5	1	30,1	0,0
10	1	0,5	0,1	190	5	2	25,0	0,0
11	7	0,5	0,1	70,4	5	2	26,1	21,1
12	1	4	0,1	70,4	3	2	4,9	0,0
13	1	0,5	0,1	70,4	3	1	13,9	0,0

NE, número de experimento; A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Unha vez realizados os experimentos, procedeuse á análise dos datos. Para coñecer que variables son estatisticamente significativas, recórrase ás **Cartas Pareto Estandarizadas** que se recollen na Figura 21.



**Figura 21.** Carta pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial. A liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### **2.3.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial**

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman á preconcentración do cobalto empregando as dúas resinas quelantes, obsérvase unha tendencia similar en tódalas variables. Os caudais de mostra e elución teñen efectos estimados negativos, mentras que o resto das variables afectan positivamente ó proceso de preconcentración. Non obstante, para a resina Chelite P hai dúas variables estatisticamente significativas, o caudal e o pH da mostra, mentras que para a resina Serdolit Che ningunha das variables afecta significativamente ó proceso de preconcentración, se ben a variable pH da mostra se atopa próxima á liña que indica o nivel de significación, establecido polo método para un 95 % de confianza.

Polo tanto, os valores óptimos de cada unha das variables tendo en conta os resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman, son os que se mostran na Táboa 53.

Posto que o deseño de Plackett-Burman nos indica a tendencia das variables cara o valor óptimo, pero non dito valor, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño e dacordo cos resultados obtidos no mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha das variables que afectan ó proceso de preconcentración de cobalto nas diferentes resinas.

**Táboa 53.** Valores óptimos dacordo co deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cobalto nas diferentes resinas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN	
	Chelite P	Serdolit Che
<b>A</b>	7	7
<b>B (mL/min)</b>	0,5	0,5
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	190	190
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	2	2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.3.2 Experimentos fóra do marco do deseño

#### ▪ Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cobalto empregando a resina quelante Chelite P

Neste caso en concreto, e posto que en ningún dos experimentos da matriz de Plackett-Burman (Táboa 52) se obtiveron resultados cuantitativos, estudiáronse en primeiro lugar as variables estatisticamente significativas, é dicir, o caudal de paso de mostra e o pH da mesma.

O **pH da mostra** estivo entre 4 e 6,5, posto que a pH 7, tal e como mostra o experimento 4 da matriz de Plackett-Burman, a retención do cobalto non é efectiva. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 54.

**Táboa 54.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cobalto na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
6,5	0,5	3	190	3	2	101,3
4,5	0,5	3	190	3	2	101,0
4	0,5	3	190	3	2	85,1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **caudal de mostra** é a outra variable estatisticamente significativa e ten un efecto estimado negativo (efecto estimado=-20,9). Non obstante, estúdiouse a posibilidade de aumentar o valor proporcionado polo deseño de Plackett-Burman, para aumentar así a frecuencia de mostraxe. A Táboa 55 mostra o resultado desta análise. A preconcentración é cuantitativa a un caudal de paso de mostra de 2 mL/min.

**Táboa 55.** Experimentos realizados para a optimización do caudal de mostra.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	3	190	3	2	101,0
5	3	3	190	3	2	81,1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Con respecto ás variables non significativas, é dicir, aquelas con menos importancia no proceso de preconcentración, teñen efecto estimado positivo o diámetro da minicolumna (efecto estimado=6,9), o volume de eluente (efecto estimado=13,5) e a concentración de eluente (efecto estimado=16,4).

O caudal de elución é a única variable non significativa con efecto estimado negativo (efecto estimado=-10,3).

No que respecta ó **diámetro da minicolumna**, estúdiouse a posibilidade de traballar con minicolumnas de 1 mm de diámetro, para evitar ter que facer axustes nas conexións entre a minicolumna e o sistema FIA. O resultado desta análise recóllese na Táboa 56.

**Táboa 56.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	3	190	3	1	103,0

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **volume de eluente** é unha variable non significativa con efecto estimado positivo. Estúdiouse a posibilidade de reducir o valor proporcionado polo deseño de Plackett-Burman (190  $\mu$ L) ó mínimo valor que permita a obtención dunha recuperación cuantitativa. A Táboa 57 mostra o resultado desta análise. Un volume de eluente de 150,8  $\mu$ L resultou ser suficiente para arrastrar cara o detector todo o metal retido na minicolumna.

**Táboa 57.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	3	140,8	3	1	77,1
5	2	3	150,8	3	1	103,0

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

A **concentración de eluente** é a variable non significativa con maior efecto estimado (efecto estimado=16,4). Estudiouse a posibilidade de empregar ácido clorhídrico máis diluído que o 3 M. O resultado da análise, que se recolle na Táboa 58 demostrou que dita dilución non proporcionaba recuperacións cuantitativas.

**Táboa 58.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	2	150,8	3	1	90,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Por último, intentouse aumentar o **caudal de elución**, co obxectivo de aumentar a sensibilidade, posto que a velocidade de aspiración do nebulizador ha de ser similar ó caudal de elución. Non obstante e tal e como se indica na Táboa 59, o aumento do caudal de elución a 4 mL/min non proporcionou resultados cuantitativos.

**Táboa 59.** Experimento realizados para a optimización do caudal de elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	3	150,8	4	1	64,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración de cobalto na resina Chelite P indícanse na Táboa 60.

**Táboa 60.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cobalto na resina Chelite P.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	4,5-6,5
Caudal de mostra	2 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	150,8 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cobalto empregando a resina quelante Serdolit Che**

No caso da preconcentración do cobalto empregando a resina quelante Serdolit Che, non hai ninguna variable estatisticamente significativa. Non obstante, o pH da mostra presenta un efecto estimado elevado (efecto estimado=32,3) e moi próximo á liña vertical que indica o nivel de significación, establecido polo método para un 95 % de confianza. Como en ningún dos experimentos da matriz de Plackett-Burman (Táboa 52) se obtiveron resultados cuantitativos, a optimización fóra do marco do deseño comezouse pola variable con máis peso estatístico, é dicir, o pH da mostra. O **pH da mostra** estulouse entre 4 e 6, tal e como se indica na Táboa 61. Dos resultados obtidos, pode concluirse que o intervalo de pH de retención efectiva é pequeno, concretamente entre 4,5 e 5,5.

**Táboa 61.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cadmio na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
6	0,5	3	190	3	2	92,5
5,5	0,5	3	190	3	2	100,6
4,5	0,5	3	190	3	2	101,8
4	0,5	3	190	3	2	85,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

A variable **diámetro da minicolumna** ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=4,7). Estudiouse a posibilidade de empregar minicolumnas de preconcentración con diámetros de 1 mm. O resultado desta análise mostrase na Táboa 62.

**Táboa 62.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	3	190	3	1	101,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

No que respecta á **concentración de eluente**, estudiouse a posibilidade de reducir a concentración do ácido clorhídrico. Tal e como mostra a Táboa 63, esta redución non foi posible, posto que a utilización de ácido 2 M proporcionou unha recuperación do 81,8 %.

**Táboa 63.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	2	190	3	1	81,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **volume de eluente** é a variable con menor efecto estimado (efecto estimado=4,0). Estudiouse a posibilidade de reducir este volume, co obxectivo de obter un maior factor de preconcentración. A Táboa 64 recolle o resultado deste estudio.

**Táboa 64.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	3	140,8	3	1	93,0
5	0,5	3	150,8	3	1	101,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Por último, estudiáronse as variables con efecto estimado negativo, é dicir, o **caudal de mostra** (efecto estimado=-10,7) e o **caudal de elución** (efecto estimado=-13,7). Co obxectivo de lograr análises rápidas e aumentar a sensibilidade, estudiouse a posibilidade de aumentar o valor destas variables. Na Táboa 65 recóllese o resultado deste estudio: non foi posible aumentar o valor de ningunha destas variables.

**Táboa 65.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	1	3	150,8	3	2	74,3
5	0,5	3	150,8	4	2	60,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos das variables implicadas no proceso de preconcentración do cobalto na resina Serdolit Che indícanse na Táboa 66.

**Táboa 66.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cobalto na resina Serdolit Che.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	4,5-5,5
Caudal de mostra	0,5 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	150,8 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Elección da resina para levar a cabo a preconcentración do cobalto**

A Táboa 67 recolle os valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cobalto en cada resina.

Como pode observarse na táboa, só hai dúas variables que presentan un valor óptimo diferente para as dúas resinas: o intervalo de pH efectivo para a retención e o caudal de mostra. Ambos resultados demostran que a resina máis axeitada para a retención do cobalto é a resina Chelite P, posto que presenta un intervalo óptimo de pH máis amplo para a retención e un caudal

de mostra 4 veces maior. Esta última variable é a decisiva á hora da elección da resina, posto que implica que o proceso de preconcentración terá lugar 4 veces máis rápido. Polo tanto, a resina elixida para levar a cabo a preconcentración do cobalto é a resina **Chelite P**.

**Táboa 67.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cobalto en cada resina.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA PRECONCENTRACIÓN DO COBALTO EN CADA RESINA	
	CHELITE P	SERDOLIT CHE
<b>A</b>	4,5-6,5	4,5-5,5
<b>B (mL/min)</b>	2	0,5
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	150,8	150,8
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	1	1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

#### 2.4 Preconcentración do cromo

Este proceso optimizouse aplicando o deseño de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III e con 6 graos de liberdade e un punto central, cuxa matriz de experimentos se recolle na Táboa 16. As variables que afectan á extracción do cromo, así como os seus valores máximos e mínimos, seleccionados en base a experimentos previos, recóllense na Táboa 68.

**Táboa 68.** Valores máximos e mínimos establecidos para cada unha das variables no deseño de Plackett-Burman.

VARIABLE	NOTACIÓN	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
pH	A	1	7
Caudal de mostra	B	0,5 mL/min	4,0 mL/min
[HCl] (eluente)	C	0,1 M	3,0 M
Volume de eluente	D	70,4 $\mu$ L	190,0 $\mu$ L
Caudal de eluente	E	3 mL/min	5 mL/min
Diámetro da minicolumna	F	1 mm	2 mm



A matriz de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada experimento e o % Recuperación obtido en cada caso recóllese na Táboa 69. Os experimentos realizáronse por duplicado e cunha disolución patrón de cromo de 0,075  $\mu$ g/mL, facéndose pasar a través de cada minicolumna 2 mL da mesma.

Unha vez realizados os experimentos da matriz, empregando para tal fin o dispositivo FIA indicado na Figura 14, procedeuse á análise dos datos proporcionados polo deseño. É preciso coñecer que variables son significativas e como afectan ó proceso de extracción, para o cal se recorre ás **Cartas Pareto Estandarizadas**, que se recollen na Figura 22.

**Táboa 69.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e % Recuperación obtido en cada experimento para cada resina.

NE	A	B	C	D	E	F	% Recuperación	
							Chelite P	Serdolit Che
1	7	0,5	3	70,4	3	1	23,6	30,6
2	7	4	0,1	190	3	1	12,7	15,3
3	1	4	3	70,4	5	1	10,3	13,0
4	7	0,5	3	190	3	2	59,0	63,4
5	7	4	0,1	190	5	1	10,8	12,3
6	7	4	3	70,4	5	2	11,1	17,8
7	4	2,25	1,55	130,2	4	1,5	36,1	36,7
8	1	4	3	190	3	2	25,8	20,5
9	1	0,5	3	190	5	1	48,0	25,8
10	1	0,5	0,1	190	5	2	24,5	14,4
11	7	0,5	0,1	70,4	5	2	19,9	15,0
12	1	4	0,1	70,4	3	2	9,5	7,1
13	1	0,5	0,1	70,4	3	1	5,8	10,5

NE, número de experimento; A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.



**Figura 22.** Carta pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial. A liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.4.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman á preconcentración do cromo coas dúas resinas, obsérvase que no caso da resina Chelite P hai tres variables estatisticamente significativas, o volume de eluente (efecto estimado=16,8), o caudal de mostra (efecto estimado=-16,8) e a concentración de eluente (efecto estimado=15,8), mentras que a concentración de eluente é a única variable estatisticamente significativa para a resina Serdolit Che. As demais variables non superan o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza (representado pola liña vertical). O comportamento das variables é similar nas dúas resinas: os caudais de mostra e elución afectan ó sistema de forma negativa, mentras que o pH da mostra, a concentración de eluente, o volume de eluente e o diámetro da minicolumna o fan positivamente.

Unha vez analizados os resultados obtidos co deseño de Plackett-Burman, os valores establecidos como óptimos según o deseño factorial de Screening para cada unha das variables son os que se indican na Táboa 70.

Tendo en conta que o deseño de Plackett-Burman non proporciona o valor óptimo das variables, senon a tendencia das mesmas cara o valor óptimo, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño e dacordo cos resultados obtidos no mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cromo nas resinas Chelite P e Serdolit Che.

**Táboa 70.** Valores óptimos dacordo co deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cromo nas diferentes resinas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN	
	Chelíte P	Serdolit Che
<b>A</b>	7	7
<b>B (mL/min)</b>	0,5	0,5
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	190	190
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	2	2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

#### 2.4.2 Experimentos fóra do marco do deseño

- **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cromo empregando a resina quelante Chelíte P**

Neste caso, ó igual que na preconcentración do cobalto, non hai ningún experimento da matriz de Plackett-Burman onde se obteñan resultados cuantitativos. Da mesma maneira, a optimización fóra do marco do deseño comezouse polo estudo do **pH da mostra** óptimo para a retención, mantendo as outras variables nos valores proporcionados polo deseño. O pH estúdiouse entre 2,5 e 5, e os resultados obtidos recóllense na Táboa 71.

**Táboa 71.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cromo na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
2,5	0,5	3	190	3	2	89,9
3	0,5	3	190	3	2	101,6
4,5	0,5	3	190	3	2	96,8
5	0,5	3	190	3	2	73,6

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como se pode observar na táboa, o intervalo de pH efectivo para a retención do cromo é entre 3 e 4,5.

O **diámetro da minicolumna** é a outra variable non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=6,4). Estudiouse a posibilidade de empregar minicolumnas con 1 mm de diámetro interno, para evitar facer axustes nas conexións entre a minicolumna e o sistema FIA. O resultado deste estudio mostrase na Táboa 72.

**Táboa 72.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	190	3	1	101,6

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **caudal de elución** é a variable non significativa con menor efecto estimado (efecto estimado=-2,0). Estudiouse a posibilidade de aumentar o seu valor, co obxectivo de conseguir unha maior sensibilidade, posto que o caudal

de elución e a velocidade de aspiración do nebulizador han de ser parellas. Este aumento non foi posible, tal e como recolle a Táboa 73.

**Táboa 73.** Experimento realizados para a optimización do caudal de elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	190	4	1	82,1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

No referente á **concentración de eluente**, a variable estatisticamente significativa con menor efecto estimado, estídiouse a posibilidade de diminuír o seu valor. Non obstante, a utilización de ácido clorhídrico 2 M non proporcionou resultados cuantitativos. O resultado deste estudio móstrase na Táboa 74.

**Táboa 74.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	2	190	3	1	87,5

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O volume de eluente e o caudal de mostra son as variables estatisticamente significativas con maior peso no proceso de preconcentración, se ben a tendencia das mesmas é oposta. O **caudal de mostra** afecta negativamente ó proceso. Estídiouse a posibilidade de aumentalo, co obxectivo de lograr unha maior frecuencia de mostraxe. Tal e

como se indica na Táboa 75, nin sequera o aumento de 0,5 a 1 mL/min foi posible.

**Táboa 75.** Experimentos realizados para a optimización do caudal de mostra.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	1	3	190	3	1	74,9

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Por último optimizouse fóra do marco do deseño o **volume de eluente**. Co obxectivo de lograr un maior factor de preconcentración, estudiouse a posibilidade de diminuír o valor desta variable proporcionado polo deseño de Plackett-Burman (190  $\mu$ L). O resultado deste estudio móstrase na Táboa 76. O menor volume de eluente capaz de proporcionar resultados cuantitativos foi 160,9  $\mu$ L.

**Táboa 76.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	160,9	3	1	101,6
4	0,5	3	150,8	3	1	88,5

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cromo na resina Chelite P indícanse na Táboa 77.

**Táboa 77.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cromo na resina Chelite P.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	3-4,5
Caudal de mostra	0,5 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	160,9 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do cromo empregando a resina quelante Serdolit Che**

Neste caso só a concentración de eluente é unha variable estatisticamente significativa. Do mesmo xeito que na preconcentración do cromo na resina Chelite P, non se obtivo ningún valor cuantitativo nos experimentos proporcionados pola matriz de Plackett-Burman. A optimización fóra do marco do deseño comezouse polo **pH da mostra**, realizándose unha serie de experimentos para establecer o intervalo de pH no cal a retención do metal na resina é efectiva. Os resultados deste estudio recóllense na Táboa 78.

**Táboa 78.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do cromo na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
3	0,5	3	190	3	2	80,8
3,5	0,5	3	190	3	2	98,4
4,5	0,5	3	190	3	2	102,9
5	0,5	3	190	3	2	82,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como se pode observar na táboa, o intervalo de pH no cal a retención do cromo é efectiva é entre 3,5 e 4,5.

Entre as outras variables que non superan o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza están o volume de eluente e o diámetro da minicolumna, con efectos estimados positivos, e os caudais de mostra e elución, con efectos estimados negativos.

O **diámetro da minicolumna** é a variable con menos peso estatístico no proceso de preconcentración do cromo (efecto estimado=5,1). Estudouse a posibilidade de traballar con minicolumnas de diámetro 1mm, para evitar facer conexións entre o sistema FIA e a propia minicolumna. O resultado desta análise recóllese na Táboa 79.

**Táboa 79.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	190	3	1	102,9

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **volume de eluente** é a outra variable non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=9,6). Co obxectivo de aumentar o factor de preconcentración, estudouse a posibilidade de diminuír o valor proporcionado polo deseño (190  $\mu$ L). A Táboa 80 recolle o resultado deste estudio. O mínimo valor de volume de eluente capaz de proporcionar un valor cuantitativo do % Recuperación foi 133,2  $\mu$ L.

**Táboa 80.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	133,2	3	1	102,9
4	0,5	3	123,2	3	1	85,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **caudal de mostra** e o **caudal de elución** son as únicas variables que teñen un efecto estimado negativo. Estudiouse a posibilidade de aumentar o valor destas dúas variables, co obxectivo de aumentar a frecuencia de mostraxe e a sensibilidade. Os experimentos realizados e os seus resultados, recóllense na Táboa 81. O caudal de mostra puido aumentarse ata 1,5 mL/min, mentras que o caudal de elución se tivo que manter en 3 mL/min.

**Táboa 81.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	2	3	133,2	3	1	90,6
4	1,5	3	133,2	3	1	95,2
4	1,5	3	133,2	4	1	89,5

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Con respecto á única variable estatisticamente significativa, a **concentración de eluente**, estudiouse a posibilidade de empregar ácido clorhídrico máis diluído. Tal e como se recolle na Táboa 82, esta dilución non foi posible.

**Táboa 82.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	1,5	2	133,2	3	1	88,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cromo na resina Serdolit Che, son os que se indican na Táboa 83.

**Táboa 83.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do cromo na resina Serdolit Che

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	3,5-4,5
Caudal de mostra	1,5 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	133,2 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Elección da resina para levar a cabo a preconcentración do cromo**

A Táboa 84 recolle os valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cromo en cada resina.

Como pode observarse na táboa, o diámetro da minicolumna, o caudal de elución e a concentración de eluente teñen o mesmo valor óptimo para cada unha das resinas. A elección dunha ou outra farase, polo tanto, en base ós valores das outras variables. O intervalo de pH efectivo para a retención é similar en ambas resinas. O caudal de mostra é maior no caso da resina

Serdolit Che. Concretamente, nesta resina a preconcentración levarase a cabo 3 veces máis rápido que coa resina Chelite P, o que contribuirá a mellorar a frecuencia de mostraxe. A resina Serdolit Che tamén ten menor volume de eluente, o que permitirá a obtención dun factor de preconcentración maior. Á vista destes resultados, a resina elexida para levar a cabo a preconcentración do cromo será a **Serdolit Che**.

**Táboa 84.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cromo en cada resina.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA PRECONCENTRACIÓN DO CROMO EN CADA RESINA	
	CHELITE P	SERDOLIT CHE
<b>A</b>	3-4,5	3,5-4,5
<b>B (mL/min)</b>	0,5	1,5
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	160,9	133,2
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	1	1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

## 2.5 Preconcentración do níquel

A optimización deste proceso realizouse aplicando o deseño de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III e con 6 graos de liberdade e un punto central, cuxa matriz de experimentos se recolle na Táboa 16. As variables que afectan á extracción do níquel, así como os seus valores máximos e mínimos, non difiren das anteriores e móstranse na Táboa 68 (páxina 135).



Unha vez obtida a matriz do deseño realizáronse os experimentos recollidos na mesma empregando o dispositivo FIA indicado na Figura 14. O deseño aplicouse a unha disolución patrón de níquel de 0,04 µg/mL, facéndose pasar a través das minicolumnas de preconcentración 2 mL desta disolución. A matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores que toma cada variable en cada experimento e o % Recuperación obtido en cada caso, móstrase na Táboa 85. Os experimentos realizáronse por duplicado, de xeito que o % Recuperación indicada e a media dos dous experimentos.

Unha vez realizados os 13 experimentos, procedeuse á análise dos datos proporcionados polo deseño. Para coñecer que variables son significativas e como afectan ó proceso de preconcentración, recórrese ás **Cartas Pareto Estandarizadas** para cada resina, que se recollen na Figura 23.

**Táboa 85.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e % Recuperación obtido en cada experimento para cada resina.

NE	A	B	C	D	E	F	% Recuperación	
							Chelite P	Serdolit Che
1	7	0,5	3	70,4	3	1	37,7	37,1
2	7	4	0,1	190	3	1	10,0	11,6
3	1	4	3	70,4	5	1	3,0	8,8
4	7	0,5	3	190	3	2	62,6	61,8
5	7	4	0,1	190	5	1	6,0	7,5
6	7	4	3	70,4	5	2	11,0	18,1
7	4	2,25	1,55	130,2	4	1,5	27,2	38,6
8	1	4	3	190	3	2	8,0	22,5
9	1	0,5	3	190	5	1	10,5	19,5
10	1	0,5	0,1	190	5	2	3,5	4,9
11	7	0,5	0,1	70,4	5	2	8,0	6,0
12	1	4	0,1	70,4	3	2	2,0	3,4
13	1	0,5	0,1	70,4	3	1	4,0	4,5

NE, número de experimento; A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.



**Figura 22.** Carta pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial. A liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, Caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.5.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño factorial de Plackett-Burman á preconcentración do níquel coas resinas Chelite P e Serdolit Che, pode observarse un comportamento bastante similar para as dúas resinas. En ambos casos, a concentración de eluente e o pH da mostra son as variables con maior importancia no proceso de preconcentración, e a influencia que teñen no mesmo é positiva. Non obstante, para a resina Chelite P son significativas as variables pH da mostra e concentración de eluente, mentras que para a resina Serdolit Che só a concentración de eluente é significativa.

As demais variables non superan o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza, representado nas Cartas Pareto pola liña vertical. O comportamento destas variables non significativas é similar para as dúas resinas. Os caudais de mostra e elución son únicas variables con efecto estimado negativo e o volume de eluente e o diámetro da minicolumna, as variables con menor importancia no proceso de preconcentración.

Unha vez analizados os datos obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman, os valores establecidos como óptimos según o deseño factorial de Screening para cada unha das variables son os que figuran na Táboa 86.

Como o deseño aplicado só nos proporciona a tendencia das variables cara o seu valor óptimo, pero non dito valor óptimo en sí mesmo, procedeuse a realizar unha serie de experimentos fóra do marco do deseño, dacordo cos resultados obtidos no mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha das variables que afectan ó proceso de preconcentración do níquel.

**Táboa 86.** Valores óptimos dacordo co deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do cromo nas diferentes resinas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN	
	Chelite P	Serdolit Che
<b>A</b>	7	7
<b>B (mL/min)</b>	0,5	0,5
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	190	190
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	2	2

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

### 2.5.2 Experimentos fóra do marco do deseño

#### ▪ Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do níquel empregando a resina quelante Chelite P

Neste caso, ó igual que na preconcentración do cobalto e cromo, non hai ningún experimento da matriz de Plackett-Burman no cal se obteñan resultados cuantitativos, tal e como indica a Táboa 86. Da mesma maneira, a optimización fóra do marco do deseño comezouse polo estudo do **pH da mostra** óptimo para a retención, mantendo as outras variables nos valores proporcionados polo deseño. Esta variable estídiouse entre 4 e 6,5 (a pH 7, según o experimento 4 da matriz de Plackett-Burman non se obtén unha recuperación cuantitativa). O resultado deste estudio recóllese na Táboa 87.

**Táboa 87.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do níquel na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	190	3	2	82,0
4,5	0,5	3	190	3	2	96,8
6,5	0,5	3	190	3	2	97,9

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como pode observarse na táboa, a retención do níquel na resina é efectiva no intervalo 4,5-6,5.

Con respecto á outra variable estatisticamente significativa, a **concentración de eluente**, estúdiouse a posibilidade de diminuír o valor proporcionado polo deseño (3 M). Tal e como se mostra na Táboa 88, dita diminución non foi posible.

**Táboa 88.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	1,5	190	3	2	55,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Entre as variables non significativas, o **diámetro da minicolumna** é a que presenta o menor efecto estimado (efecto estimado=4,0). Estúdiouse a posibilidade de empregar minicolumnas cun diámetro interno de 1mm, co obxectivo de evitar facer axustes nas conexións entre a propia minicolumna e o sistema FIA. O resultado deste estudio recóllese na Táboa 89.

**Táboa 89.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	3	190	3	1	96,6

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Con respecto ó **volume de eluente**, a outra variable estatisticamente non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=5,8), levouse a cabo un estudo co obxectivo de diminuír o valor desta variable, para lograr así un maior factor de preconcentración. A Táboa 90 mostra o resultado desta análise. O menor valor desta variable capaz de proporcionar unha recuperación cuantitativa foi 140,8  $\mu$ L, que se tomou como valor óptimo.

**Táboa 90.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	3	133,2	3	1	83,1
5	0,5	3	140,8	3	1	96,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Por último estudiáronse as variables non significativas con efecto estimado negativo, o caudal de mostra (efecto estimado=-14,4) e o caudal de elución (efecto estimado=-13,7). O **caudal de mostra** logrouse aumentar dende 0,5 ata 2 mL/min, incrementando así a rapidez da preconcentración 4 veces. Con respecto ó **caudal de elución**, estídiouse a posibilidade de aumentar o seu valor a 4 mL/min, co cal se melloraría a sensibilidade do método. Non obstante, e tal e como mostra a Táboa 91, este incremento non foi posible.

**Táboa 91.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	3	140,8	3	1	96,6
5	3	3	140,8	3	1	62,3
5	2	3	140,8	4	1	83,1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Tendo en conta os estudos realizados, os valores óptimos das variables implicadas no proceso de preconcentración do níquel na resina Chelite P indícanse na Táboa 92.

**Táboa 92.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do níquel na resina Chelite P.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	4,5-6,5
Caudal de mostra	2 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	140,8 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Experimentos realizados para a optimización da preconcentración do níquel empregando a resina quelante Serdolit Che**

No proceso de preconcentración do níquel empregando a resina Serdolit Che só hai unha variable estatisticamente significativa: a concentración de eluente. Non obstante, tendo en conta que na matriz experimentos non se

obtivo ningunha recuperación cuantitativa (Táboa 86), o estudo fóra do marco do deseño comezouse polo pH da mostra.

O **pH da mostra** é unha variable estatisticamente non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=13,1) e estudiouse no intervalo 4-6. A pH 7, tal e como mostra o experimento 4 da matriz de Plackett-Burman, a recuperación obtida non é cuantitativa. O estudio do intervalo de pH efectivo para a retención recóllese na Táboa 93. Como pode observarse, a retención do níquel na resina Serdolit Che resulta efectiva no intervalo de pH 4,5-5,5.

**Táboa 93.** Experimentos realizados para establecer o intervalo de pH no cal a retención do níquel na resina é efectiva.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	190	3	2	85,4
4,5	0,5	3	190	3	2	97,4
5,5	0,5	3	190	3	2	100,6
6,0	0,5	3	190	3	2	89,7

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **diámetro da minicolumna** é a variable con menos influencia no proceso de preconcentración. O seu efecto estimado é positivo (4,6) e levouse a cabo un experimento para estudar a posibilidade de empregar minicolumnas con 1 mm de diámetro, co fin de evitar facer axustes nas conexións entre a minicolumna e o sistema FIA. O resultado deste experimento móstrase na Táboa 94.

**Táboa 94.** Experimento realizado para a optimización do diámetro da minicolumna.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	0,5	3	190	3	1	97,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O **volume de eluente** é a outra variable non significativa que ten unha influencia positiva no proceso de preconcentración (efecto estimado=8,3). Estudouse a posibilidade de diminuír o valor proporcionado polo deseño, co obxectivo de conseguir un maior factor de preconcentración. O resultado deste estudio indícase na Táboa 95.

**Táboa 95.** Experimentos realizados para a optimización do volume de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
4	0,5	3	123,2	3	1	79,9
4	0,5	3	133,2	3	1	97,4

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Como se observa na táboa, o menor volume de eluente que proporciona un valor do % Recuperación cuantitativo é 133,2  $\mu$ L, co cal este valor será o elixido como óptimo.

O **caudal de mostra** e o **caudal de eluente** son variables non significativas con efecto estimado negativo (-10,3 e -12,7, respectivamente). Realizáronse unha serie de experimentos para intentar aumentar o valor destas variables, para lograr unha maior frecuencia de mostraxe e unha maior sensibilidade. A Táboa 96 mostra o resultado destes experimentos.

**Táboa 96.** Experimentos realizados para a optimización dos caudais de mostra e elución.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	3	133,2	3	1	98,7
5	3	3	133,2	3	1	87,4
5	2	3	133,2	4	1	77,8

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

O caudal de mostra máis elevado capaz de proporcionar unha recuperación cuantitativa foi 2 mL/min. Estudíose a posibilidade de aumentar o caudal de elución ata 4 mL/min, pero a recuperación obtida foi de 77,8 %.

Por último, estudíose fóra do marco do deseño a única variable estatisticamente significativa: a **concentración de eluente**. A influencia desta variable no proceso de preconcentración é positiva (efecto estimado=21,6). Intentouse reducir a concentración de eluente de 3 M a 1,5 M. A recuperación obtida neste experimento foi do 64,3 %, de maneira que dita redución non foi posible. O resultado deste experimento recóllese na Táboa 97.

**Táboa 97.** Experimento realizado para a optimización da concentración de eluente.

A	B (mL/min)	C (M)	D ( $\mu$ L)	E (mL/min)	F (mm)	Recuperación (%)
5	2	1,5	133,2	3	2	64,3

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

Os valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do níquel empregando a resina Serdolit Che indícanse na Táboa 98.

**Táboa 98.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de preconcentración do níquel na resina Serdolit Che.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
pH da mostra	4,5-5,5
Caudal de mostra	2 mL/min
Concentración de eluente (HCl)	3 M
Volume de eluente	133,2 $\mu$ L
Caudal de eluente	3 mL/min
Diámetro da minicolumna	1 mm

▪ **Elección da resina para levar a cabo a preconcentración do níquel**

A Táboa 99 recolle os valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do níquel en cada resina.

Tódalas variables presentan o mesmo valor óptimo para as dúas resinas, excepto o pH da mostra e o volume de eluente. Polo tanto, a elección da resina máis axeitada para a preconcentración do níquel farase en base a estas variables.

O intervalo de pH efectivo para a retención é máis amplo no caso da resina Chelite P (4,5-6,5 fronte 4,5-5,5). Non obstante, o límite inferior de ditos intervalos é o mesmo. Tendo en conta que o extracto ácido a preconcentrar vai presentar un valor de pH moito máis baixo de 4,5, esta variable non resulta de gran relevancia á hora da elección da resina. O volume de eluente é a variable que vai determinar o factor de preconcentración. Posto que o volume de eluente na resina Serdolit Che é menor que na resina Chelite P,

empregando a primeira obterase un factor de preconcentración maior. Polo tanto, a resina elixida para levar a cabo a preconcentración do níquel será a resina **Serdolit Che**.

**Táboa 99.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de preconcentración do níquel en cada resina.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA PRECONCENTRACIÓN DO NÍQUEL EN CADA RESINA	
	CHELITE P	SERDOLIT CHE
<b>A</b>	4,5-6,5	4,5-5,5
<b>B (mL/min)</b>	2	2
<b>C (M)</b>	3	3
<b>D (µL)</b>	140,8	133,2
<b>E (mL/min)</b>	3	3
<b>F (mm)</b>	1	1

A, pH da mostra; B, caudal de mostra; C, concentración de eluente (HCl); D, volume de eluente; E, caudal de elución; F, diámetro da minicolumna.

## 2.6 Obtención do pH óptimo en liña

Unha vez optimizado o pH de retención dos diferentes metais en cada unha das resinas, estídiouse a maneira de levar a cabo o axuste desta variable en liña.

O medio elixido para levar a cabo dito axuste foi unha disolución de acetato amónico, que se incorpora mediante unha canle adicional ó sistema FIA. Realizouse un estudio do caudal e concentración óptimos para esta disolución.

Tendo en conta que o caudal de preconcentración a través da minicolumna (suma dos caudais do extracto ácido e da disolución de acetato

amónico) non pode ser maior a 2 mL/min para o cadmio, níquel, cobalto, 3 mL/min no caso do chumbo e 1,5 mL/min no caso do cromo, resulta de gran interés empregar o caudal mínimo para a canle de acetato amónico e manter o caudal do extracto no valor máis alto posible, para non incrementar excesivamente o tempo da análise. O volume da disolución de acetato amónico queda fixado unha vez seleccionados ambos caudais e establecido o tempo requerido para a preconcentración do extracto. O estudio da concentración necesaria da disolución de acetato amónico para levar a cabo o incremento do pH en liña realizouse considerando 2 mL de extracto 3 M de HNO<sub>3</sub> e tendo en conta o pH óptimo de retención de cada un dos metais na resina. Unha vez realizados os experimentos correspondentes e tendo en conta os resultados dos mesmos, os valores óptimos para o caudal e concentración da disolución de acetato amónico móstranse na Táboa 100.

**Táboa 100.** Valores óptimos para o caudal e concentración da disolución de acetato amónico

<b>Metal</b>	<b>[AcNH<sub>4</sub>] (M)</b>	<b>Caudal de AcNH<sub>4</sub> (mL/min)</b>	<b>Caudal de extracto (mL/min)</b>	<b>Caudal de preconcentración (mL/min)</b>
<b>Cadmio</b>	16	0,4	1,6	2
<b>Chumbo</b>	16	0,6	2,4	3
<b>Cobalto</b>	16	0,4	1,6	2
<b>Cromo</b>	16	0,3	1,2	1,5
<b>Níquel</b>	16	0,4	1,6	2

### **3. OPTIMIZACIÓN DOS PARÁMETROS QUE AFECTAN Á EXTRACCIÓN DOS METAIS DAS MOSTRAS SÓLIDAS NOS SISTEMAS FIA**

Estudíouse a extracción e determinación de cadmio, chumbo, cobalto, cromo e níquel nas seguintes matrices sólidas:

- Moluscos e peixes
- Vexetais
- Carnes
- Froitos secos
- Legumes
- Cereais e derivados
- Queixos e derivados lácteos

A optimización dividiuse á súa vez en tres partes:

- A optimización mediante un deseño factorial dos parámetros que afectan á extracción do metal da mostra sólida de natureza alimenticia.
- A optimización das características propias da mostra sólida de natureza alimenticia empregada, é dicir, a cantidade de mostra e o tamaño de partícula da mesma.
- A optimización dos parámetros FIA que veñen determinados polas características físicas do sistema, que á súa vez, veñen determinadas polos valores óptimos dos parámetros que afectan á extracción do metal da mostra sólida de natureza alimenticia.

Para realizar a optimización dos parámetros que afectan á extracción do metal da mostra sólida de natureza alimenticia, empregouse un deseño factorial debido a que o número de variables potencialmente implicado é elevado (6 variables). Foi preciso aplicar un deseño factorial de Screening para reducir de maneira significativa o número de experimentos a realizar na optimización, concretamente, o deseño de Plackett-Burman. Este deseño permite fraccionar un deseño factorial completo proporcionando números de combinacións de factores que son múltiplos de catro. Así, se se aplicara un deseño factorial completo para seis variables a dous niveis ( $2^6$ ) o número de experimentos a realizar sería de 64. Non obstante, a aplicación do deseño de Plackett-Burman cun punto central, como o que se aplica neste traballo, implica a realización de tan só 13 experimentos.

As variables a optimizar no proceso de extracción dos metais das mostras sólidas de natureza alimenticia, son as seguintes:

- Concentración de  $\text{HNO}_3$
- Concentración de  $\text{HCl}$
- Tempo de sonicación
- Volume de disolución extractante
- Caudal de extracción
- Temperatura de extracción

Os ácidos nítrico e clorhídrico empregáronse como disolución extractante. Aínda que nun principio se considerou tamén como compoñente desta disolución extractante o peróxido de hidróxeno, estudos previos realizados no grupo de investigación conduciron ó descarte deste reactivo, debido a que

producía moitas burbullas baixo a acción da enerxía dos ultrasóns (desprendemento de osíxeno), que por unha parte, dificultaba o coñecemento do volume exacto de extractante, e por outra, daba lugar a presións dentro do sistema, dificultando a extracción do metal.

Para poder aplicar este deseño factorial foi preciso fixar previamente os valores máximos e mínimos que pode tomar cada unha destas variables. Estes valores foron seleccionados en función de experimentos realizados en estudos previos, en tódolos casos.

O deseño factorial aplicado é o deseño de Plackett-Burman  $2^{6*3}/16$  de resolución tipo III e con VI graos de liberdade, cun punto central (Statgraphic Plus v.5.1), que implica a realización de 13 experimentos non randomizados. Neste deseño considerouse un punto central, no cal as variables toman un valor intermedio entre os límites superior e inferior. A Táboa 101 mostra a matriz correspondente a este deseño factorial cos 13 experimentos que foi preciso realizar para a optimización do proceso. Nesta matriz indícase como +1 cando a variable toma o valor máximo, -1 cando o valor que toma é o mínimo e 0 cando toma o valor medio.

**Táboa 101.** Matriz de Plackett-Burman  $2^{6*3}/16$ , no cal se obteñen 13 experimentos para as 6 variables citadas.

Experimento	G	H	I	J	K	L
1	+1	-1	+1	-1	-1	-1
2	+1	+1	-1	+1	-1	-1
3	-1	+1	+1	-1	+1	-1
4	+1	-1	+1	+1	-1	+1
5	+1	+1	-1	+1	+1	-1
6	+1	+1	+1	-1	+1	+1
7	0	0	0	0	0	0
8	-1	1	+1	+1	-1	+1
9	-1	-1	+1	+1	+1	-1
10	-1	-1	-1	+1	+1	+1
11	+1	-1	-1	-1	+1	+1
12	-1	+1	-1	-1	-1	+1
13	-1	-1	-1	-1	-1	-1

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.

Unha vez obtida a matriz en función das variables implicadas e dos seus valores máximos e mínimos, realizáronse os experimentos fixados pola mesma empregando os dispositivos FIA indicados nas Figuras 12 e 13, en función do metal e da mostra sólida obxecto de estudio. Para realizar estes experimentos sobre as diferentes matrices sólidas, empregáronse mostras das cales se determinou por triplicado a concentración polo método de referencia descrito anteriormente (páxina 86), ou materiais de referencia, nos casos nos cales a concentración do metal obxecto de estudio se atopaba certificada. A cantidade de mostra ou material de referencia utilizada para levar a cabo a optimización dos procesos de extracción ácida fixouse en base á concentración do metal obxecto de estudio. A cantidade de 60 mg resultou ser axeitada en tódolos estudos.

A variable resposta é o %Eficacia na extracción do metal en cada experimento proposto polo deseño, como se indica na seguinte ecuación:

$$(\%)Eficacia\ na\ extracción = \frac{A}{B} \times 100$$

A: concentración do metal obxecto de estudio obtida utilizando o sistema FIA proposto

B: concentración do metal obxecto de estudio obtida mediante o método de referencia indicado na páxina 86.

Os experimentos da matriz de Plackett-Burman realizáronse por duplicado, de maneira que o %Eficacia na extracción indicado é a media dos dous experimentos.

Unha vez obtidos os datos experimentais, procedeuse, en cada caso, á análise correspondente do deseño.

A optimización das características da mostra sólida (cantidade de mostra e tamaño de partícula) e dos parámetros FIA, realizouse de maneira univariante.

### 3.1 Extracción do cadmio

A optimización deste proceso de extracción levouse a cabo empregando o dispositivo FIA indicado na Figura 12.

O deseño factorial de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III con 6 graos de liberdade e un punto central foi o utilizado para a optimización, tal e como se indicou anteriormente. As variables que afectan ó proceso de extracción ácida do cadmio, así como os valores máximos e mínimos fixados para as mesmas, dacordo con experimentos realizados previamente, recóllense na Táboa 102.

**Táboa 102.** Valores máximos e mínimos establecidos para cada unha das variables no deseño de Plackett-Burman.

VARIABLE	NOTACIÓN	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
[HNO <sub>3</sub> ]	G	0 M	3 M
[HCl]	H	0 M	3 M
Tempo de sonicación	I	0,5 min	5 min
Volume de disolución extractante	J	2 mL	5 mL
Caudal de extracción	K	3,5 mL/min	6 mL/min
Temperatura de extracción	L	20 °C	70 °C

Unha vez obtida a matriz do deseño realizáronse os 13 experimentos indicados na mesma, utilizando o dispositivo FIA indicado na Figura 12. Para realizar ditos experimentos sobre as diferentes matrices, empregáronse materiais de referencia e mostras cuxa concentración se determinou previamente por triplicado, facendo uso do método de referencia descrito anteriormente (páxina 86). A cantidade de mostra empregada para levar a cabo a optimización do proceso de extracción (60 mg), fixouse dacordo coa

concentración de cadmio presente na mesma. A Táboa 103 recolle as diferentes mostras empregados para levar a cabo a optimización, así como a concentración de cadmio existente nas mesmas.

**Táboa 103.** Mostras e materiais de referencia empregados na optimización do proceso continuo de extracción ácida e concentración de cadmio presente nas mesmas.

Tipo de matriz	Mostra coa que se realizou a optimización	[Cd] ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón CRM 278R <sup>a</sup>	$0,348 \pm 0,008^b$
<b>Vexetais</b>	Repolo	$0,39 \pm 0,01$
<b>Carnes</b>	Fígado de coello	$0,17 \pm 0,01$
<b>Froitos secos</b>	Cacahuetes	$0,24 \pm 0,01$
<b>Legumes</b>	Fabas	$0,20 \pm 0,01$
<b>Cereais e derivados</b>	Pan relado	$0,17 \pm 0,01$
<b>Queixos e derivados lácteos</b>	Queixo relado	$0,10 \pm 0,01$

<sup>a</sup> CRM: Certified Reference Material, from Community Bureau of Reference

<sup>b</sup> Concentración certificada




A matriz de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada un dos experimentos, xunto co %Eficacia na extracción obtido en cada un deles, recóllese na Táboa 104. Os experimentos realizáronse por duplicado, polo cal o %Eficacia na extracción indicado é a media dos dous resultados obtidos.

Unha vez obtidos os datos experimentais, procedeuse á análise do deseño. En primeiro lugar é preciso coñecer aquelas variables que son significativas, é dicir, aquelas variables que van ter unha gran importancia no proceso de extracción ácida do cadmio, para o cal se recorre ás **Cartas Pareto Estandarizadas** (Figura 24).



**Táboa 104.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e co % Eficacia na extracción do cadmio obtido en cada un deles para cada tipo de mostra.

NE	% Eficacia na extracción												
	G	H	I	J	K	L	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
1	3	0	5	2	3,5	20	101,0	105,0	102,0	101,1	101,2	103,1	101,4
2	3	3	0,5	5	3,5	20	75,5	31,0	69,0	61,4	41,0	34,1	98,5
3	0	3	5	2	6	20	60,0	49,5	59,5	39,1	58,1	68,9	58,3
4	3	0	5	5	3,5	70	97,0	102,0	98,0	98,9	96,2	95,2	97,7
5	3	3	0,5	5	6	20	80,0	25,5	65,0	58,7	35,3	37,0	93,1
6	3	3	5	2	6	70	73,0	95,0	93,0	96,3	99,7	99,6	94,6
7	1,5	1,5	2,75	3,5	4,75	45	67,3	40,5	63,0	84,6	81,0	49,0	86,5
8	0	3	5	5	3,5	70	50,0	74,5	67,0	46,2	60,2	41,0	69,1
9	0	0	5	5	6	20	47,0	55,0	59,0	33,4	46,7	38,1	55,1
10	0	0	0,5	5	6	70	45,4	17,0	48,0	18,1	12,1	14,0	52,2
11	3	0	0,5	2	6	70	56,0	45,0	66,0	62,6	28,9	18,9	93,9
12	0	3	0,5	2	3,5	70	25,0	59,7	40,0	37,2	21,5	16,4	65,5
13	0	0	0,5	2	3,5	20	17,0	38,0	51,0	21,6	19,0	28,0	63,5



NE, número de experimento; G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 24.** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracção; L, Temperatura de extracção.




**Figura 24 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 24 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.

### 3.1.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman á extracción do cadmio nos diferentes tipos de mostras, obsérvase un coportamento das variables bastante similar. Sen considerar o último tipo de mostras, obsérvase que as variables que teñen unha maior importancia no proceso de extracción do cadmio son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación. Estas variables presentan, en tódolos casos, un efecto estimado positivo e elevado, co cal se pode dicir que estas variables afectan positivamente ó proceso de extracción, dentro dos valores estudados. Non obstante, en función do tipo de mostra, as variables estatísticamente significativas son diferentes. No caso dos moluscos e peixes, carnes, froitos secos, legumes e cereais e derivados, obsérvase que as variables estatísticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación. No caso dos vexetais, ademais destas dúas variables, tamén é estatísticamente significativa a variable caudal de extracción, cun efecto estimado negativo. Por último, no caso dos queixos e derivados lácteos, as variables significativas son a concentración de ácido nítrico e o caudal de extracción, afectando este último ó proceso de maneira negativa. Na Figura 25 móstranse as superficies de resposta para as variables significativas en cada caso, onde se observa como varía o %Eficacia na extracción do cadmio en función dos valores que toman estas variables, e mantendo as restantes no valor intermedio do intervalo de estudio proposto para o deseño.



**Figura 25.** Superficies de resposta proporcionadas polo deseño de Plackett-Burman para as variables estatisticamente significativas en cada caso (as demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido polo deseño).

As demais variables teñen unha maior ou menor influencia no proceso de extracción, tal e como se observa na figura 24, pero sen superar o nivel de significación establecido (un 95 % de confianza representado pola liña vertical).

Unha vez analizados os resultados proporcionados polo deseño, os valores óptimos para cada unha das variables según o mesmo son as que se recollen na Táboa 105.

**Táboa 105.** Valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do cadmio das diferentes mostras sólidas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	3	3	3
<b>H (M)</b>	3	0	0	3	3	0	3
<b>I (min)</b>	5	5	5	5	5	5	5
<b>J (mL)</b>	5	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	20	70	70	70	70	20	70

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Posto que o deseño de Plackett-Burman só nos proporciona as tendencias das variables cara o óptimo, e non o valor óptimo das mesmas, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño, dacordo cos valores obtidos no mesmo, para determinar o valor óptimo de cada variable para cada tipo de mostra.

### 3.1.2 Experimentos fóra do marco do deseño

Como xa se comentou previamente, os valores establecidos polo deseño de Plackett-Burman só indican a tendencia da variable cara o valor óptimo dentro do intervalo de valores establecido previamente para cada variable. Polo tanto, leváronse a cabo unha serie de experimentos fóra do marco do deseño para obter o valor óptimo de cada variable. Para afinar estes valores, non se aplicou outro deseño factorial, posto que o emprego dun deseño que proporcione o valor óptimo implica a realización dun gran número de experimentos. Ademais, neste punto, xa se dispón de bastante información acerca do comportamento de cada variable implicada no proceso de extracción, como para poder axustar o valor óptimo de ditas variables realizando un número relativamente pequeno de experimentos.

Polo tanto, para levar a cabo esta optimización realizáronse unha serie de experimentos (por triplicado) mediante un estudio variable a variable.

#### ▪ Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Moluscos e Peixes

En primeiro lugar, estudiáronse as variables estatisticamente non significativas. Dentro destas variables non significativas, teñen efecto estimado negativo a **temperatura de extracción** (efecto estimado=-5,7) e o **caudal de extracción** (efecto estimado=-0,7). Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104), onde os valores mínimos destas variables proporcionan unha eficacia na extracción cuantitativa (101,0%), fixéronse os valores destas variables en 20 °C e 3,5 mL/min. Deste xeito, simplifícase o proceso de extracción, posto que se pode traballar a temperatura ambiente, evitándose o quentamento previo da auga do ultrasóns e o traballo co extracto ácido

quente. Ademais, a eficacia da extracción vese favorecida ó traballar ó caudal de extracción mínimo, posto que as compactacións que se producen no sistema son menores.

As variables non significativas con efecto estimado positivo son o volume de disolución extractante e a concentración de ácido clorhídrico. A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menor influencia no proceso de extracción (efecto estimado=0,02), o que significa que se poden obter eficacias na extracción cuantitativas evitando o emprego deste compoñente da disolución extractante (experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 104).

O **volume da disolución extractante** é a variable non significativa con maior efecto estimado (efecto estimado=10,5). Tendo en conta que o extracto ácido ha de ser preconcentrado posteriormente, pasando a través da minicolumna empacotada coa resina quelante a un caudal máximo de 2 mL/min, resulta de interese empregar o menor volume de disolución extractante posible, xa que dito volume influirá directamente no tempo de preconcentración, e polo tanto, na frecuencia de mostraxe. Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104), onde o emprego de 2 mL de disolución extractante proporciona unha eficacia na extracción cuantitativa, o valor desta variable fíxase en 2 mL.

As variables que inflúen significativamente no proceso de extracción ácida do cadmio en moluscos e peixes son a **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=39,7) e o **tempo de sonicación** (efecto estimado=21,5). Co obxectivo de aumentar a frecuencia de mostraxe, estúdiouse a posibilidade de diminuír o tempo de sonicación. Por outra parte, intentouse diminuír a concentración de ácido nítrico, para traballar nas condicións ácidas menos

drásticas posibles e simplificar a análise. O resultado destes estudos móstrase na Táboa 106.

**Táboa 106.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	104,3
3	0	1,5	2	3,5	20	90,8
2	0	2	2	3,5	20	85,8


G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de moluscos e peixes, que se mostra na figura 26.

Unha vez optimizadas todas as variables, a partir dos resultados obtidos no deseño, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cadmio nas mostras de moluscos e peixes recóllense na Táboa 107.

**Táboa 107.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de moluscos e peixes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C



**Figura 26.** Superfície de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Cd das mostras de moluscos e peixes ( $[HNO_3]$  (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido:  $[HCl]$  = 1,5 M; Volume de disolución extractante = 3,5 mL; Caudal de extracción = 4,75 mL/min e Temperatura de extracción = 45 °C.

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Vexetais**

A extracción do cadmio en mostras de vexetais está afectada significativamente por tres variables: o tempo de sonicación, o caudal de extracción e a concentración de ácido nítrico. As demais variables teñen unha maior ou menor importancia no proceso de extracción, pero sen superar o límite de significación estatística.

A optimización fóra do marco do deseño, comezouse por aquelas variables non significativas. A **temperatura de extracción** é a única variable non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=14,9). No experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104) obsérvase que a eficacia da extracción é cuantitativa a temperatura ambiente (20 °C), de

xeito que se fixa o valor óptimo desta variable en 20 °C. Isto simplifica a análise, posto que evita, por unha parte, ter que quentar previamente a auga do ultrasóns, e por outra, o traballar cun extracto ácido quente.

O **volumen de disolución extractante** é unha variable non significativa con efecto estimado negativo (efecto estimado=-14,5). Se se ten en conta o mesmo experimento da matriz de Plackett-Burman, pode observarse que a utilización de 2 mL de disolución extractante proporciona unha eficacia da extracción cuantitativa. Posto que un menor volumen de disolución extractante implica unha maior frecuencia de mostraxe, xa que o extracto ácido ha de ser preconcentrado a un caudal máximo de 2 mL/min, non se estudiou a posibilidade de traballar con volumes maiores.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable non significativa con menor efecto estimado (efecto estimado=-4,5). Tendo en conta os resultados obtidos nos experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104), resultou posible eliminar este compoñente da disolución extractante, simplificándose así a análise.

A única variable estatisticamente significativa que ten un efecto estimado negativo é o **caudal de extracción**. A eficacia do proceso de extracción vese favorecida cando esta variable diminúe dentro do intervalo estudiado, posto que se minimiza a compactación da mostra dentro da minicolumna e a presión xenerada dentro do sistema é menor. Posto que caudal de extracción de 3,5 mL/min proporciona unha eficacia na extracción cuantitativa (experimento 1 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 104), o valor óptimo desta variable queda fixado en 3,5 mL/min.

Con respecto ó **tempo de sonicación** (efecto estimado=44,1) e á **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=18,3), estúdiouse a

posibilidade de diminuír os valores óptimos proporcionados polo deseño, co obxectivo de aumentar a frecuencia de mostraxe e realizar a extracción nas condicións ácidas menos drásticas posibles. Os resultados deste estudio móstranse na Táboa 108.


**Táboa 108.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	101,4
3	0	1,5	2	3,5	20	77,5
1,5	0	2	2	3,5	20	51,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de vexetais, que se mostra na figura 27.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cadmio nas mostras de vexetais recóllense na Táboa 109.



**Figura 27.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para dúas das variables significativas do proceso de extracción do Cd das mostras de vexetais ([HNO<sub>3</sub>] (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido: [HCl]= 1,5 M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

**Táboa 109.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de vexetais

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

---

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Carnes**

Ó igual que na maioría das matrices sólidas, o proceso de extracción do cadmio en mostras de carnes está afectado significativamente polas variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación.

A optimización fóra do marco do deseño comezouse polas variables estatisticamente non significativas.

A **temperatura de extracción** é a única variable non significativa que inflúe positivamente no proceso de extracción e ten un efecto estimado moi baixo (efecto estimado=1,1). No experimento 1 da matriz de Plackett-Burman, onde a temperatura de extracción toma o valor inferior do intervalo establecido, obtense unha eficacia na extracción cuantitativa (102,0 %). Polo tanto, co obxectivo de simplificar a análise, evitando o traballo cun extracto ácido quente e o quentamento previo da auga do ultrasóns, o valor óptimo para esta variable fíxase en 20 °C (temperatura ambiente).

As restantes variables non significativas teñen efectos estimados negativos: **caudal de extracción** (efecto estimado=-6,1), **concentración de ácido clorhídrico** (efecto estimado=-5,1) e **volumen de disolución extractante** (efecto estimado=-0,9). Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104) para o caudal de extracción e o volumen de disolución extractante e os experimentos 1 e 4 da mesma matriz para a concentración de ácido clorhídrico, onde estas variables toman os valores mínimos do intervalo establecido, obténdose eficacias na extracción cuantitativas, os valores óptimos para ditas variables fíxanse en 3,5 mL/min, 0 M e 2 mL.

A **concentración de ácido nítrico** e o **tempo de sonicación** son as variables que inflúen de maneira significativa na extracción do cadmio nas mostras de

carne. Ambas variables teñen efecto estimado positivo, é dicir, a eficacia na extracción vese favorecida cando os valores destas variables aumentan dentro do intervalo estudado. Non obstante, co obxectivo de diminuír o tempo de análise, aumentando así a frecuencia de mostraxe, e realizar a extracción co ácido o máis diluído posible, estúdiouse a posibilidade de diminuír o valor destas variables. Na Táboa 110 recóllese o resultado deste estudo.


**Táboa 110.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	99,7
3	0	1,5	2	3,5	20	82,3
1,5	0	2	2	3,5	20	70,8

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Como pode observarse na táboa, un tempo de sonicación de 2 minutos é suficiente para obter unha extracción cuantitativa. A concentración de ácido nítrico, non obstante, non se pode reducir.

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de carnes, que se mostra na figura 28.



**Figura 28.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Cd das mostras de carnes ( $[\text{HNO}_3]$  (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido:  $[\text{HCl}] = 1,5$  M; Volume de disolución extractante = 3,5 mL; Caudal de extracción = 4,75 mL/min e Temperatura de extracción = 45 °C.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cadmio nas mostras de carnes recóllense na Táboa 111.

**Táboa 111.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de carnes

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
$[\text{HNO}_3]$	3 M
$[\text{HCl}]$	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Froitos Secos**

No caso das mostras dos froitos secos, ó igual que na maioría das mostras, as variables estatisticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación.

Con respecto ás variables que non teñen un peso significativo dende o punto de vista estatístico, teñen efecto estimado positivo a temperatura de extracción (efecto estimado=7,3) e a concentración de ácido clorhídrico (efecto estimado=0,5) e efecto estimado negativo o caudal de extracción (efecto estimado=-9,7) e o volume de disolución extractante (efecto estimado=-6,9). Ó igual que no caso das carnes e moluscos e peixes, a optimización destes parámetros faise tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104) para o caudal e a temperatura de extracción, os experimentos 1 e 4 da mesma matriz para a concentración de ácido clorhídrico e os experimentos 1 e 6 para o volume de disolución extractante. A extracción é cuantitativa en todos estes experimentos, onde cada unha das citadas variables toma o valor inferior dentro do intervalo estudado. Así, o caudal de extracción fíxase en 3,5 mL/min, a temperatura de extracción en 20 °C, a concentración de ácido clorhídrico en 0 M e o volume de disolución extractante en 2 mL. Estes valores óptimos das variables simplifican considerablemente a análise. O **caudal de extracción** de 3,5 mL/min minimiza as compactacións da mostra na minicolumna, co cal se diminúe a presión xenerada no sistema. A elección da **temperatura ambiente** (20 °C) para levar a cabo a análise permite prescindir do quentamento previo da auga do ultrasóns e evita ter que traballar co extracto ácido quente. O valor óptimo da variable **concentración de ácido clorhídrico** fíxase en 0 M, é

dicir, elimínase este compoñente da disolución extractante. Por último, o emprego dun **volumen de disolución extractante** de 2 mL inflúe positivamente na rapidez da análise, e polo tanto, na frecuencia de mostraxe, posto que dito volumen de extracto ha de ser preconcentrado posteriormente a un caudal máximo de 2 mL/min.

As variables estatisticamente significativas son a **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación**. Ambas influen positivamente no proceso de extracción, posto que os seus efectos estimados son positivos (47,2 e 25,9, respectivamente). Co obxectivo de realizar a extracción con ácido máis diluído e de aumentar a frecuencia de mostraxe, realizáronse unha serie de experimentos para diminuír os valores destas variables proporcionados polo deseño. Na Táboa 112 recóllese o resultado destes experimentos.

**Táboa 112.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.


G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	98,9
3	0	1	2	3,5	20	96,9
3	0	0,5	2	3,5	20	75,2
2	0	1	2	3,5	20	84,6

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Tal e como se observa na táboa, para realizar a extracción do cadmio das mostras de froitos secos tan só se precisa dun tempo de sonicación de 1 minuto. A concentración do único compoñente da disolución extractante (ácido nítrico), non se pode reducir con respecto ó valor proporcionado polo deseño (3 M).

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de froitos secos, que se mostra na figura 29.

Os valores óptimos obtidos para cada unha das variables implicadas na extracción do cadmio nas mostras de froitos secos, despois da optimización fóra do marco do deseño son os recollidos na Táboa 113.



**Figura 29.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Cd das mostras de froitos secos ([HNO<sub>3</sub>] (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido: [HCl]= 1,5 M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

**Táboa 113.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de froitos secos

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Legumes**

Na extracción do cadmio neste tipo de mostras obsérvase, ó igual que nas demais matrices, que o valor óptimo para o **volumen de disolución extractante** e o **caudal de extracción**, ambas variables non significativas con efecto estimado negativo (-6,1 e -9,7, respectivamente) se pode fixar en 2 mL e 3,5 mL/min, respectivamente. Estes valores son os menores dentro do intervalo estudado e proporcionan extraccións cuantitativas (experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104) para o volumen de disolución extractante e experimento 1 para o caudal de extracción). Utilizar como óptimos estes valores mellora a frecuencia de mostraxe e reduce a compactación da mostra na minicolumna.

A pesar de que a **temperatura de extracción** é unha variable con efecto estimado positivo (efecto estimado=2,9), o proceso pode realizarse a temperatura ambiente (20 °C) posto que a eficacia da extracción é cuantitativa, tal e como pode observarse no experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104).

Tendo en conta os experimentos 1 e 4 da mesma matriz, pode eliminarse o **ácido clorhídrico** da disolución extractante, simplificándose deste xeito a análise.

Con respecto ás variables estatisticamente significativas, **tempo de sonicación** (efecto estimado=50,7) e **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=30,8), estúdiouse a posibilidade de reducir os valores de ambas proporcionados polo deseño. Na Táboa 114 recóllense os resultados deste estudio.

**Táboa 114.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	89,8
3	0	2,5	2	3,5	20	101,9
2	0	2,5	2	3,5	20	105,1
1,5	0	2,5	2	3,5	20	81,8

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Pode observarse na táboa que son precisos 2,5 minutos de sonicación para lograr a extracción cuantitativa. Con respecto á concentración do ácido nítrico, pode reducirse a 2 M.

Os valores óptimos obtidos para cada unha das variables implicadas na extracción do cadmio nas mostras de legumes, tras realizar a optimización fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 115.

**Táboa 115.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de legumes

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	2 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Cereais e Derivados**

No caso das mostras de cereais e derivados, tódalas variables non significativas dende o punto de vista estatístico teñen efecto estimado negativo; é dicir, canto menor sexa o valor das mesmas, dentro do intervalo estudiado, máis favorecido se verá o proceso de extracción.

Co obxectivo de simplificar a extracción e tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104), pode concluírse que traballando a **temperatura ambiente** (20 °C) e a un **caudal de extracción** de 3,5 mL/min a extracción é cuantitativa (101,2 %).

Os experimentos 1 e 4 da mesma matriz permiten eliminar o **ácido clorhídrico** da disolución extractante.

Con respecto ó **volumen de disolución extractante** e tendo en conta os experimentos 1 e 6 da matriz, conclúese que o valor óptimo para dita variable se pode fixar en 2 mL. Este volumen é o menor volumen do intervalo estudiado e permite mellorar a rapidez da análise, posto que é o volumen de extracto ácido que se deberá preconcentrar posteriormente, a un caudal máximo de 2 mL/min.

A **concentración de ácido nítrico** e o **tempo de sonicación** son as variables estatisticamente significativas. Os seus efectos estimados son positivos e elevados. Co obxectivo de aumentar a frecuencia de mostraxe estúdiouse a posibilidade de reducir o tempo de sonicación por debaixo do valor proporcionado polo deseño. Con respecto á concentración de ácido nítrico, estúdiouse a posibilidade de traballar en condicións máis diluídas. Os resultados deste estudo móstranse na Táboa 116. O menor tempo de sonicación que proporcionou unha eficacia na extracción cuantitativa foi de 4,5 minutos, mentras que a concentración de ácido nítrico non se puido reducir.


**Táboa 116.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	4	2	3,5	20	91,5
3	0	4,5	2	3,5	20	101,3
2	0	4,5	2	3,5	20	83,4

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de cereais e derivados, que se mostra na figura 30.

Os valores óptimos obtidos para cada unha das variables implicadas na extracción do cadmio das mostras de cereais e derivados, unha vez realizada a optimización fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 117.



**Figura 30.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Cd das mostras de cereais e derivados ( $[\text{HNO}_3]$  (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido:  $[\text{HCl}] = 1,5$  M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

**Táboa 117.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de cereais e derivados

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
$[\text{HNO}_3]$	3 M
$[\text{HCl}]$	0 M
Tempo de sonicación	4,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cadmio en mostras de Queixos e Derivados**

No caso da extracción do cadmio en mostras de queixos e derivados lácteos, as variables estatisticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o caudal de extracción.

As variables concentración de ácido clorhídrico, tempo de sonicación e temperatura de extracción teñen efecto estimado positivo, mentras que a variable volume de disolución extractante ten efecto estimado negativo.

O **volume de disolución extractante** fíxase en 2 mL, posto que tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104), cando esta variable toma dito valor, a eficacia do proceso de extracción é cuantitativa (101,4 %).

A **concentración de ácido clorhídrico** e a **temperatura de extracción** fíxanse en 0 M e 20 °C (temperatura ambiente), posto que cando estas variables toman ditos valores (experimentos 1 e 4 e experimento 1 da matriz de Plackett-Burman, respectivamente), a extracción do cadmio é cuantitativa. Polo tanto, é posible eliminar o ácido clorhídrico da disolución extractante e traballar a temperatura ambiente, simplificándose así a análise de forma considerable.

O **tempo de sonicación**, no caso da extracción do cadmio en mostras de queixos e derivados lácteos é unha variable non significativa dende o punto de vista estatístico. O seu efecto estimado é positivo (efecto estimado=1,6), o que significa que a extracción se ve favorecida cando o valor desta variable aumenta, dentro do intervalo estudado. Dende o punto de vista da rapidez da análise resulta de interés levar a cabo a extracción no menor tempo posible. Tal e como mostra o experimento 2 da matriz de Plackett-Burman, 0,5

minutos son suficientes para obter unha eficacia na extracción cuantitativa (98,5 %), de maneira que este valor é o seleccionado como óptimo para esta variable.

As variables estatisticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o caudal de extracción, con efectos estimados de 39,5 e -8,1, respectivamente. Tendo en conta o signo dos efectos estimados pode concluirse que a extracción do cadmio se ve favorecida cando a concentración de ácido nítrico aumenta e o caudal de extracción diminúe, sempre dentro do intervalo estudado. Canto menor sexa o **caudal de extracción**, menor será a compactación da mostra na minicolumna e polo tanto, a presión xenerada no sistema tamén se reducirá. Tendo en conta os experimentos 1 e 2 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 104) o caudal de extracción fíxase en 3,5 mL/min, posto que proporciona eficacias na extracción cuantitativas.

A **concentración de ácido nítrico** é a variable con máis peso estatístico no proceso (efecto estimado=35,9). Realizouse un experimento fóra do marco do deseño co obxectivo de reducir dita concentración. Tal e como se mostra na Táboa 118, dita redución non foi posible.

**Táboa 118.** Experimentos realizados para a optimización da concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	0,5	2	3,5	20	69,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada unha das variables implicadas na extracción do cadmio nas mostras de queixos e derivados, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, son os que se recollen na Táboa 119.

**Táboa 119.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cadmio nas mostras de queixos e derivados lácteos

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	0,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

A Táboa 120 recolle un resume dos valores óptimos de cada unha das variables implicadas na extracción do cadmio das diferentes mostras de alimentos. Como pode observarse, a concentración de ácido clorhídrico, o volume de disolución extractante, o caudal de extracción e a temperatura de extracción toman o mesmo valor óptimo en cada unha das matrices sólidas. O tempo de sonicación e a concentración de ácido nítrico dependen do tipo de mostra.

Así, requírese unha concentración de ácido nítrico 3 M para realizar a extracción cuantitativa do cadmio en tódolos tipos de mostras de alimentos, agás para as legumes, onde unha concentración 2 M é suficiente.

**Táboa 120.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do cadmio das diferentes mostras de alimentos.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA EXTRACCIÓN DO CADMIO DAS DIFERENTES MOSTRAS DE ALIMENTOS						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	2	3	3
<b>H (M)</b>	0	0	0	0	0	0	0
<b>I (min)</b>	2	2	2	1	2,5	4,5	0,5
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	20	20	20	20	20	20	20

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Dende o punto de vista do tempo de sonicación, pode observarse que os tipos de mostra que requiren un tempo maior para que se produza a extracción do cadmio son os cereais e derivados (requiren 4,5 minutos de sonicación) e as legumes (requiren 2,5 minutos de sonicación). Para os moluscos e peixes, vexetais e carnes son suficientes 2 minutos para que a extracción do metal sexa cuantitativa. No caso dos froitos secos o tempo de sonicación requerido diminúe ata 1 minuto, e por último, a matriz de queixos e derivados lácteos é a que presenta o menor tempo de sonicación: con tan só 0,5 minutos de sonicación a extracción do cadmio é cuantitativa.

### **3.1.3 Estudio da cantidade de mostra**

Na optimización das distintas variables que afectan ó proceso de extracción continua do cadmio empregouse unha cantidade de mostra de 60 mg. Non obstante, estudiouse a posibilidade de empregar cantidades maiores, co obxectivo de poder utilizar este sistema continuo para mostras que teñan unha concentración menor de cadmio e mellorar así a sensibilidade do método analítico. Estudiouse a posibilidade de aumentar a cantidade de mostra ata un máximo de 100 mg, xa que utilizar cantidades maiores provoca grandes presións no sistema FIA que fan inviable a análise.

O aumento da cantidade de mostra mantendo os valores óptimos das variables implicadas no proceso de extracción do cadmio só foi posible nas mostras de moluscos e peixes e froitos secos, obténdose eficacias na extracción cuantitativas para un máximo de 80 mg de mostra.

### **3.1.4 Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra**

Tódolos estudos descritos ata o momento foron realizados empregando un diámetro de partícula da mostra inferior a 30  $\mu\text{m}$ .

Co obxectivo de estudar se esta variable inflúe no proceso de extracción do cadmio nas mostras de alimentos, tomáronse fraccións dunha mostra representativa de cada matriz con diferente tamaño de partícula:

- diámetro inferior a 30  $\mu\text{m}$
- diámetros comprendidos entre 30 e 100  $\mu\text{m}$

Con cada unha das fraccións das mostras levouse a cabo a determinación do cadmio, empregando o método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) e mediante as metodoloxías continuas propostas. Os resultados obtidos xunto coas mostras representativas elixidas recóllense na Táboa 121.

**Táboa 121.** Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra utilizando o método de referencia e as metodoloxías continuas propostas. Indícase tamén a eficacia na extracción do sistema FIA.

Tipo de mostra	Mostra analizada	Tamaño de partícula	[Cd] <sub>A</sub> (µg/g)	[Cd] <sub>B</sub> (µg/g)	% Eficacia na extracción
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	< 30 µm	0,38 ± 0,01	0,38 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,32 ± 0,01	0,31 ± 0,02	96,9
<b>Vexetais</b>	Repolo	< 30 µm	0,39 ± 0,02	0,40 ± 0,01	102,6
		30-100 µm	0,37 ± 0,01	0,38 ± 0,01	102,7
<b>Carnes</b>	Fígado de coello	< 30 µm	0,17 ± 0,01	0,17 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,14 ± 0,02	0,14 ± 0,01	100,0
<b>Froitos secos</b>	Castañas	< 30 µm	0,23 ± 0,01	0,24 ± 0,01	104,3
		30-100 µm	0,21 ± 0,01	0,22 ± 0,01	104,8
<b>Legumes</b>	Fabas	< 30 µm	0,20 ± 0,01	0,21 ± 0,01	105,0
		30-100 µm	0,18 ± 0,01	0,18 ± 0,01	100,0
<b>Cereais e derivados</b>	Pan relado	< 30 µm	0,17 ± 0,01	0,17 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,14 ± 0,01	0,13 ± 0,01	92,9
<b>Queixos e derivados</b>	logurt natural	< 30 µm	0,09 ± 0,01	0,09 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,08 ± 0,01	0,08 ± 0,01	100,0

<sup>A</sup> [Cd] obtida mediante o método de referencia

<sup>B</sup> [Cd] obtida mediante os métodos continuos propostos

Pode concluírse, polo tanto, que o tamaño de partícula da mostra non inflúe na extracción do cadmio das diferentes mostras de alimentos dentro do intervalo estudado.

### 3.2 Extracción do chumbo

A optimización deste proceso de extracción levouse a cabo empregando o dispositivo FIA indicado na Figura 13, agás para a matriz sólida de moluscos e peixes, para a cal se empregou o dispositivo FIA indicado na figura 12.

Para optimizar o proceso utilizouse o deseño factorial de Plackett-Burman  $2^{6*3}/16$  de resolución tipo III con 6 graos de liberdade e un punto central. As variables que afectan á extracción do chumbo, así como os seus valores máximos e mínimos, seleccionados en función de estudos previos, son as mesmas que para o cadmio (Táboa 102).

Unha vez obtida a matriz do deseño (Táboa 101) realizáronse os 13 experimentos indicados na mesma, utilizando os dispositivos FIA indicados nas Figuras 12 e 13. Para realizar ditos experimentos sobre as diferentes matrices, empregáronse materiais de referencia e mostras cuxa concentración se determinou previamente por triplicado, facendo uso do método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) (Táboa 122). A cantidade de mostra empregada para levar a cabo a optimización do proceso de extracción foi de 60 mg por minicolumna.

Debido á baixa concentración de chumbo nas mostras de alimentos, foi necesario realizar en cada experimento unha adición de 0,2  $\mu\text{g}$  do metal na disolución extractante; é dicir, a disolución extractante contiña chumbo en concentración de 0,1 e 0,04  $\mu\text{g}/\text{mL}$  para os volumes de disolución extractante de 2 e 5 mL, respectivamente, no caso dos moluscos e peixes. Nas restantes matrices de alimentos, debido a unha concentración de chumbo existente aínda menor que nos moluscos e peixes, foi necesario realizar dúas extraccións sucesivas empregando o dispositivo FIA indicado na figura 13, de xeito que a

concentración de chumbo na disolución extractante foi de 0,05 e 0,02  $\mu\text{g/mL}$  para os volumes de disolución extractante de 2 e 5 mL, respectivamente.

**Táboa 122.** Mostras e materiais de referencia empregados na optimización do proceso continuo de extracción ácida e concentración de chumbo presente nas mesmas.

Tipo de matriz	Mostra coa que se realizou a optimización	[Pb] ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón CRM 278R <sup>a</sup>	2,00 $\pm$ 0,04 <sup>b</sup>
<b>Vexetais</b>	Grelas	0,26 $\pm$ 0,01
<b>Carnes</b>	Riles de carneiro	0,22 $\pm$ 0,01
<b>Froitos secos</b>	Cacahuetes	0,26 $\pm$ 0,01
<b>Legumes</b>	Garbanzos	0,32 $\pm$ 0,01
<b>Cereais e derivados</b>	Pan relado	0,21 $\pm$ 0,01
<b>Queixos e derivados</b>	Queixo relado	0,40 $\pm$ 0,01

<sup>a</sup> CRM: Certified Reference Material, from Community Bureau of Reference

<sup>b</sup> Concentración certificada




A matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada experimento e o %Eficacia na extracción obtido en cada caso móstrase na Táboa 123. Os experimentos da matriz realizáronse por duplicado, de xeito que o %Eficacia na extracción indicado é a media de ambos resultados.

Unha vez obtidos os datos experimentais, procedeuse á análise do deseño. En primeiro lugar é preciso coñecer aquelas variables que son significativas, é dicir, aquelas variables que van ter unha gran importancia no proceso de extracción ácida do chumbo, para o cal se recorre ás **Cartas Pareto Estandarizadas** para cada tipo de mostra (Figura 31).



**Táboa 123.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e co % Eficacia na extracción do chumbo obtido en cada un deles para cada tipo de mostra.

		% Eficacia na extracción												
NE	G	H	I	J	K	L	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados	
1	3	0	5	2	3,5	20	98,3	105,0	101,3	102,3	101,3	98,3	101,3	
2	3	3	0,5	5	3,5	20	34,1	58,0	35,7	76,1	39,3	37,4	82,4	
3	0	3	5	2	6	20	52,4	55,0	33,0	39,0	43,5	46,1	58,6	
4	3	0	5	5	3,5	70	101,2	97,5	99,7	99,8	99,7	97,4	98,7	
5	3	3	0,5	5	6	20	31,3	49,7	31,8	72,0	34,8	35,2	81,9	
6	3	3	5	2	6	70	92,2	98,3	92,1	100,3	100,1	97,9	100,5	
7	1,5	1,5	2,75	3,5	4,75	45	73,0	81,5	76,7	68,9	67,1	52,3	77,8	
8	0	3	5	5	3,5	70	58,8	61,6	39,2	43,5	45,5	48,4	59,8	
9	0	0	5	5	6	20	42,4	51,1	28,4	33,8	38,2	38,1	51,6	
10	0	0	0,5	5	6	70	19,3	27,5	11,2	18,3	17,8	14,9	42,5	
11	3	0	0,5	2	6	70	33,0	52,8	33,5	73,9	33,2	36,7	82,2	
12	0	3	0,5	2	3,5	70	24,0	35,0	15,3	24,1	23,0	21,1	49,3	
13	0	0	0,5	2	3,5	20	17,1	33,3	14,0	23,0	21,4	19,5	44,2	



NE, número de experimento; G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 31.** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 31 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.




**Figura 31 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.

### 3.2.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman á extracción do chumbo nos diferentes tipos de mostras, obsérvase un coportamento das variables moi similar. Como pode verse nas diferentes Cartas Pareto (Figura 31), as variables estatisticamente significativas no proceso de extracción son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación. Estas variables presentan, en tódolos casos, un efecto estimado positivo, co cal se pode decir que estas variables afectan positivamente ó proceso de extracción, dentro dos valores estudados.

Na figura 32 móstranse as superficies de resposta para as variables significativas, isto é, concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación. Nestes gráficos pode observarse como varía o %Eficacia na extracción do chumbo en función dos valores que toman estas dúas variables, manténdose o resto constantes no valor intermedio do intervalo proposto para o deseño.

As demais variables teñen unha maior ou menor importancia no proceso de extracción, pero sen superar o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza, representado gráficamente pola liña vertical. Dentro destas variables non significativas o comportamento tamén segue unha tendencia similar. O caudal de extracción e o volume de disolución extractante presentan efectos estimados negativos no proceso de extracción do chumbo nas diferentes mostras de alimentos, mentras que a temperatura de extracción inflúe positivamente no mesmo. A concentración de ácido clorhídrico é a variable con menor importancia na extracción do chumbo e presenta un efecto estimado negativo en tódalos tipos de mostras agás nos froitos secos e nos queixos e derivados lácteos.



**Figura 32.** Superficies de resposta proporcionadas polo deseño de Plackett-Burman para as variables estatisticamente significativas en cada caso (as demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido polo deseño).

Unha vez analizados os resultados obtidos ó aplicar o deseño factorial de Plackett-Burman, os valores establecidos como óptimos según o mesmo son os que se recollen na Táboa 124.

**Táboa 124.** Valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do chumbo das diferentes mostras sólidas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	3	3	3
<b>H (M)</b>	0	0	0	3	0	0	3
<b>I (min)</b>	5	5	5	5	5	5	5
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	70	70	70	70	70	70	70

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Como xa se comentou previamente, o deseño de Plackett-Burman non proporciona o valor óptimo das variables en sí, senon a tendencia cara o óptimo das mesmas. Así pois, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño e dacordo cos resultados obtidos polo mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do chumbo das diferentes mostras de alimentos.

### 3.2.2 Experimentos fóra do marco do deseño

- **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Moluscos e Peixes**

En primeiro lugar estudíronse as variables non significativas, é dicir, aquelas variables con menor influencia no proceso de extracción do chumbo. Dentro destas variables teñen efecto estimado negativo o caudal de extracción (efecto estimado=-10,5), o volume de disolución extractante (efecto estimado=-5,0) e a concentración de ácido clorhídrico (efecto estimado=-3,1).

Posto que o extracto ácido resultante ha de ser preconcentrado posteriormente a un caudal máximo de 3 mL/min, interesa fixar o valor da variable **volume de disolución extractante** no menor valor posible.

Con respecto á variable **concentración de ácido clorhídrico**, interesa eliminala da disolución extractante, posto que así se simplificaría a análise, empregando como único compoñente de dita disolución o ácido nítrico.

A variable **caudal de extracción** é a variable non significativa con maior influencia no proceso de extracción do chumbo. Intentar aumentar o valor desta variable provocaría maiores compactacións da mostra dentro da minicolumna, e polo tanto, maiores presións no sistema FIA.

Tendo en conta isto e o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123) para o caudal de extracción e o volume de disolución extractante e os experimentos 1 e 4 da mesma matriz para a concentración de ácido clorhídrico, onde os valores inferiores destas variables proporcionan %Eficacia na extracción cuantitativos, poden fixarse os valores óptimos para ditas variables en 3,5 mL/min, 2 mL e 0 M.

A **temperatura de extracción** é a única variable non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=8,8). A pesar de que a influencia

da mesma no proceso de extracción do chumbo é positiva, de maneira que o %Eficacia na extracción aumenta ó aumentar o valor da variable dentro do intervalo estudado, hai que dicir que traballar a 20 °C (temperatura ambiente) simplificaría a análise, posto que sería innecesario o quentamento previo da auga do ultrasóns e non habería que traballar cun extracto ácido quente. Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123), onde se obtivo unha extracción cuantitativa a temperatura ambiente, o valor óptimo desta variable fíxase en 20 °C.


As variables estatisticamente significativas son o **tempo de sonicación** e a **concentración de ácido nítrico**. Co obxectivo de simplificar a análise e realizar a extracción nas condicións ácidas máis diluídas posibles, estúdiouse a posibilidade de diminuír a concentración de ácido nítrico. Por outra parte, posto que o tempo de sonicación inflúe directamente na rapidez da análise, e polo tanto, na frecuencia de mostraxe, tamen se estudou a posibilidade de diminuír esta variable. Os resultados deste estudio recóllense na Táboa 125. Como pode observarse, son necesarios 3 minutos de sonicación e unha concentración de ácido nítrico 3 M para que a extracción do chumbo nas mostras de moluscos e peixes sexa cuantitativa.

**Táboa 125.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2,5	2	3,5	20	87,4
3	0	3	2	3,5	20	96,6
1,5	0	3	2	3,5	20	65,2

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de moluscos e peixes, que se mostra na figura 33.



**Figura 33.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Pb das mostras de moluscos e peixes ([HNO<sub>3</sub>] (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido: [HCl]= 1,5 M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do chumbo nas mostras de moluscos e peixes recóllense na Táboa 126.

**Táboa 126.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de moluscos e peixes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	3 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Vexetais**

No caso da extracción do chumbo en mostras de vexetais, igual que na extracción de dito metal en moluscos e peixes, as variables estatisticamente significativas son o tempo de sonicación e a concentración de ácido nítrico. Ademais, a influencia das variables non significativas no proceso de extracción segue tamén a mesma tendencia: influen negativamente no proceso o caudal de extracción, o volume de disolución extractante e a concentración de ácido clorhídrico e positivamente, a temperatura de extracción.

Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123), onde un **caudal de extracción** de 3,5 mL/min e unha **temperatura de extracción** de 20 °C conducen a un %Eficacia na extracción do 105,0 %, os óptimos destas variables fíxanse en ditos valores.

Nos experimentos 1 e 6 da mesma matriz, onde o **volumen de disolución extractante** toma o valor inferior do intervalo establecido, obtivéronse % Eficacia na extracción cuantitativos, de xeito que o valor óptimo desta variable se fixa en 2 mL.

Con respecto á **concentración de ácido clorhídrico**, hai que dicir que se pode eliminar dito compoñente da disolución extractante, posto que nos experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman, onde só o ácido nítrico formaba parte de dita disolución se obtiveron extraccións cuantitativas.

No referente ás variables estatisticamente significativas, isto é, **tempo de sonicación** e **concentración de ácido nítrico**, que influen positivamente no proceso de extracción (efectos estimados de 35,4 e 33,0, respectivamente), hai que dicir que se realizaron unha serie de experimentos fóra do marco do deseño co obxectivo de reducir os valores óptimos destas variables según o deseño. O resultado destes experimentos mostrase na Táboa 127.


**Táboa 127.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	105,0
3	0	1,5	2	3,5	20	102,7
3	0	1	2	3,5	20	58,0
2	0	1,5	2	3,5	20	81,5

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Se se analiza con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente

polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de vexetais, poden corroborarse os resultados obtidos (Figura 34).



**Figura 34.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Pb das mostras de vexetais ([HNO<sub>3</sub>] (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido: [HCl]= 1,5 M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

Unha vez optimizadas todas as variables según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do chumbo nas mostras de vexetais recóllense na Táboa 128.

**Táboa 128.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de vexetais.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Carnes**

A Carta Pareto obtida para a extracción de chumbo en mostras de carne é similar á obtida para as mostras de moluscos e peixes e vexetais. Os efectos estimados das variables significativas (concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación) son positivos e similares (42,2 e 42,0, respectivamente). As variables non significativas seguen a mesma tendencia que nos casos anteriores.

Tendo en conta os resultados obtidos no experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123), onde se obtén un %Eficacia na extracción do 101,3 %, o **caudal de extracción** fíxase en 3,5 mL/min, o **volume de disolución extractante** en 2 mL e a **temperatura de extracción** en 20 °C.

Con respecto á **concentración de ácido clorhídrico** e tendo en conta que nos experimentos 1 e 4 da mesma matriz, onde este reactivo non forma parte da disolución extractante se obteñen extraccións cuantitativas (101,3 e 99,7 %), pode fixarse a concentración do mesmo en 0 M.

No referente ás variables estatisticamente significativas, a **concentración de ácido nítrico** e o **tempo de sonicación**, estúdiouse a posibilidade de reducir

o valor das mesmas proporcionado polo deseño (3 M e 5 minutos, respectivamente, Táboa 124). O resultado deste estudio recóllese na Táboa 129. Como pode observarse, son necesarios 2,5 minutos de sonicación e a concentración máxima de ácido nítrico (3 M) para extraer cuantitativamente o chumbo das mostras de carne.

**Táboa 129.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	85,6
3	0	2,5	2	3,5	20	98,5
2	0	2,5	2	3,5	20	78,9

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do chumbo nas mostras de carnes recóllense na Táboa 130.

**Táboa 130.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de carnes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

---

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Froitos secos**

Novamente, as variables estatisticamente non significativas son o caudal de extracción, o volume de disolución extractante, a temperatura de extracción e a concentración de ácido clorhídrico.

Tendo en conta os experimentos 1, 4 e 6 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123), onde se obteñen %Eficacia na extracción de 102,3, 99,8 e 100,3, respectivamente, pode concluírse o seguinte: o **caudal de extracción** fíxase en 3,5 mL/min, para reducir as compactacións da mostra na minicolumna e a consecuente presión no sistema FIA; o **volume de disolución extractante** fíxase en 2 mL, para reducir o tempo da posterior preconcentración, que se vai realizar a un caudal máximo de 3 mL/min; a **temperatura de extracción** fíxase en 20 °C (temperatura ambiente), para evitar o quecemento previo da auga de ultrasóns e elimínase o **ácido clorhídrico** da disolución extractante, para simplificar a análise.


Con respecto ás variables estatisticamente significativas, isto é, a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación, realizáronse unha serie de experimentos co obxectivo de reducir os valores óptimos proporcionados polo deseño para estas variables. Tal e como se observa na Táboa 131, é posible reducir o **tempo de sonicación** a 1 minuto, mentras que a **concentración de ácido nítrico** se debe manter no valor máximo estudado: 3 M.

Os resultados obtidos poden corroborarse co gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de froitos secos, que se mostra na Figura 35.

**Táboa 131.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1,5	2	3,5	20	102,9
3	0	1	2	3,5	20	95,1
3	0	0,5	2	3,5	20	73,9
1,5	0	1	2	3,5	20	62,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.



**Figura 35.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Pb das mostras de froitos secos ([HNO<sub>3</sub>] (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudio establecido: [HCl]= 1,5 M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

Unha vez optimizadas todas as variables, os valores óptimos para cada unha delas, despois de realizar os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 132.

**Táboa 132.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de froitos secos.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Legumes**

No caso das mostras de legumes, igual que nos moluscos e peixes, vexetais e carnes, as variables estatisticamente significativas e o signo dos efectos estimados de tódalas variables son os mesmos.

Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123), onde o %Eficacia na extracción é cuantitativo (101,3 %) poden fixarse os valores das variables **caudal de extracción** e **temperatura de extracción** en 3,5 mL/min e 20 °C (temperatura ambiente). Estes valores óptimos simplifican a análise, ó evitar a compactación da mostra na minicolumna e o quecemento previo da auga do ultrasóns.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable que menos influe no proceso de extracción do chumbo nas mostras de legumes (efecto estimado=-4,2). De feito, pode eliminarse este compoñente da disolución extractante, obténdose aínda así valores do %Eficacia na extracción cuantitativos, tal e como indican os experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123).

Con respecto á variable **volumen de disolución extractante**, o que interesa é reducir ó máximo o valor da mesma, posto que o volume de extracto ácido deberá ser preconcentrado posteriormente a un caudal máximo de 3 mL/min. Posto que empregando un volume de disolución extractante de 2 mL (límite inferior do intervalo proposto para o deseño) se obteñen extraccións cuantitativas (experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman), o valor óptimo desta variable fíxase en 2 mL.

As variables estatisticamente significativas son o **tempo de sonicación** (efecto estimado=43,1) e a **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=36,5). Tal e como indican os valores dos efectos estimados, a influencia de ditas variables no proceso de extracción é positiva; é dicir, a eficacia na extracción aumenta a medida que aumentan os valores das variables, dentro do intervalo estudado. Non obstante, estúdiouse a posibilidade de reducir o valor destas variables con respecto ós valores óptimos proporcionados polo deseño (Táboa 124). Os experimentos realizados para tal fin e os resultados dos mesmos móstranse na Táboa 133. Como pode observarse, requírense 3,5 minutos de sonicación e unha concentración de ácido nítrico 1 M para que a extracción do chumbo nas mostras de legumes sexa cuantitativa. A redución do valor destas variables con respecto ó valor óptimo das mesmas proporcionado polo deseño permite aumentar a frecuencia de mostraxe e realizar a extracción con ácido máis diluído.

**Táboa 133.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	3	2	3,5	20	66,9
3	0	3,5	2	3,5	20	97,1
1	0	3,5	2	3,5	20	104,2
0,5	0	3,5	2	3,5	20	73,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do chumbo nas mostras de legumes son os indicados na Táboa 134.

**Táboa 134.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de legumes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	3,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Cereais e derivados**

A optimización fóra do marco do deseño comézase, ó igual que nos casos anteriores, polas variables estatisticamente non significativas.

Co obxectivo de evitar a compactación da mostra e a xeneración de presión no sistema FIA, o **caudal de extracción** fíxase en 3,5 mL/min. A

realización da extracción a temperatura ambiente (20 °C) evita a necesidade de quentar a auga do ultrasóns antes da extracción, de maneira que a **temperatura de extracción** se fixa en 20 °C. O experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123) corrobora que no referente a estas dúas variables, ditos valores conducen a un %Eficacia na extracción cuantitativo (98,3 %).

Según os experimentos 1 e 6 da mesma matriz, se se elixe un **volume de disolución extractante** de 2 mL, a extracción do chumbo das mostras de cereais e derivados é cuantitativa. Tendo en conta que o extracto ácido se preconcentrará posteriormente a un caudal máximo de 3 mL/min, convén que o valor da variable volume de disolución extractante sexa o máis pequeno posible. Así pois, o volume de 2 mL é o elixido como óptimo para esta variable.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menor influencia no proceso de extracción. Se se teñen en conta os experimentos 1 e 4 da matriz do deseño (Táboa 123), onde se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos cando esta variable toma o valor inferior do intervalo estudado, pode concluírse que é posible eliminar este compoñente da disolución extractante.

Para lograr unha maior rapidez nas análises e realizar a extracción nas condicións ácidas menos drásticas posibles, estúdiouse a posibilidade de reducir o valor óptimo proporcionado polo deseño das variables estatisticamente significativas (Táboa 124). O resultado deste estudio móstrase na Táboa 135.

**Táboa 135.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	4	2	3,5	20	100,3
3	0	3	2	3,5	20	79,9
3	0	3,5	2	3,5	20	101,5
1,5	0	3,5	2	3,5	20	66,5

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Tal e como se mostra na táboa, é posible reducir o **tempo de sonicación** dende 5 a 3,5 minutos, mentras que unha **concentración de ácido nítrico** inferior a 3 M non permite extraer cuantitativamente o chumbo das mostras de cereais e derivados.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do chumbo nas mostras de cereais e derivados son os indicados na Táboa 136.

**Táboa 136.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de cereais e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
<b>Tempo de sonicación</b>	3,5 min
<b>Volume de disolución extractante</b>	2 mL
<b>Caudal de extracción</b>	3,5 mL/min
<b>Temperatura de extracción</b>	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do chumbo en mostras de Queixos e derivados**

Neste caso, as variables estatisticamente significativas tamén son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación, mentras que as variables estatisticamente non significativas teñen efectos estimados moi baixos. Dentro destas últimas, teñen efecto estimado negativo o caudal de extracción (efecto estimado=-3,1) e o volume de disolución extractante (efecto estimado=-3,2), e efecto estimado positivo a temperatura de extracción (efecto estimado=2,2) e a concentración de ácido clorhídrico (efecto estimado=2,0).

Seguindo o mesmo razoamento que nos outros tipos de mostras e tendo en conta os experimentos 1, 4 e 6 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 123), os valores óptimos das variables non significativas fíxanse en 3,5 mL/min para o **caudal de extracción**, 2 mL para o **volume de disolución extractante**, 20 °C para a **temperatura de extracción** e 0 M para a **concentración de ácido clorhídrico**.

Con respecto ás variables que inflúen estatisticamente na extracción do chumbo nas mostras de queixos e derivados, realizáronse unha serie de experimentos co obxectivo de diminuír o **tempo de sonicación** e a **concentración de ácido nítrico**. O resultado destes experimentos recóllese na Táboa 137.

**Táboa 137.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1	2	3,5	20	96,7
3	0	0,5	2	3,5	20	82,4
2	0	1	2	3,5	20	77,8


G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Obsevando o gráfico de superficie de resposta para as variables estatisticamente significativas proporcionado polo deseño para as mostras de queixos e derivados (Figura 36), poden corroborarse os resultados obtidos.

Os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do chumbo nas mostras de queixos e derivados son os indicados na Táboa 138.

**Táboa 138.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do chumbo nas mostras de queixos e derivados

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C



**Figura 36.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Pb das mostras de queixos e derivados ( $[\text{HNO}_3]$  (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido:  $[\text{HCl}] = 1,5$  M; Volume de disolución extractante = 3,5 mL; Caudal de extracción = 4,75 mL/min e Temperatura de extracción = 45 °C.

A Táboa 139 recolle un resumo dos valores óptimos para tódalas variables implicadas no proceso de extracción do chumbo nos diferentes tipos de mostras de alimentos.

Tendo en conta estes valores, pode concluirse que no proceso de extracción do chumbo dos diferentes tipos de mostras de alimentos se pode eliminar o ácido clorhídrico da disolución extractante, mentras que se precisa unha concentración de ácido nítrico 3 M para que a extracción sexa cuantitativa en tódolos casos excepto para as legumes, onde é suficiente unha concentración de dito ácido 1 M.

As variables volume de disolución extractante, caudal de extracción e temperatura de extracción toman o mesmo valor óptimo en cada unha das matrices sólidas.

Con respecto ó tempo de extracción, obsérvase que as matrices que requiren un maior tempo de sonicación para que a extracción sexa cuantitativa son as legumes e os cereais e derivados (3,5 minutos). As mostras de moluscos e peixes requiren de 3 minutos de sonicación, as carnes, de 2,5 minutos e os vexetais, de tan só 1,5 minutos. As mostras de froitos secos e queixos e derivados precisan únicamente de 1 minuto de extracción para que o proceso teña lugar de forma cuantitativa.

**Táboa 139.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do chumbo das diferentes mostras de alimentos.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA EXTRACCIÓN DO CHUMBO DAS DIFERENTES MOSTRAS DE ALIMENTOS						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	1	3	3
<b>H (M)</b>	0	0	0	0	0	0	0
<b>I (min)</b>	3	1,5	2,5	1	3,5	3,5	1
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	20	20	20	20	20	20	20

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

### 3.2.3 Estudio da cantidade de mostra

Na optimización das distintas variables que afectan ó proceso de extracción continua do chumbo empregouse unha cantidade de mostra de 60 mg por minicolumna (unha minicolumna para os moluscos e peixes (Figura 12) e dúas minicolumnas conectadas en serie para o resto de mostras de alimentos (Figura 13)). Non obstante, estúdiouse a posibilidade de empregar cantidades maiores, co obxectivo de poder utilizar estes sistemas continuos para mostras que teñan unha concentración menor de chumbo e mellorar así a

sensibilidade do método analítico. Estudouse a posibilidade de aumentar a cantidade de mostra ata un máximo de 100 mg por minicolumna, xa que utilizar cantidades maiores provoca grandes presións no sistema FIA que fan inviable a análise. O aumento da cantidade de mostra mantendo os valores óptimos das variables implicadas no proceso de extracción do chumbo só foi posible nas mostras de moluscos e peixes e queixos e derivados, obténdose eficacias na extracción cuantitativas para un máximo de 80 mg de mostra por minicolumna.

#### **3.2.4 Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra**

Ata o momento, tódolos estudos levados a cabo se realizaron con mostras de diámetro de partícula inferior a 30  $\mu\text{m}$ . Posto que resulta de interés coñecer se o tamaño de partícula da mostra influe no proceso de extracción, tomáronse fraccións de mostras representativas de cada matriz alimenticia dos seguintes tamaños: inferior a 30  $\mu\text{m}$  e intermedios entre 30 e 100  $\mu\text{m}$ .

Para cada fracción de cada mostra, realizouse a análise seguindo o método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) e mediante as diferentes metodoloxías propostas. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 140.

Pode concluirse, polo tanto, que o tamaño de partícula da mostra non influe na extracción do chumbo das diferentes mostras de alimentos, dentro do intervalo estudado.

**Táboa 140.** Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra utilizando o método de referencia e as metodoloxías continuas propostas. Indícase tamén a eficacia na extracción do sistema FIA.

Tipo de mostra	Mostra analizada	Tamaño de partícula	[Pb] <sub>A</sub> (µg/g)	[Pb] <sub>B</sub> (µg/g)	% Eficacia na extracción
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	< 30 µm	0,98 ± 0,03	1,01 ± 0,03	103,1
		30-100 µm	0,94 ± 0,04	0,95 ± 0,03	101,1
<b>Vexetais</b>	Grelas	< 30 µm	0,26 ± 0,01	0,26 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,26 ± 0,01	0,26 ± 0,01	100,0
<b>Carnes</b>	Riles de carneiro	< 30 µm	0,22 ± 0,01	0,22 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,22 ± 0,01	0,23 ± 0,01	104,5
<b>Froitos secos</b>	Castañas	< 30 µm	0,26 ± 0,01	0,26 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,26 ± 0,01	0,27 ± 0,01	103,8
<b>Legumes</b>	Garbanzos	< 30 µm	0,32 ± 0,01	0,33 ± 0,01	103,1
		30-100 µm	0,32 ± 0,01	0,33 ± 0,01	103,1
<b>Cereais e derivados</b>	Pan relado	< 30 µm	0,21 ± 0,01	0,22 ± 0,01	104,8
		30-100 µm	0,21 ± 0,01	0,21 ± 0,02	100,0
<b>Queixos e derivados</b>	logurt	< 30 µm	0,51 ± 0,01	0,53 ± 0,02	103,9
	natural	30-100 µm	0,49 ± 0,01	0,50 ± 0,01	102,0

<sup>A</sup> [Pb] obtida mediante o método de referencia

<sup>B</sup> [Pb] obtida mediante os métodos continuos propostos

### 3.3 Extracción do cobalto

A optimización deste proceso de extracción levouse a cabo empregando o dispositivo FIA indicado na Figura 12.

Para a optimización, empregouse o deseño factorial de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III con 6 graos de liberdade e un punto central. As variables que afectan ó proceso de extracción ácida do cobalto, así como os valores máximos e mínimos fixados para as mesmas, dacordo con experimentos realizados previamente, recóllense na Táboa 102.

Unha vez obtida a matriz do deseño (Táboa 101) realizáronse os 13 experimentos indicados na mesma, utilizando o dispositivo FIA indicado na Figura 12. Para realizar os experimentos sobre as diferentes matrices, empregáronse mostras cuxa concentración se determinou previamente por triplicado, facendo uso do método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) (Táboa 141). A cantidade de mostra empregada para levar a cabo a optimización do proceso de extracción foi de 60 mg por minicolumna.

A matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada experimento e o %Eficacia na extracción obtido en cada caso móstrase na Táboa 142. Os experimentos da matriz realizáronse por duplicado, de xeito que o %Eficacia na extracción indicado é a media de ambos resultados.

**Táboa 141.** Mostras empregadas na optimización do proceso continuo de extracción ácida e concentración de cobalto presente nas mesmas.




Tipo de matriz	Mostra coa que se realizou a optimización	[Co] ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	$0,93 \pm 0,01$
<b>Vexetais</b>	Acelga	$0,80 \pm 0,01$
<b>Carnes</b>	Polo	$0,88 \pm 0,02$
<b>Froitos secos</b>	Cacahuetes	$0,77 \pm 0,01$
<b>Legumes</b>	Lentellas	$0,75 \pm 0,01$
<b>Cereais e derivados</b>	Arroz	$0,86 \pm 0,02$
<b>Queixos e derivados lácteos</b>	Quesitos	$0,87 \pm 0,01$

Unha vez realizados os experimentos procedeuse á análise dos datos proporcionados polo deseño. Para iso é preciso coñecer que variables son estatisticamente significativas e como afectan ó proceso de extracción ácida do cobalto, para o cal se recorre ás **Cartas Pareto estandarizadas** para cada tipo de mostra (Figura 37).



**Táboa 142.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e co % Eficacia na extracción do cobalto obtido en cada un deles para cada tipo de mostra.

NE	% Eficacia na extracción												
	G	H	I	J	K	L	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
1	3	0	5	2	3,5	20	101,2	97,8	97,8	101,3	97,7	97,9	101,3
2	3	3	0,5	5	3,5	20	35,0	49,0	66,2	70,9	68,5	53,0	86,7
3	0	3	5	2	6	20	68,1	62,9	70,1	61,2	43,0	38,6	63,2
4	3	0	5	5	3,5	70	98,7	101,0	101,4	99,7	101,0	101,4	99,7
5	3	3	0,5	5	6	20	33,8	46,1	65,1	69,0	65,8	50,6	83,6
6	3	3	5	2	6	70	102,4	100,7	99,6	98,4	103,4	98,4	103,0
7	1,5	1,5	2,75	3,5	4,75	45	90,6	98,6	92,5	100,8	81,9	77,5	102,4
8	0	3	5	5	3,5	70	71,0	69,1	73,4	63,5	46,7	42,3	65,6
9	0	0	5	5	6	20	39,4	55,1	46,7	49,1	31,8	26,2	60,1
10	0	0	0,5	5	6	70	21,0	28,0	33,1	33,0	23,9	21,0	41,9
11	3	0	0,5	2	6	70	31,6	45,1	67,3	66,7	66,4	47,5	81,9
12	0	3	0,5	2	3,5	70	27,2	37,1	42,0	45,1	28,1	30,6	54,6
13	0	0	0,5	2	3,5	20	23,1	25,2	31,1	34,5	25,3	24,8	43,4



NE, número de experimento; G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 37.** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 37 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.




**Figura 37 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.

### 3.3.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos tras aplicar o deseño factorial de Plackett-Burman á extracción do cobalto nos distintos tipos de mostras de alimentos, obsérvase que as variables estatisticamente significativas son as mesmas en tódolos casos: a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación.

A Figura 38 recolle os gráficos de superficie de resposta para estas dúas variables en cada caso, onde se pode observar como varía o %Eficacia na extracción do cobalto en función dos valores que toman ditas variables e mantendo as variables restantes no valor intermedio do intervalo de estudio proposto para o deseño.

As demais variables non superan o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza, que se representa nas Cartas Pareto estandarizadas por unha liña vertical. Dentro destas variables non significativas, obsérvase que o volume de disolución extractante e o caudal de extracción afectan negativamente ó proceso de extracción en tódolos casos, mentras que a temperatura de extracción afecta positivamente. A variable concentración de ácido clorhídrico presenta un efecto estimado negativo no caso das mostras de cereais e derivados mentras que nos restantes tipos de mostras este efecto estimado é positivo.



**Figura 38.** Superfícies de resposta proporcionadas polo deseño de Plackett-Burman para as variables estatisticamente significativas en cada caso (as demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido polo deseño).

Unha vez analizados os resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos das variables establecidos polo mesmo son os que se indican na Táboa 143.

**Táboa 143.** Valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do cobalto das diferentes mostras sólidas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	3	3	3
<b>H (M)</b>	3	3	3	3	3	0	3
<b>I (min)</b>	5	5	5	5	5	5	5
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	70	70	70	70	70	70	70

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Tendo en conta que o deseño de Plackett-Burman non proporciona os valores óptimos das variables, senon a tendencia das mesmas cara o óptimo, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño para determinar os valores óptimos de cada unha das variables que afectan ó proceso de extracción do cobalto nos distintos tipos de mostras.

### 3.3.2 Experimentos fóra do marco do deseño

- **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Moluscos e Peixes**

No estudio das Cartas Pareto estandarizadas (Figura 37) pode observarse que na extracción do cobalto en mostras de moluscos e peixes as variables estatísticamente significativas son o tempo de sonicación e a concentración de ácido nítrico.

O **caudal de extracción** e **volumen de disolución extractante** son as variables non significativas con máis importancia no proceso de extracción e presentan efectos estimados negativos. Tendo en conta os experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), onde se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos, os valores óptimos destas variables fíxanse en 3,5 mL/min e 2 mL.

Os valores óptimos establecidos para a **concentración de ácido clorhídrico** e **temperatura de extracción** son 0 M e 20 °C, respectivamente, posto que se obteñen valores de %Eficacia na extracción cuantitativos cando estas variables toman o valor mínimo do intervalo establecido no deseño (experimentos 1 e 4 para a concentración de ácido clorhídrico e experimento 1 para a temperatura de extracción). Polo tanto, a extracción do cobalto é cuantitativa a temperatura ambiente e eliminando o ácido clorhídrico da disolución extractante.

Con respecto ás variables estatísticamente significativas, **tempo de sonicación** e **concentración de ácido nítrico**, estívese a posibilidade de reducir os valores óptimos das mesmas proporcionados polo deseño. Os experimentos realizados con tal fin e o resultado dos mesmos recóllense na Táboa 144.

**Táboa 144.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	102,7
3	0	1,5	2	3,5	20	86,4
2	0	2	2	3,5	20	92,6

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.


Tal e como se observa na táboa, o tempo de sonicación pode reducirse dende 5 ata 2 minutos, mentras que a concentración de ácido nítrico se debe manter en 3 M para que a extracción sexa cuantitativa.

Os resultados obtidos poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de moluscos e peixes, que se mostra na figura 39.

Os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cobalto nas mostras de moluscos e peixes recóllense na Táboa 145.

**Táboa 145.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de moluscos e peixes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C



**Figura 39.** Superfície de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Co das mostras de moluscos e peixes ( $[HNO_3]$  (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido:  $[HCl]= 1,5$  M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Vexetais**

A extracción do cobalto nas mostras de vexetais está afectada significativamente polas variables tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico. As restantes variables teñen unha influencia no proceso baixa, tal e como indican os valores absolutos dos seus efectos estimados (Figura 37).

Os valores óptimos das variables **temperatura de extracción, caudal de extracción e volume de disolución extractante** fíxanse en 20 °C, 3,5 mL/min e 2 mL, respectivamente, posto que nos experimentos 1 (para a temperatura e caudal de extracción) e 1 e 6 (para o volume de disolución extractante), onde ditas variables toman estes valores, se obteñen %Eficácia na extracción cuantitativos.

Con respecto á **concentración de ácido clorhídrico** e tendo en conta os experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), pode concluirse que se pode eliminar dito compoñente da disolución extractante e aínda así obter extraccións cuantitativas.

No referente ás variables estatisticamente significativas, estúdiouse a posibilidade de reducir os valores das mesmas, para aumentar así a frecuencia de mostraxe e poder realizar a extracción nas condicións menos drásticas posibles. A Táboa 146 mostra os resultados deste estudo.

**Táboa 146.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1	2	3,5	20	87,9
3	0	1,5	2	3,5	20	96,9
1,5	0	1,5	2	3,5	20	103,5
1,0	0	1,5	2	3,5	20	102,9
0,5	0	1,5	2	3,5	20	86,4

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cobalto das mostras de vexetais recóllense na Táboa 147.

**Táboa 147.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de vexetais.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Carnes**

En primeiro lugar optimizáronse as variables non significativas.

A **concentración de ácido clorhídrico** presenta un efecto estimado positivo (efecto estimado=6,5), de maneira que canto maior sexa o valor desta variable (dentro do intervalo estudado) máis favorecido se verá o proceso de extracción. Non obstante, tendo en conta os resultados obtidos nos experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), onde a extracción é cuantitativa a pesar de que este ácido non forma parte da disolución extractante, o valor óptimo desta variable fíxase en 0 M.

Os valores óptimos da **temperatura de extracción** (efecto estimado=6,6), **caudal de extracción** (efecto estimado=-5,0) e **volumen de disolución extractante** (efecto estimado=-3,7) fíxanse en 20 °C, 3,5 mL/min e 2 mL, posto que os experimentos 1 (para o caudal e temperatura de extracción) e 1 e 6 (para o volumen de disolución extractante) da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142) proporcionan %Eficacia na extracción cuantitativas. Desta maneira simplifícase en gran medida a análise, posto que se pode realizar a temperatura ambiente e ó caudal mínimo estudado, reducíndose así a

compactación da mostra na minicolumna e a presión xenerada no sistema FIA. O emprego do menor volume de disolución extractante permite aumentar a frecuencia de mostraxe, ó requirirse menos tempo para levar a cabo a preconcentración, posto que o volume de extracto se vai preconcentrar posteriormente a un caudal máximo de 2 mL/min.

Con respecto ás variables estatisticamente significativas, **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=33,5) e **tempo de sonicación** (efecto estimado=30,7), realizáronse uns experimentos co obxectivo de reducir os valores das mesmas proporcionados polo deseño. Os resultados destes experimentos indícanse na Táboa 148.

**Táboa 148.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	102,4
3	0	1,5	2	3,5	20	86,6
2	0	2	2	3,5	20	91,6

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cobalto en mostras de carnes, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 149.

**Táboa 149.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de carnes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Froitos secos**

Novamente, as variables estatisticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación.

O estudo fóra do marco do deseño comézase polas variables non significativas.

O **volumen de disolución extractante** ten un efecto estimado negativo (efecto estimado=-3,7). Tendo en conta os experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), e co obxectivo de reducir o tempo de preconcentración (xa que o volumen de extracto se vai preconcentrar posteriormente a un caudal de 2 mL/min), o valor óptimo desta variable fíxase en 2 mL.

A variable **concentración de ácido clorhídrico** ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=4,0), de maneira que a maior valor desta variable, máis favorecido se verá o proceso de extracción. Non obstante, pode eliminarse este compoñente da disolución extractante, obténdose aínda así %Eficacia na extracción cuantitativos (experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman). Polo tanto, o valor óptimo para esta variable fíxase en 0 M.

A **temperatura de extracción** e o **caudal de extracción** fíxanse en 20 °C e 3,5 mL/min, respectivamente, posto que no experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), onde estas variables toman o valor inferior do intervalo proposto para o deseño, se obtén un %Eficacia na extracción cuantitativo (101,3 %).

Con respecto á **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación**, (variables estatisticamente significativas), estúdiouse a posibilidade de reducir os valores das mesmas proporcionados polo deseño, co obxectivo de realizar a extracción co ácido o máis diluído posible e aumentar a frecuencia de mostraxe. Os resultados deste estudo recóllense na Táboa 150.

**Táboa 150.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1	2	3,5	20	85,6
3	0	1,5	2	3,5	20	101,3
1,5	0	1,5	2	3,5	20	102,0
1	0	1,5	2	3,5	20	103,0
0,5	0	1,5	2	3,5	20	86,3

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cobalto nas mostras de froitos secos recóllense na Táboa 151.

**Táboa 151.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de froitos secos.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Legumes**

O estudo fóra do marco do deseño comezouse por aquelas variables con menor importancia no proceso de extracción.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menor influencia na extracción (efecto estimado=1,6). A pesar de que o seu efecto estimado é positivo, tendo en conta os experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), onde se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos tomando esta variable o valor de 0 M, elíxese dito valor como óptimo; é dicir, elimínase o ácido clorhídrico da disolución extractante.

As variables **temperatura de extracción** e **caudal de extracción** fíxanse en 20 °C e 3,5 mL/min, posto que o experimento realizado con ditos valores (experimento 1 da matriz de Plackett-Burman) proporciona un %Eficacia na extracción cuantitativo.

A variable **volume de disolución extractante** ten un efecto estimado negativo (efecto estimado=-4,4). Co obxectivo de diminuír o tempo de preconcentración, e polo tanto, o tempo da análise, e tendo en conta os

experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman, selecciónase o volume de 2 mL como o valor óptimo para esta variable.

Con respecto ás variables estatisticamente significativas, a **concentración de ácido nítrico** e o **tempo de sonicación**, realizáronse uns experimentos fóra do marco do deseño co obxectivo de reducir os valores das mesmas proporcionados polo deseño. Os resultados destes experimentos recóllense na Táboa 152.

**Táboa 152.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.


G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1	2	3,5	20	92,9
3	0	1,5	2	3,5	20	102,7
2	0	1,5	2	3,5	20	81,9

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Tal e como se observa na táboa, un tempo de sonicación de 1,5 minutos é suficiente para lograr unha extracción cuantitativa. Non obstante, a concentración de ácido nítrico requerida é de 3 M.

Estes resultados poden corroborarse ó analizar con profundidade o gráfico de superficie para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación obtido previamente polo deseño de Plackett-Burman para as mostras de legumes, que se mostra na figura 40.

Os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cobalto nas mostras de legumes recóllense na Táboa 153.



**Figura 40.** Superficie de resposta obtida polo deseño de Plackett-Burman para as variables significativas do proceso de extracción do Co das mostras de legumes ([HNO<sub>3</sub>] (M) e tempo de sonicación (min)). As demais variables toman o valor medio do intervalo de estudio establecido: [HCl]= 1,5 M; Volume de disolución extractante= 3,5 mL; Caudal de extracción= 4,75 mL/min e Temperatura de extracción= 45 °C.

**Táboa 153.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de legumes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Cereais e derivados**

Neste caso, as variables estatisticamente significativas tamén son a concentración de ácido nítrico (efecto estimado=44,2) e o tempo de sonicación (efecto estimado=29,5).

O **caudal de extracción** (efecto estimado=-11,3) e a **temperatura de extracción** (efecto estimado=8,3) son as variables non significativas con maior influencia no proceso de extracción. Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 142), fíxanse os valores óptimos destas variables en 3,5 mL/min e 20 °C, respectivamente. Simplifícase así a análise, posto que se pode levar a cabo a temperatura ambiente e ó empregar o caudal mínimo do intervalo proposto para o deseño, minimízase a compactación da mostra na minicolumna e a presión xenerada no sistema FIA.

O **volume de disolución extractante** (efecto estimado=-7,2) fíxase en 2 mL, posto que dito volume proporciona %Eficacia na extracción cuantitativos (experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman) e permite reducir o tempo de preconcentración, que se realizará posteriormente a un caudal máximo de 2 mL/min.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menor efecto estimado (efecto estimado=-0,9). Se se consideran os experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman, pode concurirse que é posible eliminar dito compoñente da disolución extractante e obter aínda así extraccións cuantitativas. Polo tanto, o valor óptimo desta variable é 0 M.

As variables **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación** teñen efectos estimados elevados e positivos, de maneira que ó aumentar ditas

variables dentro do intervalo proposto para o deseño, favorécese o proceso de extracción. Non obstante, estulouse a posibilidade de reducir os valores destas variables proporcionados polo deseño. A Táboa 154 recolle os resultados de ditos experimentos.

Como pode observarse na táboa, é posible reducir o tempo de sonicación a 2 minutos, mentras que a concentración de ácido nítrico se debe manter en 3 M para que a extracción sexa cuantitativa.

**Táboa 154.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	101,4
3	0	1,5	2	3,5	20	90,6
2	0	2	2	3,5	20	77,5

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos das variables involucradas na extracción do cobalto en mostras de cereais e derivados indícanse na Táboa 155.

**Táboa 155.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de cereais e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cobalto en mostras de Queixos e derivados**

Na extracción do cobalto en mostras de queixos e derivados as variables estatisticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación.

O **caudal de extracción**, o **volumen de disolución extractante** e a **temperatura de extracción** son variables que non influen estatisticamente na extracción. Os seus valores fíxanse en 3,5 mL/min, 2 mL e 20 °C, posto que ditos valores simplifican o proceso de extracción e proporcionan resultados de %Eficacia na extracción cuantitativos (experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 142).

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable non significativa con maior efecto estimado (efecto estimado=4,2). A pesar de que a súa influencia no proceso de extracción é positiva, pode eliminarse dito compoñente da disolución extractante e lograr aínda así extraccións cuantitativas. Polo tanto, o valor óptimo para esta variable é 0 M.

Con respecto á **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación**, leváronse a cabo unha serie de experimentos co obxectivo de reducir os valores destas variables proporcionados polo deseño. Tal e como se recolle na Táboa 156, é posible reducir o tempo de sonicación dende 5 a 1 minuto e a concentración de ácido nítrico dende 3 a 1 M.

**Táboa 156.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1	2	3,5	20	100,1
3	0	0,5	2	3,5	20	90,3
1,5	0	1	2	3,5	20	102,6
1	0	2	2	3,5	20	96,7
0,5	0	1	2	3,5	20	84,5

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada unha das variables implicadas na extracción do cobalto das mostras de queixos e derivados recóllense na Táboa 157.

**Táboa 157.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cobalto nas mostras de queixos e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

A Táboa 158 recolle un resume dos valores óptimos para tódalas variables implicadas no proceso de extracción do cobalto nos diferentes tipos de mostras de alimentos.

**Táboa 158.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do cobalto das diferentes mostras de alimentos.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA EXTRACCIÓN DO COBALTO DAS DIFERENTES MOSTRAS DE ALIMENTOS						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	1	3	1	3	3	1
<b>H (M)</b>	0	0	0	0	0	0	0
<b>I (min)</b>	2	1,5	2	1,5	1,5	2	1
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	20	20	20	20	20	20	20

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Nos valores óptimos obtidos para cada unha das variables na extracción do cobalto nos distintos tipos de mostras, obsérvase que se pode eliminar o ácido clorhídrico da disolución extractante en tódolos casos. No referente á concentración de ácido nítrico, é necesaria unha concentración de 3 M nos moluscos e peixes, carnes, legumes e cereais e derivados, mentras que nos vexetais, froitos secos e queixos e derivados é suficiente unha concentración 1 M do mesmo ácido para que a extracción sexa cuantitativa.

No que respecta ó tempo de sonicación, obsérvase que as mostras que requiren un maior tempo de extracción son os moluscos e peixes, as carnes e os cereais e derivados (2 minutos). A extracción cuantitativa dos vexetais, froitos secos e legumes require dun tempo de sonicación de 1,5 minutos, mentras que a extracción dos queixos e derivados é cuantitativa con tan só 1 minuto de sonicación.

As variables volume de disolución extractante, caudal de extracción e temperatura de extracción toman o mesmo valor óptimo en cada unha das matrices sólidas (2 mL, 3,5 mL/min e 20 °C, respectivamente).

### **3.3.3 Estudio da cantidade de mostra**

Nas extraccións de cobalto realizadas ata o momento as cantidades de mostra empregadas foron de 60 mg. Non obstante, estudiouse a posibilidade de utilizar cantidades de mostra maiores, para poder mellorar as características analíticas do proceso e analizar mostras con concentracións de cobalto menores. Así, estudiouse a posibilidade de aumentar a cantidade de mostra ata un máximo de 100 mg, xa que utilizar cantidades maiores provoca grandes presións no sistema FIA que fan inviable a análise.

O aumento da cantidade de mostra mantendo os valores óptimos das variables implicadas no proceso de extracción do cobalto non foi posible en ningún dos tipos de mostra estudiaados.

### **3.3.4 Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra**

Ata o momento, tódolos estudos levados a cabo se realizaron con mostras de diámetro de partícula inferior a 30  $\mu\text{m}$ . Posto que resulta de interés coñecer se o tamaño de partícula da mostra influe no proceso de extracción, tomáronse fraccións de mostras representativas de cada matriz alimenticia dos seguintes tamaños: inferior a 30  $\mu\text{m}$  e intermedios entre 30 e 100  $\mu\text{m}$ .

Para cada fracción de cada mostra, realizouse a análise seguindo o método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) e mediante as diferentes metodoloxías propostas. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 159.

Pode concluirse, polo tanto, que o tamaño de partícula da mostra non influe na extracción do cobalto das diferentes mostras de alimentos, dentro do intervalo estudiaado.

**Táboa 159.** Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra utilizando o método de referencia e as metodoloxías continuas propostas. Indícase tamén a eficacia na extracción do sistema FIA.

Tipo de mostra	Mostra analizada	Tamaño de partícula	[Co] <sup>A</sup> (µg/g)	[Co] <sup>B</sup> (µg/g)	% Eficacia na extracción
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	< 30 µm	0,93 ± 0,01	0,92 ± 0,02	98,9
		30-100 µm	0,84 ± 0,01	0,85 ± 0,01	101,2
<b>Vexetais</b>	Acelga	< 30 µm	0,80 ± 0,01	0,81 ± 0,02	101,3
		30-100 µm	0,80 ± 0,01	0,81 ± 0,01	101,3
<b>Carnes</b>	Polo	< 30 µm	0,88 ± 0,01	0,86 ± 0,01	97,7
		30-100 µm	0,85 ± 0,01	0,86 ± 0,01	101,2
<b>Froitos secos</b>	Castañas	< 30 µm	0,81 ± 0,02	0,82 ± 0,01	101,2
		30-100 µm	0,81 ± 0,02	0,80 ± 0,01	98,8
<b>Legumes</b>	Lentellas	< 30 µm	0,75 ± 0,01	0,77 ± 0,02	102,7
		30-100 µm	0,75 ± 0,02	0,72 ± 0,01	96,0
<b>Cereais e derivados</b>	Arroz	< 30 µm	0,86 ± 0,01	0,86 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,83 ± 0,01	0,82 ± 0,01	98,8
<b>Queixos e derivados</b>	Quesitos	< 30 µm	0,87 ± 0,01	0,89 ± 0,01	102,3
		30-100 µm	0,81 ± 0,02	0,84 ± 0,01	103,7

<sup>A</sup> [Co] obtida mediante o método de referencia

<sup>B</sup> [Co] obtida mediante os métodos continuos propostos

### 3.4 Extracción do cromo

Para a optimización do proceso de extracción do cromo tamén se empregou o deseño factorial de Plackett-Burman  $2^6 \cdot 3/16$  de resolución tipo III con 6 graos de liberdade e un punto central. As variables que afectan ó proceso de extracción ácida do cromo, así como os seus valores máximos e mínimos, non

difiren dos casos anteriores, posto que o obxectivo é coñecer o comportamento das mesmas no mesmo intervalo de estudo (Táboa 102).

Unha vez obtida a matriz do deseño (Táboa 101) realizáronse os 13 experimentos indicados na mesma, utilizando o dispositivo FIA que se mostra na Figura 12. Para realizar os experimentos sobre as diferentes matrices, empregáronse mostras cuxa concentración se determinou previamente por triplicado, facendo uso do método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) (Táboa 160). A cantidade de mostra empregada para levar a cabo a optimización do proceso de extracción foi de 60 mg por minicolumna.

**Táboa 160.** Mostras empregadas na optimización do proceso continuo de extracción ácida e concentración de cromo presente nas mesmas.

Tipo de matriz	Mostra coa que se realizou a optimización	[Cr] ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón CRM 278R <sup>a</sup>	$0,78 \pm 0,06^c$
<b>Vexetais</b>	Té NCS DC 73351 <sup>b</sup>	$0,80 \pm 0,02^c$
<b>Carnes</b>	Fígado de coello	$0,92 \pm 0,02$
<b>Froitos secos</b>	Pistachos	$0,76 \pm 0,01$
<b>Legumes</b>	Lentellas	$0,83 \pm 0,01$
<b>Cereais e derivados</b>	Pan relado	$0,85 \pm 0,02$
<b>Queixos e derivados</b>	Queixo relado	$0,86 \pm 0,02$

<sup>a</sup> CRM: Certified Reference Material, from Community Bureau of Reference

<sup>b</sup> NCS: China National Analysis Center for Iron and Steel

<sup>c</sup> Concentración certificada

A matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada experimento e o %Eficacia na extracción obtido en cada caso móstrase na Táboa 161. Os experimentos da matriz realizáronse por duplicado, de xeito que o %Eficacia na extracción indicado é a media de ambos resultados.




Unha vez realizados os experimentos, procédese á análise dos datos proporcionados polo deseño. Novamente comézase estudiando as **Cartas Pareto Estandarizadas** (Figura 41), para coñecer que variables son estatisticamente significativas e como afectan ó proceso de extracción cromo.

**Táboa 161.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e co % Eficacia na extracción do cromo obtido en cada un deles para cada tipo de mostra.



NE	% Eficacia na extracción												
	G	H	I	J	K	L	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
1	3	0	5	2	3,5	20	103,2	99,7	102,4	102,4	103,5	102,4	102,4
2	3	3	0,5	5	3,5	20	49,7	72,7	57,8	87,1	57,4	42,3	99,5
3	0	3	5	2	6	20	53,1	58,9	62,7	70,4	51,9	58,9	65,1
4	3	0	5	5	3,5	70	98,7	101,4	99,8	98,7	102,0	100,8	101,3
5	3	3	0,5	5	6	20	47,3	70,9	55,4	85,6	55,1	39,1	102,0
6	3	3	5	2	6	70	102,4	102,0	101,2	101,5	99,7	98,7	97,8
7	1,5	1,5	2,75	3,5	4,75	45	81,7	81,2	89,1	99,7	82,3	70,0	100,2
8	0	3	5	5	3,5	70	56,8	61,3	65,0	73,6	58,5	65,4	68,3
9	0	0	5	5	6	20	38,6	41,8	38,1	48,7	39,7	30,1	28,9
10	0	0	0,5	5	6	70	31,0	23,2	21,5	39,2	21,5	21,0	23,5
11	3	0	0,5	2	6	70	46,1	72,4	53,9	86,0	53,3	40,3	99,5
12	0	3	0,5	2	3,5	70	39,3	53,6	42,7	55,9	43,0	31,7	33,2
13	0	0	0,5	2	3,5	20	35,0	26,5	25,8	41,1	25,3	24,8	21,6

NE, número de experimento; G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L,



Temperatura de extracción.



**Figura 41.** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 41 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.




**Figura 41 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.

### 3.4.1 Análise dos resultados obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos tras aplicar o deseño factorial de Plackett-Burman á extracción do cromo nos distintos tipos de mostras de alimentos, obsérvase que as variables estatísticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación para tódalas mostras agás para os queixos e derivados, onde só é significativa a variable concentración de ácido nítrico.

As demais variables non son significativas e presentan efectos estimados máis baixos. O comportamento, no referente ó signo dos efectos estimados destas variables non significativas é similar para tódalas mostras. O caudal de extracción afecta negativamente ó proceso de extracción, mentras que a temperatura de extracción o fai de forma positiva. No caso da extracción do cromo en moluscos e peixes, a concentración de ácido clorhídrico presenta un efecto estimado negativo, mentras que no resto de matrices sólidas dito efecto é positivo. O volume de disolución extractante afecta negativamente ó proceso en tódolos casos agás nas mostras de queixos e derivados, onde a súa influencia é positiva.

A Figura 42 recolle os gráficos de superficie de resposta para as variables significativas en cada caso, onde se pode observar como varía o %Eficacia na extracción do cromo en función dos valores que toman ditas variables e mantendo as variables restantes no valor intermedio do intervalo de estudio proposto para o deseño. No caso da extracción do cromo en mostras de queixos e derivados, o gráfico de superficie de resposta que se presenta é o correspondente ás variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación.



**Figura 42.** Superficies de resposta proporcionadas polo deseño de Plackett-Burman para as variables concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación, en cada caso (as demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido polo deseño).

Unha vez analizados os resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos das variables establecidos polo mesmo son os que se indican na Táboa 162.

**Táboa 162.** Valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do cromo das diferentes mostras sólidas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	3	3	3
<b>H (M)</b>	0	3	3	3	3	3	3
<b>I (min)</b>	5	5	5	5	5	5	5
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	5
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	70	70	70	70	70	70	70

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Tendo en conta que o deseño de Plackett-Burman non proporciona o valor óptimo das variables, senon a tendencia das mesmas cara o valor óptimo, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño e dacordo cos resultatos obtidos polo mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha das variables que afectan á extracción do cromo nas diferentes mostras de alimentos.

### 3.4.2 Experimentos fóra do marco do deseño

#### ▪ Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Moluscos e Peixes

A extracción do cromo nas mostras de moluscos e peixes está afectada significativamente por dúas variables: o tempo de sonicación e a concentración de ácido nítrico, tal e como se observou na correspondente Carta Pareto (Figura 41).

En primeiro lugar, estudiáronse as variables con menor importancia no proceso de extracción. Dentro destas variables atópanse o **caudal de extracción**, o **volumen de disolución extractante** e a **concentración de ácido clorhídrico**, con efectos estimados negativos e a **temperatura de extracción**, con efecto estimado positivo. Cando estas variables toman o valor máis baixo do intervalo de estudo establecido no deseño obtéñense %Eficacia na extracción cuantitativos (experimento 1 para o caudal e temperatura de extracción; experimentos 1 e 4 para a concentración de ácido clorhídrico e experimentos 1 e 6 para o volumen de disolución extractante, Táboa 161). Polo tanto, os valores óptimos para estas variables son 3,5 mL/min, 2 mL, 0 M e 20 °C, respectivamente, xa que minimizando estes valores obtéñense resultados satisfactorios e mellóranse as características do proceso.

O **tempo de sonicación** (efecto estimado=34,1) e a **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=32,3) son as variables que afectan significativamente ó proceso de extracción. Co obxectivo de aumentar a frecuencia de mostraxe e diminuír ó máximo a concentración do ácido compoñente da disolución extractante, realizáronse os experimentos que se recollen na Táboa 163. Como pode observarse, para extraer

cuantitativamente o metal son suficientes 2,5 minutos de sonicación. Non obstante, a concentración de ácido nítrico debe manterse en 3 M.

**Táboa 163.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	3	2	3,5	20	98,0
3	0	2	2	3,5	20	84,8
3	0	2,5	2	3,5	20	104,4
2	0	2,5	2	3,5	20	78,6

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cromo en mostras de moluscos e peixes, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 164.

**Táboa 164.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de moluscos e peixes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Vexetais**

O estudo fóra do marco do deseño comézase por aquelas variables non significativas. Dentro destas variables, a **concentración de ácido clorhídrico** e a **temperatura de extracción** teñen efectos estimados positivos. Tendo en conta os experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161), pode concluírse que é posible eliminar o ácido clorhídrico da disolución extractante, posto que se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos. Isto mesmo ocorre cando a extracción se realiza a temperatura ambiente (experimento 1, Táboa 161), de maneira que o valor óptimo para a temperatura de extracción se fixa en 20 °C.

O **caudal de extracción** e o **volumen de disolución extractante** son variables non significativas con efectos estimados negativos. Cando o volumen de disolución extractante toma o valor máis baixo do intervalo de estudio establecido no deseño obtéñense %Eficacia na extracción cuantitativos (experimentos 1 e 6 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 161). Tendo en conta que o volumen de extracto se preconcentrará posteriormente a un caudal máximo de 1,5 mL/min, resulta convinte seleccionar o volumen de 2 mL como valor óptimo para esta variable. Con respecto ó caudal de extracción hai que dicir que canto maior sexa o valor desta variable, maior será a compactación da mostra dentro da minicolumna, e polo tanto, xenerarase unha maior presión no sistema FIA. Posto que un caudal de 3,5 mL/min proporciona extraccións cuantitativas (experimento 1 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 161), elíxese dito valor como valor óptimo para esta variable.

As variables significativas son, como no caso anterior, a **concentración de ácido nítrico** (efecto estimado=42,3) e o **tempo de sonicación** (efecto

estimado=24,3). Realizáronse unha serie de experimentos co obxectivo de reducir os valores destas variables proporcionados polo deseño, para lograr así unha maior frecuencia de mostraxe e suavizar as condicións ácidas da extracción. A Táboa 165 recolle os resultados deste estudo.

**Táboa 165.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	102,8
3	0	1	2	3,5	20	104,6
3	0	0,5	2	3,5	20	72,6
2	0	1	2	3,5	20	85,2

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do cromo nas mostras de vexetais recóllense na Táboa 166.

**Táboa 166.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de vexetais.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Carnes**

Novamente, as variables estatísticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación.

O estudio fóra do marco do deseño comezouse polas variables con menor importancia no proceso de extracción. O **caudal de extracción** e o **volumen de disolución extractante** son as variables non significativas con maior efecto estimado (-10,1 e -8,5). A influencia das mesmas na extracción é negativa, é dicir, canto menor sexa o valor destas variables, dentro do intervalo estudado, máis favorecido se verá o proceso de extracción. Dende o punto de vista de mellorar as características de dito proceso, interesa minimizar os valores destas variables, posto que se producirá unha menor presión no sistema FIA e se aumentará a frecuencia de mostraxe. Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161), onde estas variables toman o valor máis baixo do intervalo proposto para o deseño e se obtén un %Eficacia na extracción cuantitativo, os valores óptimos para estas dúas variables fíxanse en 3,5 mL/min e 2 mL.

A variable **concentración de ácido clorhídrico** ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=7,2). Tendo en conta os experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161), onde se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos cando esta variable toma o valor de 0 M, pode concluirse que é posible eliminar este compoñente da disolución extractante.

A variable **temperatura de extracción** é a variable con menor importancia dende o punto de vista estatístico e ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=7,0). No experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161) onde se realiza a extracción a temperatura ambiente, obtense un %Eficacia

na extracción cuantitativo, de xeito que se elixe como temperatura óptima de extracción o valor de 20 °C.

Con respecto ás variables **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación**, ambas variables significativas e con efectos estimados positivos e similares (35,8 e 35,3, respectivamente) estúdiouse fóra do marco do deseño a posibilidade de minimizar os seus valores. Na Táboa 167 recóllese o resultado deste estudio.

**Táboa 167.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	100,8
3	0	1,5	2	3,5	20	81,1
2	0	2	2	3,5	20	92,4

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Como se observa na táboa, é posible reducir o tempo de sonicación a 2 minutos mentras que a concentración de ácido nítrico se ten que manter no valor máis alto do intervalo proposto para o deseño, para que a extracción sexa cuantitativa.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cromo en mostras de carnes, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 168.

**Táboa 168.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de carnes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Froitos secos**

A extracción de cromo en mostras de froitos secos tamén está afectada significativamente pola concentración de ácido nítrico e polo tempo de sonicación.

Con respecto ás variables non significativas **concentración de ácido clorhídrico** e **temperatura de extracción**, observouse que eliminando o ácido clorhídrico da disolución extractante e realizando a extracción a temperatura ambiente o %Eficacia na extracción resultou cuantitativo (experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 161). Debido a que os resultados son satisfactorios e que ó minimizar os valores destas variables se simplifica o proceso de extracción, xa que se pode realizar a temperatura ambiente e sen ácido clorhídrico, os valores destas variables fíxanse en 0 M e 20 °C.

O **caudal de extracción** e o **volume de disolución extractante** son as outras variables non significativas. Os efectos estimados das mesmas son negativos (-4,6 e -4,1, respectivamente). Dende o punto de vista de mellorar as características do proceso, interesa minimizar os valores destas variables, xa que así se produce unha menor presión no sistema FIA e se incrementa a

frecuencia de mostraxe. Tendo en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161), onde se realiza a extracción a un caudal de 3,5 mL/min, e os experimentos 1 e 6 da mesma matriz, onde se emprega un volume de disolución extractante de 2 mL, poden seleccionarse estes valores como os valores óptimos de ditas variables, xa que o %Eficacia na extracción obtido en cada caso é cuantitativo.

As variables estatisticamente significativas, **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación**, teñen efectos estimados positivos (38,7 e 16,7). A pesar disto, estúdiouse a posibilidade de diminuír os valores destas variables proporcionados polo deseño. Dos resultados obtidos e recollidos na Táboa 169 pode concluirse que unha concentración de ácido nítrico 1 M e un tempo de sonicación de 1 minuto son suficientes para realizar a extracción de forma cuantitativa.

**Táboa 169.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	1	2	3,5	20	102,9
3	0	0,5	2	3,5	20	90,1
1,5	0	1	2	3,5	20	103,2
1	0	1	2	3,5	20	100,3
0,5	0	1	2	3,5	20	87,5

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cromo en mostras de froitos secos, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 170.

**Táboa 170.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de froitos secos.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Legumes**

A extracción de cromo en mostras de legumes está afectada significativamente pola concentración de ácido nítrico e polo tempo de sonicación, tal como se pode observar na Carta Pareto correspondente (Figura 41).

Con respecto ás variables non significativas **caudal de extracción e volume de disolución extractante**, obsérvase nos experimentos da matriz do deseño 1 e 1 e 6, respectivamente (Táboa 161) que establecendo os valores destas variables nos límites inferiores do intervalo estudado (3,5 mL/min e 2 mL) se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos. Polo tanto, estes serán os valores óptimos considerados para estas variables.

A **temperatura de extracción** é outra das variables non significativas e ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=7,5). Tendo en conta o

experimento 1 da matriz do deseño (Táboa 161), onde se realiza a extracción a temperatura ambiente e se obtén un %Eficacia na extracción cuantitativo, o valor óptimo desta variables fíxase en 20 °C. Deste xeito, simplifícase a análise, xa que se evita a necesidade de quentar previamente a auga do equipo de ultrasóns.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menor importancia no proceso de extracción. A pesar de que súa influencia no proceso é positiva (efecto estimado=3,4), é posible eliminar este compoñente da disolución extractante, como pode observarse nos experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161).

Con respecto ás variables estatisticamente significativas, **concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación**, estudiouse a posibilidade de minimizar os valores das mesmas. Como pode observarse na Táboa 171, onde se recollen os resultados dos experimentos fóra do marco do deseño, é posible realizar a extracción do cromo das mostras de legumes de forma cuantitativa con tan só 2 minutos de sonicación. O valor da concentración de ácido nítrico non se pode reducir.

**Táboa 171.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	99,2
3	0	1,5	2	3,5	20	62,6
1,5	0	2	2	3,5	20	75,5

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cromo en mostras de legumes, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 172.

**Táboa 172.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de legumes

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Cereais e derivados**

Na extracción do cromo nas mostras de cereais e derivados obsérvase, ó igual que nos outros casos, que as variables estatisticamente significativas son o tempo de sonicación (efecto estimado=42,8) e a concentración de ácido nítrico (efecto estimado=31,9).

Dentro das variables non significativas, o **caudal de extracción** e a **temperatura de extracción** son as que teñen os maiores efectos estimados, negativo e positivo, respectivamente. No experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161) obsérvase que cando estas variables toman o valor máis baixo do intervalo de estudo proposto para o deseño, 3,5 mL/min e 20 °C, respectivamente, os %Eficacia na extracción son cuantitativos. Estes valores permiten mellorar as características do proceso, posto que a extracción se pode realizar a temperatura ambiente e a presión xenerada no sistema FIA é

mínima, de maneira que se elixen ditos valores como os valores óptimos para estas variables.

O **volumen de disolución extractante** ten efecto estimado negativo (efecto estimado=-9,7). Posto que o extracto ácido será preconcentrado posteriormente a un caudal máximo de 1,5 mL/min, interesa minimizar o valor desta variable. Tendo en conta os experimentos 1 e 6 da matriz do deseño (Táboa 161), onde se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos, cando esta variable toma o valor inferior do intervalo de estudio proposto para o deseño, selecciónase como valor óptimo o volumen de disolución extractante de 2 mL.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menor influencia no proceso de extracción e ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=2,8). A pesar disto e tendo en conta os experimentos 1 e 4 da matriz do deseño (Táboa 161), pode eliminarse este compoñente da disolución extractante.

Con respecto ás variables estatísticamente significativas, **tempo de sonicación** e **concentración de ácido nítrico**, estúdiouse a posibilidade de reducir o valor das mesmas proposto polo deseño (5 minutos e 3 M, respectivamente). A Táboa 173 recolle o resultado de dito estudio. Como pode observarse, son necesarios 2,5 minutos de extracción e unha concentración de ácido nítrico 3 M para que a extracción sexa cuantitativa.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cromo en mostras de cereais e derivados, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 174.

**Táboa 173.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	3	2	3,5	20	102,6
3	0	2	2	3,5	20	59,3
3	0	2,5	2	3,5	20	102,0
1,5	0	2,5	2	3,5	20	70,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

**Táboa 174.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de cereais e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do cromo en mostras de Queixos e derivados**

Neste caso a única variable estatisticamente significativa é a concentración de ácido nítrico, cun efecto estimado moi elevado (60,3).

Dentro das variables non significativas, a **concentración de ácido clorhídrico** e o **tempo de sonicación** son as que teñen unha maior importancia no proceso de extracción do cromo. No experimento 11 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 161), onde ambas variables toman o menor valor do intervalo de estudio proposto para o deseño, obtense un %Eficacia na extracción

cuantitativo, de maneira que se poden fixar os valores óptimos destas variables en 0 M e 0,5 minutos. Conséguese simplificar a análise ó eliminar un compoñente da disolución extractante e obter a maior frecuencia de mostraxe, posto que a extracción se realiza en tan só medio minuto.

O **caudal de extracción** é a única variable que inflúe negativamente no proceso de extracción. Tendo en conta que ó caudal de extracción de 3,5 mL/min se obtiveron %Eficacias na extracción cuantitativos (experimentos 1, 2 e 4 da matriz do deseño), selecciónase dito valor como óptimo para esta variable.

As variables **temperatura de extracción** e **volumen de disolución extractante** son as variables que teñen menor importancia no proceso de extracción do cromo das mostras de queixos e derivados. Ambas teñen efectos estimados positivos (0,7 e 0,6, respectivamente). Dende o punto de vista da simplificación da análise, interesa traballar a temperatura ambiente, evitándose así a necesidade de quentar a auga do ultrasóns e de operar cun extracto ácido quente. Dende o punto de vista da rapidez da análise, interesa traballar co menor volumen de disolución extractante, xa que así se diminuírá o tempo da preconcentración. Tendo en conta os experimentos 1, 2 e 5 da matriz do deseño (para a temperatura de extracción) e os experimentos 1, 6 e 11 da mesma matriz (para o volumen de disolución extractante) onde se obtiveron % Eficacias na extracción cuantitativas, os valores óptimos destas variables poden fixarse en 20 °C e 2 mL.

Con respecto á **concentración de ácido nítrico**, a única variable estatisticamente significativa, estúdiouse a posibilidade de reducir o valor da mesma proporcionado polo deseño (3 M). A Táboa 175 recolle o resultado deste estudio. Como pode observarse, é suficiente unha concentración de

ácido nítrico 1 M para extraer cuantitativamente o cromo das mostras de queixos e derivados.

**Táboa 175.** Experimentos realizados para a optimización da concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	0,5	2	3,5	20	97,4
1	0	0,5	2	3,5	20	104,1
0,5	0	0,5	2	3,5	20	48,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos das variables implicadas na extracción do cromo en mostras de queixos e derivados, unha vez realizados os experimentos fóra do marco do deseño, recóllense na Táboa 176.

**Táboa 176.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do cromo nas mostras de queixos e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	0,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

A Táboa 177 recolle un resume dos valores óptimos para tódalas variables implicadas no proceso de extracción do cromo nos diferentes tipos de mostras de alimentos.

**Táboa 177.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do cromo das diferentes mostras de alimentos.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA EXTRACCIÓN DO CROMO DAS DIFERENTES MOSTRAS DE ALIMENTOS						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	1	3	3	1
<b>H (M)</b>	0	0	0	0	0	0	0
<b>I (min)</b>	2,5	1	2	1	2	2,5	0,5
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	2
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	20	20	20	20	20	20	20

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Á vista dos valores óptimos obtidos para a extracción do cromo nos diferentes tipos de mostras, pode concluírse que é posible eliminar o ácido clorhídrico da disolución extractante en tódolos casos, sendo suficiente para extraer o metal o ácido nítrico, en diferentes concentracións: 3 M para tódalas mostras, excepto para os froitos secos e os queixos e derivados, onde a concentración requirida é menor (1 M).

Con respecto ó tempo de sonicación, obsérvase que para as mostras de vexetais e froitos secos é necesario tan só 1 minuto para extraer o cromo. No caso das mostras de carnes e legumes, requírense 2 minutos de sonicación, e para os moluscos e peixes e cereais e derivados, 2,5 minutos. As mostras que requiren do menor tempo de sonicación son os queixos e derivados, lográndose a extracción cuantitativa do metal en tan só 0,5 minutos.

No referente ás variables volume de disolución extractante, caudal de extracción e temperatura de extracción, pode observarse que toman o mesmo valor óptimo en tódolos tipos de mostras: 2 mL, 3,5 mL/min e 20 °C.

### **3.4.3 Estudio da cantidade de mostra**

Nas extraccións de cromo realizadas ata o momento as cantidades de mostra empregadas foron de 60 mg. Non obstante, estúdiouse a posibilidade de utilizar cantidades de mostra maiores, para poder mellorar as características analíticas do proceso e analizar mostras con concentracións de cromo menores. Así, estúdiouse a posibilidade de aumentar a cantidade de mostra ata un máximo de 100 mg, xa que utilizar cantidades maiores provoca grandes presións no sistema FIA que fan inviable a análise.

O aumento da cantidade de mostra mantendo os valores óptimos das variables implicadas no proceso de extracción do cromo non foi posible en ningún dos tipos de mostra.

### **3.4.4 Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra**

Ata o momento, tódolos estudos levados a cabo se realizaron con mostras de diámetro de partícula inferior a 30  $\mu\text{m}$ . Posto que resulta de interés coñecer se o tamaño de partícula da mostra inflúe no proceso de extracción, tomáronse fraccións de mostras representativas de cada matriz alimenticia dos seguintes tamaños: inferior a 30  $\mu\text{m}$  e intermedios entre 30 e 100  $\mu\text{m}$ .

Para cada fracción de cada mostra, realizouse a análise seguindo o método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) e mediante as diferentes metodoloxías propostas. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 178.

Pode concluirse, polo tanto, que o tamaño de partícula da mostra non inflúe na extracción do cromo das diferentes mostras de alimentos, dentro do intervalo estudiado.

**Táboa 178.** Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra utilizando o método de referencia e as metodoloxías continuas propostas. Indícase tamén a eficacia na extracción do sistema FIA.

Tipo de mostra	Mostra analizada	Tamaño de partícula	[Cr] <sub>A</sub> (µg/g)	[Cr] <sub>B</sub> (µg/g)	% Eficacia na extracción
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	< 30 µm	0,77 ± 0,02	0,80 ± 0,01	103,9
		30-100 µm	0,71 ± 0,03	0,74 ± 0,04	104,2
<b>Vexetais</b>	Grelas	< 30 µm	0,70 ± 0,05	0,67 ± 0,01	95,7
		30-100 µm	0,67 ± 0,03	0,67 ± 0,04	100,0
<b>Carnes</b>	Fígado de coello	< 30 µm	0,92 ± 0,02	0,90 ± 0,01	97,8
		30-100 µm	0,82 ± 0,02	0,83 ± 0,02	101,2
<b>Froitos secos</b>	Pistachos	< 30 µm	0,76 ± 0,01	0,76 ± 0,01	100,0
		30-100 µm	0,75 ± 0,03	0,76 ± 0,02	101,3
<b>Legumes</b>	Lentellas	< 30 µm	0,83 ± 0,01	0,82 ± 0,01	98,8
		30-100 µm	0,78 ± 0,02	0,77 ± 0,01	98,7
<b>Cereais e derivados</b>	Pan relado	< 30 µm	0,85 ± 0,02	0,86 ± 0,01	101,2
		30-100 µm	0,85 ± 0,02	0,87 ± 0,01	102,4
<b>Queixos e derivados</b>	logurt natural	< 30 µm	0,73 ± 0,02	0,71 ± 0,02	97,3
		30-100 µm	0,70 ± 0,01	0,70 ± 0,01	100,0

<sup>A</sup> [Cr] obtida mediante o método de referencia

<sup>B</sup> [Cr] obtida mediante os métodos continuos propostos

### 3.5 Extracción do níquel

Para optimizar o proceso de extracción do níquel empregouse o deseño factorial de Plackett-Burman  $2^{6*3/16}$  de resolución tipo III con 6 graos de liberdade e un punto central. Na Táboa 102 recóllense as variables que afectan ó proceso de extracción ácida do níquel, así como os valores máximos e mínimos fixados para as mesmas, dacordo con experimentos realizados previamente.

Unha vez obtida a matriz do deseño (Táboa 101) realizáronse os 13 experimentos indicados na mesma, utilizando o dispositivo FIA que se mostra na Figura 12. Para realizar os experimentos sobre as diferentes matrices, empregáronse mostras cuxa concentración se determinou previamente por triplicado, facendo uso do método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) (Táboa 141). A cantidade de mostra empregada para levar a cabo a optimización do proceso de extracción foi de 60 mg por minicolumna.

**Táboa 179.** Mostras empregadas na optimización do proceso continuo de extracción ácida e concentración de níquel presente nas mesmas.

Tipo de matriz	Mostra coa que se realizou a optimización	[Ni] ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	$0,80 \pm 0,01$
<b>Vexetais</b>	Leituga	$0,97 \pm 0,02$
<b>Carnes</b>	Fígado de coello	$0,91 \pm 0,01$
<b>Froitos secos</b>	Castañas	$0,90 \pm 0,01$
<b>Legumes</b>	Lentellas	$0,86 \pm 0,01$
<b>Cereais e derivados</b>	Cereais de cacao	$0,78 \pm 0,01$
<b>Queixos e derivados</b>	Tranchetes	$0,61 \pm 0,01$

A matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores que toma cada unha das variables en cada experimento e o %Eficacia na extracción obtido en




cada caso móstrase na Táboa 180. Os experimentos da matriz realizáronse por duplicado, de xeito que o %Eficacia na extracción indicado é a media de ambos resultados.

Unha vez realizados os experimentos procedeuse á análise dos datos proporcionados polo deseño. Para iso, é preciso coñecer que variables son estatisticamente significativas e como afectan ó proceso de extracción, para o cal se recorre ás **Cartas Pareto estandarizadas** para cada tipo de mostra, que se recollen na Figura 43.



**Táboa 180.** Matriz do deseño de Plackett-Burman cos valores de cada variable en cada experimento e co % Eficacia na extracción do níquel obtido en cada un deles para cada tipo de mostra.

NE	% Eficacia na extracción												
	G	H	I	J	K	L	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e Queixos e derivados	
1	3	0	5	2	3,5	20	101,3	102,1	101,2	101,3	103,2	102,2	103,1
2	3	3	0,5	5	3,5	20	49,8	99,5	39,6	37,2	79,4	41,0	99,4
3	0	3	5	2	6	20	68,5	61,2	68,1	64,2	36,2	59,7	58,4
4	3	0	5	5	3,5	70	98,9	99,8	102,0	102,1	103,9	101,1	101,3
5	3	3	0,5	5	6	20	46,2	97,8	36,1	33,0	76,3	38,7	102,0
6	3	3	5	2	6	70	100,2	100,5	99,8	100,1	99,7	99,6	98,7
7	1,5	1,5	2,75	3,5	4,75	45	97,7	101,3	87,8	98,4	71,3	85,2	100,1
8	0	3	5	5	3,5	70	71,1	64,8	70,1	68,1	39,5	62,4	62,3
9	0	0	5	5	6	20	51,1	39,5	55,8	31,0	30,6	48,0	49,5
10	0	0	0,5	5	6	70	36,0	28,3	26,7	21,1	23,8	26,4	41,9
11	3	0	0,5	2	6	70	43,3	103,1	37,5	34,1	73,1	37,5	97,9
12	0	3	0,5	2	3,5	70	41,7	40,1	31,3	26,2	33,5	31,7	46,2
13	0	0	0,5	2	3,5	20	39,7	31,9	28,1	24,6	25,7	28,8	47,0



NE, número de experimento; G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 43.** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estadística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 43 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.



**Figura 43 (Continuación).** Carta Pareto estandarizada dos efectos principais estandarizados no deseño factorial; a liña vertical indica o límite de significación estatística para os efectos. G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, Tempo de sonicación; J, Volume de disolución extractante; K, Caudal de extracción; L, Temperatura de extracción.

### 3.5.1 Análise dos datos obtidos co deseño factorial

Nos resultados obtidos tras aplicar o deseño factorial de Plackett-Burman á extracción do níquel nos diferentes tipos de mostras, obsérvase que as variables de maior influencia no proceso son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación. Ambas variables influen no mesmo de forma positiva. Non obstante, como se pode ver nas Cartas Pareto proporcionadas polo deseño para cada tipo de mostra (Figura 43), estas dúas variables só son estatisticamente significativas nas extracción do metal nas mostras de carnes, legumes e cereais e derivados. No caso das mostras de vexetais e queixos e derivados, a única variable estatisticamente significativa é a concentración de ácido nítrico, mentras que no caso dos moluscos e peixes e froitos secos, só é significativa a variable tempo de sonicación. Na Figura 44 móstranse as superficies de resposta para as variables de maior influencia estatística en cada caso, onde se pode observar como varía o %Eficacia na extracción do níquel en función de ditas variables (o resto mantéñense no valor intermedio do intervalo de estudio proposto para o deseño).

As demais variables teñen unha maior ou menor importancia no proceso de extracción, pero sen superar o nivel de significación establecido polo método para un 95 % de confianza (representado nas Cartas Pareto pola liña vertical). Dentro destas variables non significativas, o caudal de extracción e o volume de disolución extractante presentan efectos estimados negativos en tódolos casos excepto nos queixos e derivados, onde a variable volume de disolución extractante toma un valor positivo. A concentración de ácido clorhídrico presenta un efecto estimado negativo no caso das mostras de carnes e cereais e derivados, e positivo no resto das mostras de alimentos. Con respecto á temperatura de extracción, hai que dicir que afecta ó proceso de

forma positiva en tódolos casos, excepto nos queixos e derivados, onde dita influencia é negativa.


Unha vez analizados os resultados obtidos ó aplicar o deseño de Plackett-Burman, os valores establecidos como óptimos según o mesmo son os que se recollen na Táboa 181.

**Táboa 181.** Valores óptimos según o deseño de Plackett-Burman para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do níquel das diferentes mostras sólidas.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES DACORDO CO DESEÑO DE PLACKETT-BURMAN						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
<b>G (M)</b>	3	3	3	3	3	3	3
<b>H (M)</b>	3	3	0	3	3	0	3
<b>I (min)</b>	5	5	5	5	5	5	5
<b>J (mL)</b>	2	2	2	2	2	2	5
<b>K (mL/min)</b>	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
<b>L (°C)</b>	70	70	70	70	70	70	20

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Como o deseño de Plackett-Burman non proporciona os valores óptimos das variables, senon a tendencia das mesmas cara o valor óptimo, realizáronse unha serie de experimentos fóra do marco do deseño e dacordo cos resultados obtidos no mesmo, para determinar o valor óptimo de cada unha das variables que afectan á extracción do níquel nos diferentes tipos de mostras.



**Figura 44.** Superficies de resposta proporcionadas polo deseño de Plackett-Burman para as variables de maior peso estatístico (concentración de ácido nítrico e tempo de sonicación) en cada caso (as demais variables toman o valor medio do intervalo de estudo establecido polo deseño).

### 3.5.2 Experimentos fóra do marco do deseño

#### ▪ Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Moluscos e Peixes

A extracción do níquel nas mostras de moluscos e peixes está afectada significativamente pola variable tempo de sonicación, tal e como se observou na correspondente Carta Pareto (Figura 43).

En primeiro lugar, estudiáronse as variables non significativas. O **caudal de extracción** e o **volumen de disolución extractante** afectan negativamente ó proceso de extracción. Tendo en conta que o %Eficacia na extracción é cuantitativo no experimento 1 da matriz do deseño (Táboa 180), onde se realiza a extracción a un caudal de 3,5 mL/min e empregando 2 mL de disolución extractante, estes valores son os elexidos como óptimos para estas variables.

A **temperatura de extracción** ten un efecto estimado positivo (efecto estimado=5,8). Tendo en conta que no experimento 1 da mesma matriz, onde se realiza a extracción a temperatura ambiente, se obtén un %Eficacia na extracción cuantitativo, fíxase o valor desta variable en 20 °C. Deste xeito, non é preciso quentar previamente a auga do ultrasóns, e evítase ter que traballar cun extracto ácido quente.

A **concentración de ácido clorhídrico** afecta positivamente ó proceso de extracción. Non obstante, posto que nos experimentos 1 e 4 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 180) se obteñen %Eficacia na extracción cuantitativos cando esta variable toma o valor de 0 M, pode eliminarse este compoñente da disolución extractante.

A **concentración de ácido nítrico** é a variable non significativa con maior efecto estimado (efecto estimado=21,9), próximo á liña de significación estatística. Co obxectivo de realizar a extracción en condicións ácidas máis diluídas, realizáronse uns experimentos para intentar reducir a concentración de dito ácido. O resultado deste estudo recóllese na Táboa 182 e permite concluir que a extracción do níquel en moluscos e peixes se pode realizar de forma cuantitativa empregando ácido nítrico 1,5 M.

**Táboa 182.** Experimentos realizados para a optimización da concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	5	2	3,5	20	105,7
1,0	0	5	2	3,5	20	87,9

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

O **tempo de sonicación** é a única variable estatisticamente significativa e a súa influencia no proceso de extracción é positiva. Co obxectivo de reducir o tempo da análise e aumentar así a frecuencia de mostraxe, realizáronse uns experimentos para minimizar o valor desta variable. O resultado dos mesmos recóllese na Táboa 183. Como pode observarse, son suficientes 2,5 minutos para lograr unha extracción cuantitativa.

**Táboa 183.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	2	2	3,5	20	65,6
1,5	0	2,5	2	3,5	20	102,9

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada unha das variables implicadas na extracción do níquel das mostras de moluscos e peixes móstranse na Táboa 184.

**Táboa 184.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel nas mostras de moluscos e peixes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1,5 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	2,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Vexetais**

No caso das mostras de vexetais, a única variable que afecta significativamente ó proceso de extracción do níquel é a concentración do ácido nítrico.

En primeiro lugar, estudiáronse as variables non significativas. O **caudal de extracción** e a **temperatura de extracción** teñen efectos estimados negativo e positivo, respectivamente. Na a matriz de Plackett-Burman (Táboa 180) pode

observarse que cando a extracción se realiza a temperatura ambiente e ó caudal mínimo do intervalo de estudio proposto para o deseño, o %Eficacia na extracción é cuantitativo (experimentos 1 e 2). Polo tanto, selecciónanse os valores de 3,5 mL/min e 20 °C como os óptimos para estas variables, respectivamente.

O **volumen de disolución extractante** ten un efecto estimado negativo (efecto estimado=-1,5). Posto que o volume de 2 mL conduce a resultados de %Eficacia na extracción cuantitativos (experimentos 1, 6 e 11 da matriz do deseño, Táboa 180), elíxese este valor como o volume de disolución extractante óptimo. Isto permite aumentar a rapidez da análise, posto que o volume de extracto será preconcentrado posteriormente a un caudal máximo de 2 mL/min.

A **concentración de ácido clorhídrico** afecta positivamente ó proceso de extracción do níquel das mostras de vexetais. Non obstante, posto que é posible extraer cuantitativamente o metal cando se emprega únicamente ácido nítrico como extractante (experimentos 1, 4 e 11 da matriz de Plackett-Burman, Táboa 180), elimínase o ácido clorhídrico da disolución extractante.

Con respecto ó **tempo de sonicación**, a variable non significativa con maior efecto estimado e positivo (efecto estimado=11,2), levouse a cabo un experimento para intentar reducir o valor da mesma a 0,25 minutos, xa que o valor máis baixo do intervalo de estudio proposto para o deseño proporciona resultados cuantitativos (experimentos 2, 5 e 11 da matriz do deseño, Táboa 180). Como pode observarse na Táboa 185, dita redución non foi posible, de maneira que o valor óptimo para a variable tempo de sonicación é 0,5 minutos.

**Táboa 185.** Experimento realizado para a optimización do tempo de sonicación.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	0,25	2	3,5	20	81,1

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Por último, con respecto á variable estatisticamente significativa, a **concentración de ácido nítrico**, estúdiouse a posibilidade de reducir o valor da mesma proporcionado polo deseño. O resultado deste estudio recóllese na Táboa 186. Como pode observarse, é posible reducir a concentración de dito ácido a 1,5 M.

**Táboa 186.** Experimentos realizados para a optimización da concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	0,5	2	3,5	20	101,9
1,0	0	0,5	2	3,5	20	89,3

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada unha das variables implicadas na extracción do níquel das mostras de vexetais móstranse na Táboa 187.

**Táboa 187.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel nas mostras de vexetais.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1,5 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	0,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Carnes**

Na extracción do níquel nas mostras de carnes hai dúas variables estatisticamente significativas: o tempo de sonicación e a concentración de ácido nítrico. As demais variables teñen unha maior ou menor importancia no proceso, pero sen superar o nivel de significación establecido polo deseño.

Neste caso, tres das variables non significativas teñen efecto estimado negativo: o **caudal de extracción** (efecto estimado=-8,0), o **volume de disolución extractante** (efecto estimado=-5,9) e a **concentración de ácido clorhídrico** (efecto estimado=-1,0). Tendo en conta, respectivamente, os experimentos 1, 1 e 6, e 1 e 4 da matriz do deseño (Táboa 180), onde estas variables toman o valor máis baixo do intervalo de estudio proposto para o deseño, poden fixarse os valores óptimos de ditas variables en 3,5 mL/min, 2 mL e 0 M, xa que o %Eficacia na extracción obtido en cada un dos citados experimentos é cuantitativo.

A **temperatura de extracción** é a única variable non significativa con efecto estimado positivo (efecto estimado=6,4). A pesar de que a influencia da mesma no proceso é positiva, pode fixarse o seu valor en 20 °C,

(experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 180)). Así, simplifícase a análise, posto que a extracción se pode realizar a temperatura ambiente.

Con respecto ás variables **tempo de sonicación** e **concentración de ácido nítrico**, ambas variables estatisticamente significativas, leváronse a cabo uns experimentos co obxectivo de reducir o valor das mesmas proposto polo deseño. Como pode observarse na Táboa 188, son suficientes 3 minutos de sonicación e unha concentración 1,5 M de ácido nítrico para extraer cuantitativamente o metal.

**Táboa 188.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	3	2	3,5	20	102,7
3	0	2,5	2	3,5	20	87,0
1,5	0	1	2	3,5	20	102,8
1,0	0	1	2	3,5	20	70,0

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez optimizados todos os valores, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do níquel nas mostras de carnes recóllense na Táboa 189.

**Táboa 189.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel en mostras de carnes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1,5 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	3 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Froitos secos**

Neste caso, só hai unha variable estatisticamente significativa: o tempo de sonicación.

O estudio fóra do marco do deseño comezouse por aquelas variables non significativas. O **caudal de extracción** e o **volume de disolución extractante** teñen efectos estimados negativos. Posto que no experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 180), realizado con 2 mL de disolución extractante e a un caudal de 3,5 mL/min se obtén un %Eficacia na extracción cuantitativo, selecciónanse estes valores como os óptimos para estas dúas variables.

A **temperatura de extracción** influe no proceso de forma positiva. Non obstante, obtense un %Eficacia na extracción cuantitativo cando se realiza a extracción a temperatura ambiente (experimento 1 da matriz do deseño, Táboa 180). Polo tanto, elíxese o valor de 20 °C como valor óptimo para esta variable.

A **concentración de ácido clorhídrico** é a variable con menos peso estatístico no proceso de extracción. Posto que eliminando este compoñente da disolución extractante é posible extraer cuantitativamente o metal, como

pode observarse nos experimentos 1 e 4 da matriz do deseño (Táboa 180), o valor óptimo para esta variable fíxase en 0 M.

A variable non significativa con maior efecto estimado é a **concentración de ácido nítrico**. Realizáronse uns experimentos co obxectivo de reducir a concentración de dito ácido por debaixo do valor proporcionado polo deseño. Tal e como se recolle na Táboa 190, foi posible diminuír dita concentración ata 1,5 M.

**Táboa 190.** Experimentos realizados para a optimización da concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	5	2	3,5	20	101,8
1,0	0	5	2	3,5	20	82,4

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

No referente ó **tempo de sonicación**, a única variable estatisticamente significativa (efecto estimado=48,4), estívese a posibilidade de minimizar o valor da mesma proporcionado polo deseño (5 minutos), e aumentar así a frecuencia de mostraxe. Na Táboa 191 pode observarse que 1,5 minutos é o menor tempo de sonicación que proporciona unha extracción do metal cuantitativa.

**Táboa 191.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	1	2	3,5	20	88,6
1,5	0	1,5	2	3,5	20	104,9

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez realizada a optimización fóra do marco do deseño, os valores óptimos das variables implicadas no proceso de extracción do níquel das mostras de froitos secos, móstranse na Táboa 192.

**Táboa 192.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel en mostras de froitos secos.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1,5 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1,5 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Legumes**

No caso da extracción do níquel nas mostras de legumes, as variables estatisticamente significativas son a concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación.

A **concentración de ácido clorhídrico** e a **temperatura de extracción** son variables que influen positivamente no proceso de extracción. Non obstante,

cando estas variables toman o valor máis baixo do intervalo de estudo proposto para o deseño (0 M e 20 °C, respectivamente), a extracción do metal é cuantitativa, tal e como o indican os experimentos 1 e 4 ou experimento 1 da matriz do deseño, respectivamente (Táboa 180). Polo tanto, escóllense ditos valores como óptimos para estas variables. Así, simplifícase enormemente a análise, xa que é posible eliminar o ácido clorhídrico da disolución extractante e a extracción pode levarse a cabo a temperatura ambiente.

O **caudal de extracción** e o **volumen de disolución extractante** son variables con efecto estimado negativo. Se se ten en conta o experimento 1 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 180), onde a extracción do metal é cuantitativa cando os valores destas variables son 3,5 mL/min e 2 mL, respectivamente, poden elixirse ditos valores como óptimos para ditas variables. O caudal de extracción de 3,5 mL/min evita compactacións da mostra na minicolumna e non xenera presións elevadas no sistema FIA. O volumen de disolución extractante (e polo tanto, de extracto ácido) deberá ser preconcentrado posteriormente a un caudal máximo de 2 mL/min, de maneira que o baixo valor desta variable favorece a rapidez da análise.

Con respecto ás variables estatisticamente significativas, **concentración de ácido nítrico** e **tempo de sonicación**, estúdiouse fóra do marco do deseño a posibilidade de minimizar o valor das mesmas proporcionado polo deseño (3 M e 5 minutos). O resultado destes experimentos recóllese na Táboa 193, onde se observa que 1,5 minutos son suficientes para extraer cuantitativamente o metal. A concentración de ácido nítrico, non obstante, non se pode reducir.

**Táboa 193.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	2	2	3,5	20	100,5
3	0	1	2	3,5	20	93,3
3	0	1,5	2	3,5	20	102,7
1,5	0	1,5	2	3,5	20	70,9

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do níquel nas mostras de legumes recóllense na Táboa 194.

**Táboa 194.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel en mostras de legumes.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	3 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	1,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Cereais e derivados**

Neste caso, ó igual que na extracción do níquel en mostras de legumes e carnes, as variables estatisticamente significativas son o tempo de sonicación e a concentración de ácido nítrico.

As variables non significativas que teñen un efecto estimado negativo son o **caudal de extracción**, o **volumen de disolución extractante** e a **concentración de ácido clorhídrico**. Tendo en conta os experimentos 1, 1 e 6, e 1 e 4 da matriz do deseño (Táboa 180), onde o %Eficacia na extracción é cuantitativo, fíxanse os valores destas variables en 3,5 mL/min, 2 mL e 0 M.

A **temperatura de extracción** afecta positivamente ó proceso de extracción do níquel en mostras de cereais e derivados. Non obstante, a extracción é cuantitativa cando se realiza a temperatura ambiente (experimento 1 da mesma matriz, Táboa 180), de xeito que se elixe o valor de 20 °C como o óptimo para esta variable.

O **tempo de sonicación** e a **concentración de ácido nítrico** teñen efectos estimados elevados (son variables estatisticamente significativas) e positivos (44,8 e 27,2, respectivamente). A pesar de que canto maior sexa o valor destas variables, dentro do intervalo estudado, máis favorecido se verá o proceso de extracción, realizáronse uns experimentos fóra do marco do deseño co obxectivo de minimizar o seu valor. Como pode observarse na Táboa 195, onde se recollen ditos experimentos e os seus resultados, os menores valores destas variables que permiten extraer cuantitativamente o metal son 3 minutos e 1,5 M.

**Táboa 195.** Experimentos realizados para a optimización do tempo de sonicación e concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	3	2	3,5	20	99,5
3	0	2,5	2	3,5	20	83,6
1,5	0	3	2	3,5	20	105,7
1,0	0	3	2	3,5	20	92,1

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Unha vez optimizadas todas as variables, según os resultados obtidos no deseño de Plackett-Burman, os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do níquel nas mostras de cereais e derivados recóllense na Táboa 196.

**Táboa 196.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel en mostras de cereais e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1,5 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	3 min
Volume de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

▪ **Experimentos realizados para a optimización da extracción do níquel en mostras de Queixos e derivados**

Neste caso, só a concentración de ácido nítrico é unha variable estatisticamente significativa. As demais variables teñen moi pouca influencia no proceso de extracción, tal e como demostran os valores tan baixos dos efectos estimados (Figura 43).

Os experimentos 1 e 2 da matriz do deseño (Táboa 180), onde as variables **caudal de extracción** e **temperatura de extracción** toman os valores de 3,5 mL/min e 20 °C, respectivamente, proporcionan %Eficacia na extracción cuantitativos, de maneira que se fixan ditos valores como óptimos para estas variables.

A concentración de ácido clorhídrico e o volume de disolución extractante afectan positivamente ó proceso de extracción. Con respecto á **concentración de ácido clorhídrico**, se se teñen en conta os experimentos 1, 4 e 11 da matriz de Plackett-Burman (Táboa 180) pode concluírse que a extracción é cuantitativa cando se elimina este compoñente da disolución extractante. No referente ó **volume de disolución extractante**, e tendo en conta os experimentos 1, 6 e 11 da mesma matriz, pode elixirse o valor de 2 mL como valor óptimo desta variable.

O **tempo de sonicación** tamén afecta positivamente ó proceso de extracción; é dicir, canto maior sexa o valor desta variable, máis favorecido se verá o proceso. Posto que con 0,5 minutos de sonicación (o valor máis baixo para esta variable dentro do intervalo de estudio proposto para o deseño) a extracción é cuantitativa (experimentos 2, 5 e 11 da matriz do deseño, Táboa 180) realizouse un experimento fóra do marco do deseño para comprobar se se podía reducir aínda máis o valor desta variable. A Táboa 197 recolle este

experimento e o seu resultado. Como pode observarse, esta redución non foi posible.

**Táboa 197.** Experimento realizado para a optimización do tempo de sonicación.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
3	0	0,25	2	3,5	20	75,7

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

No referente á variable estatisticamente significativa, a **concentración de ácido nítrico**, estúdiouse a posibilidade de minimizar o valor da mesma proporcionado polo deseño (3 M). Como pode observarse na Táboa 198, foi posible reducir a concentración ata 1,5 M.

**Táboa 198.** Experimentos realizados para a optimización da concentración de ácido nítrico.

G (M)	H (M)	I (min)	J (mL)	K (mL/min)	L (°C)	Eficacia na extracción (%)
1,5	0	5	2	3,5	20	104,6
1,0	0	5	2	3,5	20	78,7

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Os valores óptimos para cada variable implicada na extracción do níquel nas mostras de queixos e derivados recóllense na Táboa 199.

**Táboa 199.** Valores óptimos para cada variable implicada no proceso de extracción do níquel en mostras de queixos e derivados.

VARIABLE	VALOR ÓPTIMO PARA CADA VARIABLE
[HNO <sub>3</sub> ]	1,5 M
[HCl]	0 M
Tempo de sonicación	0,5 min
Volumen de disolución extractante	2 mL
Caudal de extracción	3,5 mL/min
Temperatura de extracción	20 °C

A Táboa 200 mostra un resume dos valores óptimos de tódalas variables implicadas na extracción do níquel das diferentes mostras de alimentos.

**Táboa 200.** Valores óptimos para cada unha das variables implicadas no proceso de extracción do níquel das diferentes mostras de alimentos.

Variable	VALORES ÓPTIMOS PARA CADA UNHA DAS VARIABLES IMPLICADAS NA EXTRACCIÓN DO NÍQUEL DAS DIFERENTES MOSTRAS DE ALIMENTOS						
	Moluscos e peixes	Vexetais	Carnes	Froitos secos	Legumes	Cereais e derivados	Queixos e derivados
G (M)	1,5	1,5	1,5	1,5	3	1,5	1,5
H (M)	0	0	0	0	0	0	0
I (min)	2,5	0,5	3	1,5	1,5	3	0,5
J (mL)	2	2	2	2	2	2	2
K (mL/min)	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5
L (°C)	20	20	20	20	20	20	20

G, [HNO<sub>3</sub>]; H, [HCl]; I, tempo de sonicación; J, volumen de disolución extractante; K, caudal de extracción; L, temperatura de extracción.

Como pode observarse na táboa, catro das variables teñen o mesmo valor óptimo en tódolos casos: a concentración de ácido clorhídrico (0 M), o volumen de disolución extractante (2 mL), o caudal de extracción (3,5 mL/min) e a temperatura de extracción (20 °C).

A concentración de ácido nítrico e o tempo de sonicación, as dúas variables con máis importancia dende o punto de vista estatístico na extracción do níquel nas diferentes mostras de alimentos, varían dependendo do tipo de mostra. As mostras de carnes e cereais son as que precisan dun maior tempo de sonicación (3 minutos), mentras que a extracción do níquel das mostras de vexetais e queixos e derivados se leva a cabo en tan só 0,5 minutos. As mostras de legumes e froitos secos necesitan 1,5 minutos de sonicación e as de moluscos e peixes, 2,5.

Con respecto á concentración de ácido nítrico, tódalas extraccións se levan a cabo con ácido 1,5 M, excepto a extracción de níquel en legumes, que require dunha concentración 3M.

### **3.5.3 Estudio da cantidade de mostra**

Nas extraccións de níquel realizadas ata o momento as cantidades de mostra empregadas foron de 60 mg. Non obstante, estúdiouse a posibilidade de utilizar cantidades de mostra maiores, para poder mellorar as características analíticas do proceso e analizar mostras con concentracións de níquel menores. Así, estúdiouse a posibilidade de aumentar a cantidade de mostra ata un máximo de 100 mg, xa que utilizar cantidades maiores provoca grandes presións no sistema FIA que fan inviable a análise.

O aumento da cantidade de mostra mantendo os valores óptimos das variables implicadas no proceso de extracción do níquel non foi posible en ningún dos tipos de mostra.

### **3.5.4 Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra**

Ata o momento, tódolos estudos levados a cabo se realizaron con mostras de diámetro de partícula inferior a 30  $\mu\text{m}$ . Posto que resulta de interés coñecer se o tamaño de partícula da mostra influe no proceso de extracción, tomáronse fraccións de mostras representativas de cada matriz alimenticia dos seguintes tamaños: inferior a 30  $\mu\text{m}$  e intermedios entre 30 e 100  $\mu\text{m}$ .

Para cada fracción de cada mostra, realizouse a análise seguindo o método de referencia descrito anteriormente (páxina 86) e mediante as diferentes metodoloxías propostas. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 201.

Pode concluirse, polo tanto, que o tamaño de partícula da mostra non influe na extracción do níquel das diferentes mostras de alimentos, dentro do intervalo estudado.

**Táboa 201.** Estudio da influencia do tamaño de partícula da mostra utilizando o método de referencia e as metodoloxías continuas propostas. Indícase tamén a eficacia na extracción do sistema FIA.

Tipo de mostra	Mostra analizada	Tamaño de partícula	[Ni] <sub>A</sub> (µg/g)	[Ni] <sub>B</sub> (µg/g)	% Eficacia na extracción
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón	< 30 µm	0,80 ± 0,02	0,77 ± 0,01	97,1
		30-100 µm	0,72 ± 0,02	0,72 ± 0,01	100,3
<b>Vexetais</b>	Leituga	< 30 µm	0,97 ± 0,02	1,01 ± 0,01	103,6
		30-100 µm	0,93 ± 0,01	0,92 ± 0,01	98,7
<b>Carnes</b>	Fígado de coello	< 30 µm	0,91 ± 0,01	0,94 ± 0,01	102,7
		30-100 µm	0,89 ± 0,01	0,88 ± 0,01	98,9
<b>Froitos secos</b>	Castañas	< 30 µm	0,90 ± 0,01	0,92 ± 0,01	102,1
		30-100 µm	0,90 ± 0,01	0,92 ± 0,02	102,8
<b>Legumes</b>	Lentellas	< 30 µm	0,86 ± 0,01	0,88 ± 0,01	102,6
		30-100 µm	0,83 ± 0,02	0,81 ± 0,01	98,1
<b>Cereais e derivados</b>	Cereais cacao	< 30 µm	0,78 ± 0,01	0,78 ± 0,01	100,1
		30-100 µm	0,77 ± 0,01	0,79 ± 0,01	101,7
<b>Queixos e derivados</b>	Tranchetes	< 30 µm	0,61 ± 0,02	0,61 ± 0,01	100,5
		30-100 µm	0,60 ± 0,02	0,60 ± 0,01	99,2

<sup>A</sup> [Ni] obtida mediante o método de referencia

<sup>B</sup> [Ni] obtida mediante os métodos continuos propostos

---

## 4. OPTIMIZACIÓN DOUTROS PARÁMETROS DO SISTEMA

### FIA

Estudiáronse dúas variables que afectan só ó sistema FIA:

- A lonxitude dos reactores de mestura
- O caudal de aspiración do nebulizador do espectrofotómetro de absorción atómica.

#### 4.1 Lonxitude dos reactores de mestura

Os sistemas FIA propostos conteñen dous reactores de mestura, tal e como se pode observar nas Figuras 12 e 13 (páxinas 76 e 77). A función de tales reactores é a de homoxeneizar o extracto da mostra (reactor de mestura 1) ou o extracto da mostra tamponado coa disolución de acetato amónico (reactor de mestura 2). Demostrouse que para conseguir a homoxeneización completa do extracto ácido, a lonxitude do reactor ha de ser tal que conteña, como mínimo, o volume da disolución extractante empregada (2 mL). Por outra parte, non interesa que a lonxitude do reactor sexa maior, posto que isto prolongaría o tempo da análise e diminuíría a frecuencia de mostraxe. Polo tanto, considerouse a lonxitude de 398 cm (tubos de 0,8 mm de diámetro interno) como valor óptimo do reactor de mestura 1. Con respecto ó reactor de mestura 2, a lonxitude de 50 cm resultou ser suficiente para a homoxeneización do extracto ácido coa disolución de acetato amónico.

#### **4.2 Caudal de aspiración do nebulizador do espectrofotómetro de absorción atómica.**

O caudal de aspiración do nebulizador do espectrofotómetro de absorción atómica está determinado polo caudal de elución. O seu valor non pode ser inferior, posto que provocaría a perda de eluato, nin moito superior, xa que a aspiración podería modificar o caudal de elución. Tendo en conta que o valor óptimo do caudal de elución é de 3 mL/min para tódolos metais, fíxase o valor óptimo do caudal de aspiración do nebulizador do espectrofotómetro de absorción atómica en 3,5 mL/min.

---

## 5. CARACTERÍSTICAS ANALÍTICAS DAS METODOLOXÍAS PROPOSTAS PARA A DETERMINACIÓN DOS METAIS DAS MOSTRAS SÓLIDAS DE NATUREZA ALIMENTICIA

Unha vez realizadas as optimizacións de tódalas variables implicadas no proceso de preconcentración dos metais nas diferentes resinas, establecéronse en cada caso os calibrados cos patróns metálicos e as características analíticas da resina. Posteriormente, tras optimizarse as variables implicadas no proceso de extracción dos metais nas diferentes mostras sólidas de natureza alimenticia, calculáronse as características analíticas das metodoloxías propostas.

Ademais, realizáronse en cada caso, os estudos de precisión e exactitude do método proposto, así como o cálculo das frecuencias de mostraxe obtidas ó aplicar os sistemas continuos de extracción e preconcentración.

### 5.1 Cadmio

#### 5.1.1 Curvas de calibrado

Os calibrados realizáronse cos patróns metálicos indicados na páxina 80. Para cada metal, realizáronse dous tipos de calibrado:

- Un **calibrado directo** por aspiración directa das disolucións patrón de cada metal.
- Un **calibrado FIA** empregando os sistemas de preconcentración propostos.

Para cada un dos calibrados, realizouse un axuste por Mínimos Cadrados. A Táboa 202 recolle ambos calibrados no caso do cadmio.

**Táboa 202.** Calibrados directo e FIA para o cadmio. Axuste dos mesmos mediante o método de Mínimos Cadrados.

CALIBRADO DIRECTO		CALIBRADO FIA	
[Cd] ( $\mu\text{g/mL}$ )	Absorbancia	[Cd] ( $\mu\text{g/mL}$ )	Absorbancia
0,0	0,000	0,000	0,000
0,5	0,075	0,006	0,020
1,0	0,151	0,012	0,039
1,5	0,227	0,024	0,075
2,0	0,304	0,036	0,113

Axuste por Mínimos Cadrados	Calibrado directo	Calibrado FIA
Ordenada na orixe (o)	$-6,0 \times 10^{-4}$	$7,8 \times 10^{-4}$
Pendente (m)	0,15	3,12
Coefficiente de correlación (r)	0,999	0,999

### 5.1.2 Características analíticas das resinas de preconcentración

As características analíticas das resinas empregadas na preconcentración, como son o factor de preconcentración e a capacidade da resina, estudiáronse para cada un dos metais en cada resina. O factor de preconcentración calcúlase como o cociente entre as pendentes das rectas de calibrado FIA e directo. Para determinar a capacidade da resina para reter o cadmio, preparouse unha minicolumna de preconcentración con 10 mg de resina, en cada caso. A minicolumna conectouse directamente ó espectrofotómetro de absorción atómica e fíxose pasar a través da mesma, ó caudal óptimo de retención, unha disolución patrón de cadmio. Mentras o metal se retén na minicolumna, no equipo de absorción atómica aparece un

sinal nulo. Cando a resina se satura de cadmio, o metal non se retén na mesma, dando lugar a un sinal no espectrofotómetro de absorción atómica. Tendo en conta a concentración da disolución patrón, o tempo requerido para que a resina se sature e a masa da resina, pode calcularse a capacidade da resina quelante, en cada caso. As características analíticas das resinas recóllense na Táboa 203.

**Táboa 203.** Características analíticas das resinas

Resina	Factor de preconcentración	Capacidade da resina ( $\mu\text{mol Cd/g resina}$ )
Chelite P	20,8	7,1
Serdolit Che	13,1	6,4

### 5.1.3 Características analíticas das metodoloxías propostas

#### ▪ Límite de detección

O límite de detección (LOD) defínese como a menor concentración que pode determinarse sendo estatisticamente distinta dun branco estatístico. Para un nivel de confianza dun 99 %, o límite de detección defínese como:

$$\text{LOD} = 3\sigma$$

$\sigma$  = desviación estándar dunha serie de 30 medidas dun branco

Según a definición da IUPAC, o LOD, expresado como a concentración  $X_d$ , obtense da menor medida  $Y_d$  que pode detectarse con certeza razoable para un procedemento analítico. É necesario, polo tanto:

1. Establecer un sinal de detección
2. Mediante unha curva de calibrado, transformar ese sinal nunha concentración.

O cálculo do LOD realizouse en base á determinación de 30 medidas dun blanco, realizadas nas condicións óptimas. Calculouse o valor de  $3\sigma$  e substituíse na recta de calibrado. Tendo en conta a cantidade de mostra empregada e o volume de disolución extractante, o resultado expresouse en  $\mu\text{g/g}$ .

#### ▪ **Límite de cuantificación (LOQ)**

O límite de cuantificación (LOQ) defínese como o nivel por enriba do cal se poden obter resultados cuantitativos cun nivel de confianza do 99 %.

$$\text{LOQ} = 10\sigma$$

$\sigma$  = desviación estándar dunha serie de 30 medidas dun blanco

O cálculo do LOQ realizouse en base á determinación de 30 medidas dun blanco, realizadas nas condicións óptimas. Calculouse o valor de  $10\sigma$  e substituíse na recta de calibrado. Tendo en conta a cantidade de mostra empregada e o volume de disolución extractante, o resultado expresouse en  $\mu\text{g/g}$ .

#### ▪ **Sensibilidade**

A sensibilidade dun método analítico mide a capacidade do mesmo para diferenciar entre pequenas variacións na concentración de analito. Según a IUPAC, a sensibilidade defínese como a pendente da recta de calibrado do método. Tamén se pode definir a sensibilidade para un 1 % de absorción, no caso de métodos espectroscópicos, é dicir, a concentración correspondente a un sinal de absorbancia de 0,0044.

### ▪ Intervalo lineal

Tamén se calculou o intervalo lineal para cada metal acadado polo método FIA proposto. Para isto, tívose en conta a recta de calibrado do método, o límite de cuantificación e o intervalo lineal de cada metal estudado cando se determina por espectroscopía de absorción atómica con chama.

A Táboa 204 recolle as características analíticas das metodoloxías propostas para a determinación do cadmio nos diferentes tipos de mostras de alimentos.

**Táboa 204.** Características analíticas das metodoloxías propostas para a determinación do cadmio nas mostras de natureza alimenticia.

Mostra	Cantidade de mostra (g)	LOD ( $\mu\text{g/g}$ )	LOQ ( $\mu\text{g/g}$ )	Sensibilidade ( $\mu\text{g/g}$ )	Intervalo lineal ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Peixes e moluscos</b>	0,0800	0,01	0,05	0,03	0,05-2,43
<b>Vexetais</b>	0,0600	0,01	0,07	0,04	0,07-3,24
<b>Carnes</b>	0,0600	0,01	0,07	0,04	0,07-3,24
<b>Froitos secos</b>	0,0800	0,01	0,05	0,03	0,05-2,43
<b>Legumes</b>	0,0600	0,01	0,07	0,04	0,07-3,24
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	0,01	0,07	0,04	0,07-3,24
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	0,01	0,07	0,04	0,07-3,24

#### 5.1.4 Precisión

Para estudar a precisión do proceso de extracción, preconcentración e determinación dos metais por Espectroscopía de Absorción Atómica con Chama, levouse a cabo un estudio de repetibilidade de dito proceso. A repetibilidade defínese, dende un punto de vista cualitativo como a concordancia entre os resultados sucesivos obtidos sobre unha mesma mostra,

cando se levan a cabo determinacións seguindo o mesmo método analítico, en idénticas condicións experimentais (instrumentos, operador, laboratorio, etc.) e traballando con pouca diferenza de tempo entre as determinacións. Dende un punto de vista cuantitativo, a repetibilidade pode definirse como a diferenza máxima entre dous resultados calesqueira expresados en valor absoluto obtidos nunhas condicións especificadas para un determinado nivel de significación ( $P= 0,05$ ). Para realizar este estudo levouse a cabo 11 veces a análise de cada un dos metais en cada un dos tipos de mostra nas condicións óptimas (as mostras ou materiais de referencia certificados empregados neste estudio son as mesmas que se utilizaron durante a optimización da extracción, Táboa 103, páxina 168). Unha vez obtidos estes resultados, calculouse a desviación estándar e o coeficiente de variación (Táboa 205).

A **desviación típica media** ou **desviación estándar, ( $\sigma$ )**, ven dada pola expresión:

$$\sigma = \pm \sqrt{\frac{\sum (x_i - \bar{x})^2}{n-1}}$$

sendo:

$x_i$  = valor da concentración atopada na mostra

$\bar{x}$  = media aritmética das concentracións

$x_i - \bar{x}$  = diferenza entre cada valor de concentración e a media aritmética respectiva

$n$  = número de medidas efectuadas en cada caso

O **coeficiente de variación, CV**, ven dado pola expresión:

$$CV = \frac{\sigma}{\bar{x}} \times 100$$

sendo:

$\sigma$  = desviación típica media ou desviación estándar

$\bar{x}$  = media aritmética das concentracións

**Táboa 205.** Estudio da precisión das metodoloxías propostas para a determinación do cadmio nos diferentes tipos de mostras de alimentos

<b>Mostra</b>	<b>Cantidade de mostra (g)</b>	<b>Coeficiente de variación (%)</b>
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0800	2,3
<b>Vexetais</b>	0,0600	2,1
<b>Carnes</b>	0,0600	3,0
<b>Froitos secos</b>	0,0800	2,9
<b>Legumes</b>	0,0600	2,4
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	3,2
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	4,4

### 5.1.5 Exactitude

A avaliación da exactitude das metodoloxías propostas levouse a cabo realizando dous tipos de estudos:

- Recuperación das metodoloxías propostas
- Análise de materiais de referencia

#### 5.1.5.1 Recuperación das metodoloxías propostas

Para realizar este estudio analizouse unha mostra de cada tipo de matriz (as mesmas mostras e cantidades empregadas na optimización). As análises realizáronse por duplicado, empregando unha disolución extractante

contendo diferentes concentracións de cadmio en cada caso. Unha vez obtidos os resultados, calculouse o % Recuperación da seguinte maneira:

$$\% \text{ Recuperación} = \frac{A - B}{C} \times 100$$

sendo:

A: concentración de cadmio na mostra + concentración de cadmio añadida (valor experimental)

B: concentración de cadmio na mostra (valor experimental)

C: concentración de cadmio añadida


Os datos obtidos para cada unha das mostras e o % Recuperación obtido en cada caso recóllense na Táboa 206.

Realizouse un axuste das rectas de adición por Mínimos Cadrados, e observouse que son totalmente paralelas á recta de calibrado do método, para tódolos tipos de mostras. O paralelismo destas rectas comprobouse estatisticamente mediante o programa ULC (Univariate Linear Calibration) [155]. Este paralelismo indica que non hai efecto matriz nas determinacións de cadmio realizadas. A Figura 45 recolle as rectas de calibrado e adición para as mostras de moluscos e peixes.

**Táboa 206.** Estudio de recuperación das metodoloxías propostas para a determinación de cadmio en mostras de natureza alimenticia

Mostra	Adición ( $\mu\text{g/mL}$ )	Absorbancia	Recuperación <sup>a</sup> (%)	Recta de adición		
				Ordenada	Pendente	r
<b>Moluscos e peixes</b>	0	0,045	102,2	$44,1 \times 10^{-3}$	3,25	0,998
	0,005	0,059	94,0			
	0,008	0,069	95,0			
	0,010	0,078	103,0			
	0,012	0,083	98,3			
	0,015	0,093	99,3			
<b>Vexetais</b>	0	0,038	97,5	$38,4 \times 10^{-3}$	3,24	0,999
	0,005	0,054	96,0			
	0,008	0,065	97,5			
	0,010	0,072	100,0			
	0,012	0,077	96,7			
	0,015	0,086	95,3			
<b>Carnes</b>	0	0,015	102,5	$15,3 \times 10^{-3}$	3,22	0,999
	0,005	0,031	99,2			
	0,008	0,042	103,1			
	0,010	0,048	101,5			
	0,012	0,054	98,8			
	0,015	0,063	97,7			
<b>Froitos secos</b>	0	0,031	104,3	$30,5 \times 10^{-3}$	3,29	0,999
	0,005	0,046	96,0			
	0,008	0,057	102,5			
	0,010	0,063	100,0			
	0,012	0,070	101,7			
	0,015	0,080	100,7			
<b>Legumes</b>	0	0,020	100,0	$19,8 \times 10^{-3}$	3,25	0,999
	0,005	0,035	94,0			
	0,008	0,046	98,7			
	0,010	0,053	102,0			
	0,012	0,059	99,2			
	0,015	0,068	97,3			
<b>Cereais e derivados</b>	0	0,016	104,2	$15,9 \times 10^{-3}$	3,29	0,999
	0,005	0,032	100,0			
	0,008	0,043	105,0			
	0,010	0,049	101,0			
	0,012	0,054	99,2			
	0,015	0,066	102,0			
<b>Queixos e derivados</b>	0	0,009	100,0	$9,2 \times 10^{-3}$	3,16	0,999
	0,005	0,026	100,0			
	0,008	0,034	95,0			
	0,010	0,040	95,0			
	0,012	0,047	95,8			
	0,015	0,057	97,3			

<sup>a</sup> A análise fíxose por duplicado, de maneira que o resultado indicado é a media dos dous resultados obtidos.



**Figura 45.** Recta de calibrado do cadmio e recta de adición deste metal sobre as mostras de moluscos e peixes.

#### 5.1.5.2 Análise de materiais de referencia

Para calcular a exactitude do método proposto, ademais do estudio de recuperación, levouse a cabo a determinación do cadmio nos materiais de referencia para os tipos de matrices nos cales se atopaba certificada a concentración do metal. Neste caso, atópase certificada a concentración do cadmio nas mostras de moluscos e peixes, vexetais, carnes e cereais e derivados. Para realizar este estudio, levouse a cabo a análise por triplicado dos materiais de referencia, nas condicións óptimas. No caso dos vexetais e dos cereais e derivados, a concentración do material de referencia atópase por debaixo ou moi próxima ó LOQ, de maneira que se realizan dúas extraccións sucesivas baixo as condicións óptimas.

Na Táboa 207 recóllense os resultados obtidos. Como pode observarse, a concentración de cadmio obtida polo método proposto atópase dentro do intervalo certificado. Pode concluirse, polo tanto, que as metodoloxías propostas son exactas.

**Táboa 207.** Estudio da exactitude empregando materiais de referencia

Mostra	Material de referencia	Cantidad de mostra (g)	[Cd] <sub>certificada</sub> (µg/g)	[Cd] <sub>obtida</sub> (µg/g)
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón CRM 278R <sup>a</sup>	0,0800	0,348 ± 0,008	0,36 ± 0,01
<b>Vexetais</b>	Té NCS DC 73351 <sup>b</sup>	0,1200	0,057 ± 0,008	0,06 ± 0,00
<b>Carnes</b>	Riñón de porco BCR-186 <sup>c</sup>	0,0050	2,71 ± 0,15	2,76 ± 0,05
<b>Cereais e derivados</b>	Fariña integral BCR-189 <sup>c</sup>	0,1200	0,071 ± 0,003	0,07 ± 0,01

<sup>a</sup> CRM: Certified Reference Material, from Community Bureau of Reference

<sup>b</sup> NCS: China National Analysis Center for Iron and Steel

<sup>c</sup> BCR: Community Bureau of Reference

Por último, calculouse o intervalo de confianza para cada un dos tipos de mostra.

O **intervalo de confianza** defínese como:

$$[Me]_{media} \pm \sigma_m t$$

onde:

[Me]<sub>media</sub>= concentración media do metal

$\sigma_m$ = desviación media

$t$ = valor  $t$  do Test  $t$ -Student ó 95 % de probabilidade

A **desviación media**,  $\sigma_m$ :

$$\sigma_m = \frac{\sigma}{\sqrt{n}}$$

sendo:

$\sigma$ = desviación típica media ou desviación estándar

$n$ = número de medidas efectuadas en cada caso

**Táboa 208.** Intervalo de confianza obtido para cada un dos tipos de mostra

Mostra	Cantidade de mostra (g)	[Cd] ± $\sigma^a$ ( $\mu\text{g/g}$ )	[Cd] ± $\sigma_{mt}$ ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0800	0,348 ± 0,008 <sup>b</sup>	0,33 ± 0,01
<b>Vexetais</b>	0,0600	0,39 ± 0,01	0,39 ± 0,01
<b>Carnes</b>	0,0600	0,17 ± 0,01	0,17 ± 0,01
<b>Froitos secos</b>	0,0800	0,24 ± 0,01	0,23 ± 0,01
<b>Legumes</b>	0,0600	0,20 ± 0,01	0,21 ± 0,01
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	0,17 ± 0,01	0,17 ± 0,01
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	0,10 ± 0,01	0,11 ± 0,01

<sup>a</sup> [Cd] certificada nos casos nos que se emprega un material de referencia ou determinada mediante o método de referencia (páxina 86)

<sup>b</sup> Concentración certificada

t: valor do Test t-Student para 11 mostras (2,23)

### 5.1.6 Frecuencia de mostraxe

Calculouse a frecuencia de mostraxe das metodoloxías propostas para cada tipo de mostra, tendo en conta o proceso global.

O tempo requerido para a preconcentración é o mesmo en tódolos casos de maneira que a frecuencia de mostraxe vai depender do tempo de extracción. Os resultados recóllense na Táboa 209.

**Táboa 209.** Frecuencia de mostraxe obtida coas diferentes metodoloxías propostas para cada tipo de mostra

Tipo de mostra	Tempo de sonicación (min)	Frecuencia de mostraxe (mostras/h)
<b>Moluscos e peixes</b>	2	16
<b>Vexetais</b>	2	16
<b>Carnes</b>	2	16
<b>Froitos secos</b>	1	23
<b>Legumes</b>	2,5	14
<b>Cereais e derivados</b>	4,5	9
<b>Queixos e derivados</b>	0,5	28

## 5.2 Chumbo

### 5.2.1 Curvas de calibrado

Os calibrados directo e FIA e o axuste por Mínimos Cadrados dos mesmos móstranse na Táboa 210. Para realizar estes calibrados, empregáronse os patróns metálicos indicados na páxina 80. Hai que distinguir entre o sistema proposto para a determinación de chumbo en moluscos e peixes (1 única minicolumna, Figura 12) e o sistema proposto para a determinación do chumbo no resto de matrices sólidas de natureza alimenticia, (dúas minicolumnas conectadas en serie (Figura 13) e onde se realizan dúas extraccións sucesivas).

**Táboa 210.** Calibrados directo e FIA para o chumbo. Axuste dos mesmos mediante o método de Mínimos Cadrados.

CALBRADO DIRECTO		CALBRADO FIA <sup>a</sup>		CALBRADO FIA <sup>b</sup>	
[Pb] (µg/mL)	Absorbancia	[Pb] (µg/mL)	Absorbancia	[Pb] (µg/mL)	Absorbancia
0	0,000	0,00	0,000	0,000	0,000
5	0,055	0,05	0,007	0,025	0,007
10	0,109	0,10	0,013	0,050	0,013
15	0,165	0,15	0,020	0,075	0,020
20	0,220	0,20	0,026	0,100	0,026

Axuste por Mínimos Cadrados	Calibrado directo	Calibrado FIA <sup>a</sup>	Calibrado FIA <sup>b</sup>
Ordenada na orixe (o)	$-2,0 \times 10^{-4}$	$2,0 \times 10^{-4}$	$2,0 \times 10^{-4}$
Pendente (m)	0,01	0,13	0,26
Coefficiente de correlación (r)	0,999	0,999	0,999

<sup>a</sup> Metodoloxía proposta para a determinación de chumbo en moluscos e peixes

<sup>b</sup> Metodoloxía proposta para a determinación de chumbo no resto de matrices sólidas de natureza alimenticia

### 5.2.2 Características analíticas das resinas de preconcentración

As características analíticas propias das resinas quelantes, como son a capacidade da resina e o factor de preconcentración, recóllense na Táboa 211. Como pode verse na táboa, o factor de preconcentración varía da metodoloxía proposta para a determinación de chumbo en mostras de moluscos e peixes á metodoloxía proposta para a determinación do metal no resto das matrices sólidas de natureza alimenticia.

**Táboa 211.** Características analíticas das resinas

Resina	Factor de preconcentración		Capacidade da resina ( $\mu\text{mol Pb/g resina}$ )
	Sistema A	Sistema B	
<b>Chelíte P</b>	13,0	26,0	32,9
<b>Serdolit Che</b>	14,0	28,0	14,3

A: sistema proposto para a determinación de chumbo en mostras de moluscos e peixes

B: sistema proposto para a determinación de chumbo no resto de matrices

### 5.2.3 Características analíticas das metodoloxías propostas

Calculáronse os límites de detección e cuantificación, a sensibilidade para un 1 % de absorción e o intervalo lineal tendo en conta a cantidade de mostra empregada e o volume de disolución extractante, indicados nas diferentes metodoloxías para a determinación do chumbo en mostras de natureza alimenticia. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 212.

**Táboa 212.** Características analíticas das metodoloxías propostas para a determinación de chumbo en cada tipo de mostra.

Mostra	Cantidade de mostra (g)	LOD ( $\mu\text{g/g}$ )	LOQ ( $\mu\text{g/g}$ )	Sensibilidade ( $\mu\text{g/g}$ )	Intervalo lineal ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0800	0,25	0,92	0,81	0,92-42,27
<b>Vexetais</b>	0,2400	0,08	0,31	0,27	0,31-14,09
<b>Carnes</b>	0,2400	0,08	0,31	0,27	0,31-14,09
<b>Froitos secos</b>	0,2400	0,08	0,31	0,27	0,31-14,09
<b>Legumes</b>	0,2400	0,08	0,31	0,27	0,31-14,09
<b>Cereais e derivados</b>	0,2400	0,08	0,31	0,27	0,31-14,09
<b>Queixos e derivados</b>	0,3200	0,06	0,23	0,20	0,23-10,57

#### 5.2.4 Precisión

Unha vez optimizados os procesos de extracción do chumbo nas diferentes mostras de alimentos, realizouse un estudio da precisión dos mesmos. Para realizar este estudio levouse a cabo 11 veces a análise do chumbo en cada un dos tipos de mostra nas condicións óptimas. As mostras ou materiais de referencia certificados empregados neste estudio son as mesmas que se utilizaron durante a optimización da extracción (Táboa 122, páxina 201). Excepto no caso das mostras de moluscos e peixes, realizouse a adición de 0,2  $\mu\text{g}$  de Pb.

A partir dos resultados obtidos calculouse a desviación estándar e o coeficiente de variación, que se recollen na Táboa 213.

**Táboa 213.** Estudo da precisión das metodoloxías propostas para a determinación do chumbo nos diferentes tipos de mostras de alimentos

<b>Mostra</b>	<b>Cantidade de mostra (g)</b>	<b>Coefficiente de variación (%)</b>
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0800	2,4
<b>Vexetais</b>	0,2400	2,1
<b>Carnes</b>	0,2400	2,9
<b>Froitos secos</b>	0,2400	2,7
<b>Legumes</b>	0,2400	2,6
<b>Cereais e derivados</b>	0,2400	3,6
<b>Queixos e derivados</b>	0,3200	2,5

### 5.2.5 Exactitude

A avaliación da exactitude das metodoloxías propostas levouse a cabo realizando dous tipos de estudos:

- Recuperación das metodoloxías propostas
- Análise de materiais de referencia

#### 5.2.5.1 Recuperación das metodoloxías propostas

Para realizar este estudio analizouse unha mostra de cada tipo de matriz (as mesmas mostras empregadas na optimización e a cantidade máxima das mesmas). As análises realizáronse por duplicado, empregando unha disolución extractante contendo diferentes concentracións de chumbo en cada caso. Unha vez obtidos os datos experimentais calculouse o % Recuperación en cada caso (páxina 322).

Os datos obtidos para cada unha das mostras e os % Recuperación obtidos recóllense na Táboa 214.


Realizouse un axuste das rectas de adición por Mínimos Cadrados, e observouse que son totalmente paralelas á recta de calibrado do método,

para tódolos tipos de mostras, como se pode ver nas Figuras 46 e 47, para o caso das mostras de moluscos e peixes e vexetais (sistemas con 1 ou 2 minicolumnas, respectivamente). O paralelismo destas rectas comprobouse estatísticamente mediante o programa ULC (Univariate Linear Calibration) [155]. Este paralelismo indica que non hai efecto matriz nas determinacións de chumbo realizadas.


**Táboa 214.** Estudo de recuperación das metodoloxías propostas para a determinación de chumbo en mostras de natureza alimenticia

Mostra	Adición (µg/mL)	Absorbancia	Recuperación <sup>a</sup> (%)	Recta de adición		
				Ordenada	Pendente	r
Moluscos e peixes	0	0,010	101,3	10,1 x10 <sup>-3</sup>	0,13	0,998
	0,05	0,017	102,0			
	0,08	0,021	102,5			
	0,10	0,023	97,0			
	0,12	0,027	104,2			
	0,15	0,030	97,3			
Vexetais	0	0,004	106,0	3,9 x10 <sup>-3</sup>	0,26	0,996
	0,025	0,010	96,4			
	0,040	0,014	94,8			
	0,050	0,018	100,0			
	0,060	0,020	96,2			
	0,075	0,023	94,9			
Carnes	0	0,004	101,5	3,6 x10 <sup>-3</sup>	0,27	0,999
	0,025	0,010	93,2			
	0,040	0,014	99,5			
	0,050	0,017	98,4			
	0,060	0,020	98,5			
	0,075	0,024	100,9			
Froitos secos	0	0,004	102,6	4,2 x10 <sup>-3</sup>	0,27	0,999
	0,025	0,011	99,6			
	0,040	0,015	101,5			
	0,050	0,018	102,6			
	0,060	0,021	101,3			
	0,075	0,024	97,9			
Legumes	0	0,005	103,7	5,2 x10 <sup>-3</sup>	0,28	0,998
	0,025	0,012	98,8			
	0,040	0,017	106,5			
	0,050	0,019	100,0			
	0,060	0,021	98,7			
	0,075	0,026	100,8			
Cereais e derivados	0	0,003	104,2	3,1 x10 <sup>-3</sup>	0,26	0,999
	0,025	0,010	104,0			
	0,040	0,014	102,3			
	0,050	0,016	95,8			
	0,060	0,019	96,0			
	0,075	0,023	99,1			
Queixos e derivados	0	0,008	102,0	8,2 x10 <sup>-3</sup>	0,27	0,999
	0,025	0,015	103,6			
	0,040	0,019	102,0			
	0,050	0,022	101,6			
	0,060	0,025	104,7			
	0,075	0,028	98,9			

<sup>a</sup> A análise fíxose por duplicado, de maneira que o resultado indicado é a media dos dous resultados obtidos.



**Figura 46.** Retta de calibrado do chumbo e retta de adição deste metal sobre as mostras de moluscos e peixes .



**Figura 47.** Retta de calibrado do chumbo e retta de adição deste metal sobre as mostras de vexetais (sistema com dúas minicolumnas e dúas extracções sucesivas).

### 5.2.5.2 Análise de materiais de referencia

Para calcular a exactitude do método proposto, ademais do estudio de recuperación, empregáronse materiais de referencia para os tipos de matrices nos cales se atopaba certificada a concentración do chumbo: moluscos e peixes, vexetais, carnes e cereais e derivados. Para realizar este estudio, levouse a cabo a análise por triplicado dos materiais de referencia, nas condicións óptimas. No caso do material de referencia para os vexetais, debido á elevada concentración de chumbo no mesmo, en referencia á concentración do metal nas mostras, realizouse unha única extracción co sistema proposto e sen adición de chumbo.

Na Táboa 215 recóllense os resultados obtidos. Como pode observarse, a concentración de chumbo obtida polo método proposto atópase dentro do intervalo certificado. Pode concluírse, polo tanto, que as metodoloxías propostas son exactas.

**Táboa 215.** Estudio da exactitude empregando materiais de referencia

Mostra	Material de referencia	Cantidade de mostra (g)	Adición de Pb ( $\mu\text{g}$ )	[Pb] <sub>certificada</sub> ( $\mu\text{g/g}$ )	[Pb] <sub>obtida</sub> ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	Mexillón CRM 278R <sup>a</sup>	0,0800	0	$2,00 \pm 0,04$	$1,99 \pm 0,06$
	<b>Vexetais</b>	Té NCS DC 73351 <sup>b</sup>	0,1200	0	$4,4 \pm 0,2$
<b>Carnes</b>	Riñón de porco BCR-186 <sup>c</sup>	0,2400	0,2	$0,306 \pm 0,011$	$0,30 \pm 0,01$
<b>Cereais e derivados</b>	Fariña integral BCR-189 <sup>c</sup>	0,2400	0,2	$0,379 \pm 0,012$	$0,39 \pm 0,02$

<sup>a</sup> CRM: Certified Reference Material, from Community Bureau of Reference

<sup>b</sup> NCS: China National Analysis Center for Iron and Steel

<sup>c</sup> BCR: Community Bureau of Reference

Por último, calculouse a desviación media e estableceuse o intervalo de confianza para cada tipo de mostra, que se recolle na Táboa 216.

**Táboa 216.** Intervalo de confianza obtido para cada tipo de mostra

Mostra	Cantidade de mostra (g)	[Pb] $\pm \sigma^a$ ( $\mu\text{g/g}$ )	[Pb] $\pm \sigma_{mf}$ ( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0800	2,00 $\pm$ 0,04 <sup>b</sup>	1,94 $\pm$ 0,06
<b>Vexetais</b>	0,2400	0,26 $\pm$ 0,01	0,26 $\pm$ 0,01
<b>Carnes</b>	0,2400	0,22 $\pm$ 0,01	0,22 $\pm$ 0,01
<b>Froitos secos</b>	0,2400	0,26 $\pm$ 0,01	0,26 $\pm$ 0,01
<b>Legumes</b>	0,2400	0,32 $\pm$ 0,01	0,33 $\pm$ 0,01
<b>Cereais e derivados</b>	0,2400	0,21 $\pm$ 0,01	0,21 $\pm$ 0,01
<b>Queixos e derivados</b>	0,3200	0,34 $\pm$ 0,01	0,39 $\pm$ 0,01

<sup>a</sup> [Pb] certificada nos casos nos que se emprega un material de referencia ou determinada mediante o método de referencia (páxina 86)

<sup>b</sup> Concentración certificada

t: valor do Test t-Student para 11 mostrax (2,23)

### 5.2.6 Frecuencia de mostraxe

Calculouse a frecuencia de mostraxe das metodoloxías propostas para cada tipo de mostra, considerando o proceso global, dende a extracción á detección do chumbo.

O tempo requerido para a preconcentración é de 0,83 minutos para as mostrax de moluscos e peixes e de 1,67 minutos para o resto de matrices sólidas. Excepto para os moluscos e peixes, para o resto de matrices e debido á baixa concentración do chumbo nas mesmas, é preciso realizar dúas extraccións consecutivas, de maneira que as frecuencias de mostraxe obtidas para este metal serán moito máis baixas que as obtidas para o cadmio. Na Táboa 217 recóllense as frecuencias de mostraxe obtidas en cada caso.

**Táboa 217.** Frecuencia de mostraxe obtida coas diferentes metodoloxías propostas para cada tipo de mostra

Tipo de mostra	Tempo de sonicación (min)	Frecuencia de mostraxe (mostras/h)
<b>Moluscos e peixes</b>	3	14
<b>Vexetais</b>	1,5	11
<b>Carnes</b>	2,5	8
<b>Froitos secos</b>	1	14
<b>Legumes</b>	3,5	6
<b>Cereais e derivados</b>	3,5	6
<b>Queixos e derivados</b>	1	14

### 5.3 Cobalto

#### 5.3.1 Curvas de calibrado

Os calibrados directo e FIA e o axuste por Mínimos Cadrados dos mesmos móstranse na Táboa 218. Para realizar estes calibrados, empregáronse os patróns metálicos indicados na páxina 81.

**Táboa 218.** Calibrados directo e FIA para o cobalto. Axuste dos mesmos mediante o método de Mínimos Cadrados.

CALIBRADO DIRECTO		CALIBRADO FIA	
[Co] (µg/mL)	Absorbancia	[Co] (µg/mL)	Absorbancia
<b>0,0</b>	0,000	<b>0,000</b>	0,000
<b>0,5</b>	0,016	<b>0,010</b>	0,004
<b>1,0</b>	0,032	<b>0,020</b>	0,008
<b>2,0</b>	0,065	<b>0,030</b>	0,012
<b>3,5</b>	0,115	<b>0,035</b>	0,014

Axuste por Mínimos Cadrados	Calibrado directo	Calibrado FIA
<b>Ordenada na orixe (o)</b>	-4,5 x10 <sup>-4</sup>	0
<b>Pendente (m)</b>	0,03	0,40
<b>Coeficiente de correlación (r)</b>	0,999	0,999

### 5.3.2 Características analíticas das resinas de preconcentración

As características analíticas propias das resinas quelantes, a capacidade da resina e o factor de preconcentración, recóllense na Táboa 219.

**Táboa 219.** Características analíticas das resinas

Resina	Factor de preconcentración	Capacidade da resina ( $\mu\text{mol Co/g resina}$ )
Chelite P	13,3	17,7
Serdolit Che	14,3	12,6

### 5.3.3 Características analíticas das metodoloxías propostas

Calculáronse os límites de detección, cuantificación, sensibilidade para o 1 % de absorción e intervalo lineal tendo en conta a cantidade de mostra empregada e o volume de disolución extractante. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 220.

**Táboa 220.** Características analíticas das metodoloxías propostas para a determinación de cobalto en cada tipo de mostra.

Mostra	Cantidade de mostra (g)	LOD	LOQ	Sensibilidade ( $\mu\text{g/g}$ )	Intervalo lineal ( $\mu\text{g/g}$ )
		( $\mu\text{g/g}$ )	( $\mu\text{g/g}$ )		
Peixes e moluscos	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58
Vexetais	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58
Carnes	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58
Froitos secos	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58
Legumes	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58
Cereais e derivados	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58
Queixos e derivados	0,0600	0,11	0,35	0,37	0,35-9,58

### 5.3.4 Precisión

Estudouse a precisión do proceso global. Para realizar este estudio levouse a cabo 11 veces a análise do cobalto en cada un dos tipos de mostra nas condicións óptimas. As mostras ou materiais de referencia certificados empregados neste estudio son as mesmas que se utilizaron durante a optimización da extracción (Táboa 141, páxina 231).

A partir dos resultados obtidos calculouse a desviación estándar e o coeficiente de variación, que se recollen na Táboa 221.

**Táboa 221.** Estudio da precisión das metodoloxías propostas para a determinación do cobalto nos diferentes tipos de mostras de alimentos

<b>Mostra</b>	<b>Cantidade de mostra (g)</b>	<b>Coeficiente de variación (%)</b>
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0600	2,0
<b>Vexetais</b>	0,0600	3,2
<b>Carnes</b>	0,0600	2,7
<b>Froitos secos</b>	0,0600	2,3
<b>Legumes</b>	0,0600	2,9
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	3,5
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	3,1

### 5.3.5 Exactitude

No caso do cobalto e debido a que non se dispón de materiais de referencia que certifiquen a concentración do metal, a avaliación da exactitude das metodoloxías propostas levouse a cabo realizando únicamente o estudio de recuperación.

### 5.3.5.1 Recuperación das metodoloxías propostas

Para realizar este estudio analizouse unha mostra de cada tipo de matriz. Empregáronse as mesmas mostras da optimización. Tendo en conta que a preconcentración do cobalto se optimizou para unha cantidade máxima do metal de 0,08  $\mu\text{g}$  e a concentración de cobalto nas mostras, a cantidade máxima de mostra que se utilizou para este estudio foi de 50 mg para as mostras de froitos secos e legumes e 40 mg para as restantes mostras. As análises realizáronse por duplicado, empregando unha disolución extractante contendo diferentes concentracións de cobalto en cada caso. Unha vez obtidos os datos experimentais calculouse o % Recuperación en cada caso (páxina 322).


Os datos obtidos para cada unha das mostras e os % Recuperación obtidos recóllense na Táboa 222.

Realizouse un axuste das rectas de adición por Mínimos Cadrados, e observouse que son totalmente paralelas á recta de calibrado do método para tódolos tipos de mostras. Na Figura 48, móstranse ambas rectas para o caso das mostras de legumes. O paralelismo destas rectas comprobouse estatisticamente mediante o programa ULC (Univariate Linear Calibration) [155]. Este paralelismo indica que non hai efecto matriz nas determinacións de cobalto realizadas.

**Táboa 222.** Estudo de recuperación das metodoloxías propostas para a determinación de cobalto en mostras de natureza alimenticia

Mostra	Adición ( $\mu\text{g/mL}$ )	Absorbancia	Recuperación <sup>a</sup> (%)	Recta de adición		
				Ordenada	Pendente	r
Moluscos e peixes	0	0,008	105,6	$7,8 \times 10^{-3}$	0,44	0,996
	0,005	0,010	104,0			
	0,010	0,012	104,0			
	0,012	0,013	105,0			
	0,015	0,014	105,3			
	0,020	0,017	106,5			
Vexetais	0	0,007	103,9	$6,8 \times 10^{-3}$	0,44	0,996
	0,005	0,009	102,0			
	0,010	0,011	103,0			
	0,012	0,012	105,0			
	0,015	0,013	104,7			
	0,020	0,016	107,5			
Carnes	0	0,008	101,1	$7,6 \times 10^{-3}$	0,42	0,991
	0,005	0,009	94,0			
	0,010	0,012	97,0			
	0,012	0,013	98,3			
	0,015	0,014	101,3			
	0,020	0,016	97,5			
Froitos secos	0	0,008	103,6	$8,0 \times 10^{-3}$	0,42	0,992
	0,005	0,010	104,0			
	0,010	0,012	104,0			
	0,012	0,013	102,5			
	0,015	0,015	102,7			
	0,020	0,016	98,0			
Legumes	0	0,008	95,5	$8,0 \times 10^{-3}$	0,40	0,999
	0,005	0,010	98,0			
	0,010	0,012	95,0			
	0,012	0,013	95,0			
	0,015	0,014	94,7			
	0,020	0,016	94,0			
Cereais e derivados	0	0,007	101,8	$7,0 \times 10^{-3}$	0,42	0,992
	0,005	0,009	102,0			
	0,010	0,011	104,0			
	0,012	0,012	100,8			
	0,015	0,014	103,3			
	0,020	0,015	99,0			
Queixos e derivados	0	0,008	101,0	$7,6 \times 10^{-3}$	0,42	0,991
	0,005	0,009	94,0			
	0,010	0,012	96,0			
	0,012	0,013	98,3			
	0,015	0,014	98,7			
	0,020	0,016	96,5			

<sup>a</sup> A análise fíxose por duplicado, de maneira que o resultado indicado é a media dos dous resultados obtidos.



**Figura 48.** Retra de calibrado do cobalto e retra de adição deste metal sobre as mostras de legumes.

Por último, calculouse a desviación media e estableceuse o intervalo de confianza para cada tipo de mostra, que se recolle na Táboa 223.

**Táboa 223.** Intervalo de confianza obtido para cada un dos tipos de mostra

Mostra	Cantidade de mostra (g)	[Co] ± $\sigma^a$ (µg/g)	[Co] ± $\sigma_{mf}$ (µg/g)
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0600	0,93 ± 0,01	0,94 ± 0,01
<b>Vexetais</b>	0,0600	0,80 ± 0,01	0,80 ± 0,02
<b>Carnes</b>	0,0600	0,88 ± 0,02	0,85 ± 0,02
<b>Froitos secos</b>	0,0600	0,77 ± 0,01	0,78 ± 0,01
<b>Legumes</b>	0,0600	0,75 ± 0,01	0,74 ± 0,02
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	0,86 ± 0,02	0,87 ± 0,03
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	0,87 ± 0,01	0,86 ± 0,02

<sup>a</sup> [Co] determinada mediante o método de referencia (páxina 86)

t: valor do Test t-Student para 11 mostras (2,23)

### 5.3.6 Frecuencia de mostraxe

Calculouse a frecuencia de mostraxe do método proposto para cada tipo de mostra, considerando o proceso global, dende a extracción á detección do cobalto. Como o tempo requerido para a preconcentración é o mesmo en tódolos casos, a frecuencia de mostraxe dependerá do tempo de sonicación. Os resultados recóllense na Táboa 224. Como pode observarse, é posible realizar ata 23 análises por hora.

**Táboa 224.** Frecuencia de mostraxe obtida coas diferentes metodoloxías propostas para cada tipo de mostra

<b>Tipo de mostra</b>	<b>Tempo de sonicación (min)</b>	<b>Frecuencia de mostraxe (mostras/h)</b>
<b>Moluscos e peixes</b>	2	16
<b>Vexetais</b>	1,5	19
<b>Carnes</b>	2	16
<b>Froitos secos</b>	1,5	19
<b>Legumes</b>	1,5	19
<b>Cereais e derivados</b>	2	16
<b>Queixos e derivados</b>	1	23

## 5.4 Cromo

### 5.4.1 Curvas de calibrado

Os calibrados directo e FIA e o axuste por Mínimos Cadrados dos mesmos móstranse na Táboa 225. Para realizar estes calibrados, empregáronse os patróns metálicos indicados na páxina 81.

**Táboa 225.** Calibrados directo e FIA para o cromo. Axuste dos mesmos mediante o método de Mínimos Cadrados.

CALIBRADO DIRECTO		CALIBRADO FIA	
[Cr] ( $\mu\text{g/mL}$ )	Absorbancia	[Cr] ( $\mu\text{g/mL}$ )	Absorbancia
0,0	0,000	0,000	0,000
1,0	0,026	0,020	0,008
2,0	0,052	0,040	0,016
3,5	0,090	0,060	0,024
5,0	0,130	0,075	0,029

Axuste por Mínimos Cadrados	Calibrado directo	Calibrado FIA
Ordenada na orixe (o)	$-2,5 \times 10^{-5}$	$1,9 \times 10^{-4}$
Pendente (m)	0,03	0,39
Coefficiente de correlación (r)	0,999	0,999

#### 5.4.2 Características analíticas das resinas de preconcentración

As características analíticas propias das resinas quelantes, a capacidade da resina e o factor de preconcentración, recóllense na Táboa 226.

**Táboa 226.** Características analíticas das resinas

Resina	Factor de preconcentración	Capacidade da resina ( $\mu\text{mol Cr/g resina}$ )
Chelite P	10,7	18,2
Serdolit Che	13,0	13,9

#### 5.4.3 Características analíticas das metodoloxías propostas

Calculáronse os límites de detección, cuantificación, sensibilidade para o 1 % de absorción e intervalo lineal tendo en conta a cantidade de mostra empregada e o volume de disolución extractante indicados nas diferentes metodoloxías propostas para a determinación do cromo nas mostras de alimentos obxecto de estudo. Os resultados obtidos recóllense na Táboa 227.

**Táboa 227.** Características analíticas das metodoloxías propostas para a determinación de cromo en cada tipo de mostra.

Mostra	Cantidade de mostra (g)	LOD	LOQ	Sensibilidade	Intervalo lineal
		( $\mu\text{g/g}$ )	( $\mu\text{g/g}$ )	( $\mu\text{g/g}$ )	( $\mu\text{g/g}$ )
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09
<b>Vexetais</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09
<b>Carnes</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09
<b>Froitos secos</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09
<b>Legumes</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	0,09	0,33	0,36	0,33-11,09

#### 5.4.4 Precisión

Estudouse a precisión do proceso global. Para iso, realizáronse 11 análises para cada tipo de mostra. Empregáronse as mesmas mostras e cantidades que durante a optimización (Táboa 160, páxina 257). Calculouse a desviación estándar e o coeficiente de variación (Táboa 228).

**Táboa 228.** Estudio da precisión das metodoloxías propostas para a determinación do cromo nos diferentes tipos de mostras de alimentos

Mostra	Cantidade de mostra	Coefficiente de variación
	(g)	(%)
<b>Moluscos e peixes</b>	0,0600	2,7
<b>Vexetais</b>	0,0600	2,0
<b>Carnes</b>	0,0600	2,2
<b>Froitos secos</b>	0,0600	2,0
<b>Legumes</b>	0,0600	3,1
<b>Cereais e derivados</b>	0,0600	3,5
<b>Queixos e derivados</b>	0,0600	3,4

### **5.4.5 Exactitude**

A avaliación da exactitude das metodoloxías propostas levouse a cabo realizando dous tipos de estudos:

- Recuperación das metodoloxías propostas
- Análise de materiais de referencia

#### **5.4.5.1 Recuperación das metodoloxías propostas**

Para realizar este estudio analizouse unha mostra de cada tipo de matriz (as mesmas mostras e cantidade empregadas durante a optimización). As análises realizáronse por duplicado, empregando unha disolución extractante contendo diferentes concentracións de cromo en cada caso. Unha vez obtidos os datos experimentais calculouse o % Recuperación en cada caso (páxina 322).


